



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 34

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 8 de outubro de 2002

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día.)

Intervención do presidente da Xunta: Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne, que expón a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia nos seguintes temas:

Unha contribución galega ó debate global. (Páx. 2389.)

Economía e xestión na era dixital. (Páx. 2391.)

A Europa unida dos pobos e as culturas. (Páx. 2393.)

Fronte á mundialización, unha Europa de base rexional. (Páx. 2394.)

Por un espacio europeo para as identidades e as diversidades. (Páx. 2394.)

Mayor integración das rexións e das nacionalidades no ámbito europeo. (Páx. 2395.)

Galeguismo popular, autoidentificación do noso pobo. (Páx. 2398.)

Unha lingua propia, unha identidade. (Páx. 2399.)

Vixencia do Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 2400.)

Seguir avanzando no autogoberno. (Páx. 2401.)

Resultados dunha etapa de diálogo institucional. (Páx. 2402.)

Políticas activas de emprego. (Páx. 2403.)

Estabilidade. (Páx. 2403.)

Colectivos con dificultades. (Páx. 2404.)

Emprego xuvenil. Programa Labora. (Páx. 2404.)

Incremento das políticas sociais. (Páx. 2404.)

Persoas con discapacidade. (Páx. 2404.)

Inclusión social. (Páx. 2405.)

Voluntariado social. (Páx. 2405.)

Familia e sociedade. (Páx. 2405.)

Plan integral de apoio á familia 2002-2005. (Páx. 2405.)

Medidas fiscais: novidades. (Páx. 2405.)

Familias numerosas: carné familiar. (Páx. 2405.)

Políticas de igualdade. (Páx. 2406.)

Conciliación da vida familiar e laboral. (Páx. 2406.)

Violencia de xénero. (Páx. 2406.)

Anteproxecto da Lei galega para a igualdade de mulleres e homes. (Páx. 2406.)

A Xuventude é o presente e o futuro. (Páx. 2406.)

Informe da xuventude galega 2002. (Páx. 2406.)

Anteproxecto da Lei galega de xuventude. (Páx. 2406.)

Acción integradora na Galicia emigrada. (Páx. 2406.)

A Mesa da Emigración e a Fundación Galicia-Emigración. (Páx. 2407.)

Política de retorno. (Páx. 2407.)

Obras Públicas e Política Territorial. (Páx. 2407.)

Investimentos ferroviarios. (Páx. 2407.)

Vivenda e solo residencial. (Páx. 2408.)

Solo empresarial. (Páx. 2408.)

Medidas urbanísticas. (Páx. 2408.)

A planificación urbanística. (Páx. 2409.)

Desenvolvemento industrial. (Páx. 2409.)

Modernización do sistema gasístico. Reganosa. (Páx. 2409.)

Modernización do sistema eléctrico. (Páx. 2410.)

Potenciación das enerxías renovables. (Páx. 2410.)

A política industrial. (Páx. 2410.)

Modernización do comercio. (Páx. 2411.)

Plan estratéxico de protección ó consumidor en Galicia 2002/2005. (Páx. 2411.)

Unha educación de calidade. (Páx. 2411.)

Universidades. (Páx. 2412.)

A industria da cultura e do ocio na sociedade da información e do coñecemento. (Páx. 2412.)

Os eixes da modernización. (Páx. 2413.)

Proceso de preparación do Xacobeo 2004. (Páx. 2413.)

Avance da Cidade da Cultura de Galicia. (Páx. 2413.)

Novos proxectos de promoción cultural. (Páx. 2414.)

A sociedade da información e do coñecemento. (Páx. 2414.)

Maior presenza do sector audiovisual. (Páx. 2414.)

Incorporación da cultura galega a internet. (Páx. 2414.)

Substitución da telefonía rural TRAC. (Páx. 2414.)

Maior competitividade no mercado turístico. (Páx. 2414.)

Protección da saúde. (Páx. 2415.)

Constitución da Fundación Galicia-Saúde. (Páx. 2415.)

Servicio Galego de Saúde. (Páx. 2415.)

Reforma da atención primaria. (Páx. 2415.)

Importantes melloras na atención especializada. (Páx. 2415.)

Potenciación da rede hospitalaria. (Páx. 2416.)

Plan de Galicia sobre drogas. (Páx. 2416.)

Unha política medioambiental de desenvolvemento sostible. (Páx. 2416.)

Política agroalimentaria. (Páx. 2416.)

Infraestructuras agrícolas e rurais. (Páx. 2416.)

O sector lácteo. (Páx. 2416.)

Novos obxectivos para a gandería. (Páx. 2416.)

A agricultura e o sector agroalimentario. (Páx. 2417.)

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. (Páx. 2417.)

Actividade productiva pesqueira. (Páx. 2417.)

Modernización e apoio á Administración de Xustiza. (Páx. 2418.)

Mayor prevención de riscos laborais. (Páx. 2418.)

Relacións coa Administración local. (Páx. 2418.)

Desenvolvemento do plan e pacto local. (Páx. 2418.)

Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. (Páx. 2418.)

O señor presidente anuncia que a sesión se reiniciará ás cinco da tarde coa rolda de intervencións dos grupos parlamentarios, e suspende a sesión.

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Pérez Touriño (S) (Páx. 2420.), Sr. Beiras Torrado (BNG) (Páx. 2428.) e Sr. Pita Varela (P). (Páx. 2439.)

Suspéndese a sesión ás sete e dez minutos da tarde e reiníciase ás sete e trinta minutos.

Resposta do presidente da Xunta: Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. (Páx. 2444.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Pérez Touriño (S). (Páx. 2448.)

Contrarréplica do presidente da Xunta: Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. (Páx. 2450.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios (continuación): Sr. Beiras Torrado (BNG). (Páx. 2450.)

Contrarréplica do señor presidente da Xunta: Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. (Páx. 2453.)

O señor presidente comunica o prazo de presentación das propostas de resolución subseguintes ó debate, que será ata mañá, ás doce do mediodía, e suspende a sesión. (Páx. 2453.)

Suspéndese a sesión ás oito e trinta minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta acompañado de tódolos conselleiros.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Ábrese a sesión.

Esta sesión ten un punto único, que é o debate de política xeral.

Debate de política xeral: informe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para expoñer-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución

O señor PRESIDENTE: Para substanciar este punto intervéñen o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, sempre un debate sobre o estado da nosa Galicia, da súa autonomía e do seu autogoberno, é para todos nós, lexítimos representantes do pobo galego, un debate da máxima importancia.

Polo tanto, comparezo hoxe perante as súas señorías, a petición propia e en función do disposto na Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente e no Regulamento desta Cámara, para dar conta das actuacións da Xunta de Galicia dende o 15 de decembro de 2001, data da miña cuarta toma de posesión como presidente do Goberno galego.

Exporei aquí, resumidamente, a acción do meu Goberno nos últimos dez meses e informarei, así mesmo, a todos vostedes sobre os grandes proxectos xa en marcha, que configurarán basicamente o marco de desenvolvemento político, económico, social e cultural de Galicia no primeiro decenio do século XXI.

Para facilitárlle-los obxectivos anteriores dispuxen un método de traballo no cal este discurso non é máis ca unha

parte; o outro material vano ter vostedes, ó final da miña intervención, nos grupos parlamentarios, e está constituído polo tomo de rendición de contas e por outras quince separatas sectoriais sobre temas de especial interese, nas que se expoñen máis prolixamente as accións realizadas e as perspectivas de futuro do Goberno da Xunta.

Apuntaba eu no pasado debate de investidura, perante este mesmo Parlamento, que Galicia iniciaba unha nova etapa de consolidación e de avance transformador, de continuidade renovadora e coa ollada posta no inmediato futuro, no 2010. Pero esta realidade débese ós profundos cambios experimentados ó longo de tres lexislaturas ininterrompidas de goberno galeguista e popular.

Falo, señoras e señores deputados, do proxecto de goberno do Partido Popular de Galicia, deseñado no ano 1989, posto en marcha o 5 de febreiro de 1990 e adaptado en cada unha das citas electorais nas que o Partido Popular de Galicia recibiu o voto maioritario do electorado galego. Van alá doce anos e medio de apoio e de confianza do noso pobo, pero quero recordar que non foi dado sobre un programa sinxelo ou resumido senón sobre libros brancos de importancia e que hoxe poden servir de testemuño do que se propuxo e do que se realizou.

O noso mellor agradecemento é poderlle ofrecer a tódolos galegos o traballo realizado e a dedicación plena nun tempo caracterizado polo desenvolvemento ascendente. Devolverlles, sobre todo ós máis novos, unha comunidade histórica dinámica e conectada co mundo, fronte a unha Galicia antes frecuentemente representada de negro e laiándose da súa inxusta marxinação.

A sociedade galega foise reafirmando no seu conxunto, e con lexítimo orgullo, nos sinais marcados pola propia identidade, nos fondos alicerces da personalidade deste país, naquilo que constitúe o verdadeiramente cerne substantivo de Galicia, o que Vicente Risco denominaba “patrimonio tradicional”. É dicir, o patrimonio dun pobo con alma propia, cunha lingua e cunha cultura milenarias, cunha historia e cun futuro; un pobo e unha cultura non só capaces de sobrevivir senón de crear e de manter espazos de seu na actual encrucillada globalizadora.

I. Unha contribución galega ó debate global

Diciá Alain Touraine que a globalización é “a adaptación a unha economía mundial aberta”. Un eido difícil no que haberá que conxugar con sabedoría o mercado, que é o que asigna con eficiencia pero distribúe con problemas, con equidade; é dicir, con solidariedade intelixente e comprometida.

A globalización vista como un ámbito para enfrontarse correctamente ós novos retos e tamén como condición necesaria para intentar resolvelos. Novos retos chamados a enlousar este proceso sempre aberto e inacabado que é a Historia –así, con maiúsculas–, un proceso que demanda superar –o que Hegel chamaba *Aufhebung*– calquera xustillo imposto polas ideoloxías pechadas, esas que o explican todo, abríndolle en cambio as fiestras ó aire renovador da democracia e da liberdade.

Sabido é que a economía resulta ser sempre unha disciplina moi próxima ós cidadáns e ós acontecementos políticos e sociais; a economía nos seus ciclos, nas súas estruturas, ten un reflexo na vida cotiá das persoas. De aí que a responsabilidade sobre a traxectoria na que discorra a economía dun determinado espazo xeográfico non é cuestión exclusiva da Administración ou do Goberno senón algo compartido por tódolos axentes económicos e sociais.

Ós galegos, como españois e como europeos, tocounos vivir, na transición de finais do século XX ó XXI, unha época de profundos cambios nas relacións económicas, na configuración dos modelos de crecemento e desenvolvemento. O máis incisivo de todos estes avatares foi ese fenómeno da globalización, unha realidade que posibilita a liberación do comercio ou os fluxos financeiros, pero que tamén presenta graves riscos; o maior deles, a pervivencia das situacións de miseria e subdesenvolvemento de moitos países que non poden acceder ós niveis de benestar occidental.

Calquera observador imparcial pode percibir que a Galicia de hoxe, aínda que mantén a súa faciana agraria e pesqueira, deu un xiro radical na modernización do sistema productivo, de tal xeito que a riqueza xerada pola nosa economía bascula na industria e no sector servizos, como corresponde a unha sociedade desenvolvida. É unha Galicia que nos últimos anos creou emprego neto e de calidade; unha Galicia mellor comunicada, máis accesible ó turismo, con gran dinamismo do seu comercio exterior, plenamente integrada no Estado das autonomías e na Europa unida,

aberta ó mundo e cunha morea de grandes empresas de prestixio internacional que actúan como motores dos respectivos sectores do país.

A ningún lle escapa, por outra banda, que a actual conxuntura económica internacional presenta incertezas e que, dende xullo, a lenta evolución á alza que experimentaban as economías dos países máis desenvolvidos dende finais de 2001 semella ter entrado nunha fase de deterioración. As tensións derivadas dun posible conflito bélico en Oriente Próximo, o repunte dos prezos do cru, e mesmo o clima de desánimo producido polos escándalos financeiros detectados nos Estados Unidos e noutras partes, que influíron sensiblemente sobre os mercados de valores das principais economías, están na base desta crise de confianza.

Galicia, como é obvio, non permanece allea a estas realidades. Certamente estamos a experimentar unha ralentización da actividade e unha menor creación de emprego, pero tamén é verdade que a boa saúde da nosa economía nos últimos tempos nos permitiu sortear certas dificultades e mantelas nosas diferencias de crecemento con Europa, o que nos serviu para avanzar na converxencia.

A evolución dos últimos anos amosa, ó meu xuízo, que o chamado “círculo virtuoso” foi a variante alta dun ciclo de crecemento que presenta agora perfís máis borrosos pero continuados. Todos deberíamos tira-las oportunas consecuencias desta recente evolución económica mundial. O indubidable proceso de globalización, as modificacións introducidas nas estruturas laborais, a íntima vinculación entre investigación e desenvolvemento empresarial, os esforzos das empresas por mellora-la súa competitividade, as prácticas conexas coa sociedade da información ou os problemas do desenvolvemento en amplas zonas do mundo, coas súas compoñentes de pobreza, constitúen novos eixos nos que encaixar dun xeito acertado o papel do sector público e das administracións na praxe económica.

Nalgunha ocasión dixen que a mellor maneira de afrontar os retos da mundialización da economía é a rexionalización da globalización. Penso, ademais, que é estéril marcar un falso dilema entre “vella” e “nova” economía. Trátase de pór en marcha unha política económica moderna que, sen dimitir das vantaxes dos novos procedementos, sexa capaz de extrae-las potencialidades dos antigos instrumentos.

Neste esquema, o Goberno galego entende que o sector público, a Administración pública, debe e ten que seguir xogando un importante rol na actividade económica. É obvio que ese papel non pasa polos vieiros dun intervencionismo caduco, senón por desenvolver unha tarefa de impulso da actividade, de creación das condicións axeitadas para que a iniciativa privada, os emprendedores, poidan facer aquilo que lles corresponde por dereito propio.

Ningún dubida de que na tradición europea, da cal nós non abdicamos, as políticas de solidariedade e de cohesión social competen ó sector público de maneira fundamental. De aí que na nosa concepción dunha administración pública moderna ocupen o mesmo rango de importancia a protección social e o apoio ós sectores productivos, equilibrio entre investimentos reais e benestar social. Esta actitude, señoras e señores deputados, exprésase ano a ano nas políticas orzamentarias, e así vai seguir sendo, pois témo-la intención de manter un crecemento dos gastos correntes non sociais por debaixo do crecemento do propio orzamento, para que os gastos de contido social e os investimentos teñan taxas de incremento superiores.

1. Economía e xestión na era dixital

Galicia pode gabarse de experimentar nos últimos tempos un bo comportamento económico. Coido que a vella apreciación sobre a traxectoria da nosa economía, aquela que falaba de que o noso PIB evolucionaba por debaixo do PIB do conxunto de España nos tempos de bonanza e que mantiña un comportamento menos malo nos tempos de crise, está hoxe desbotada.

A nosa economía amosa unha traxectoria completamente paralela á española, influídas ámbalas dúas, como é lóxico, polos ciclos económicos. Xa non medramos menos có conxunto de España; crecemos a taxas semellantes ás que experimenta o conxunto do Estado. Os datos falan por si mesmos: a nosa economía experimentou un comportamento moi positivo no período 1995-1999, acadando unha taxa de crecemento do 30% ó final deste, fronte ó 29,2% do conxunto español, oito décimas por enriba; diferencial que sería máis positivo -2,65 puntos- se tivesemos en conta o ano 2001 na comparación.

Na década dos pasados anos noventa, o noso PIB, activa- do polo pulo das exportacións e polo turismo dende o lado

da demanda, e cun forte incremento da produtividade do traballo dende a vertente da oferta, mantivo taxas de crecemento certamente positivas, cunha media anual do 2,7%, o que contrasta certamente cos antigos comportamentos de hai máis de quince anos.

Este importante esforzo de converxencia non foi resultado do azar. O proceso de modernización da nosa estrutura productiva foi parello á posta en marcha dunha política económica por parte da Xunta de Galicia. Hoxe temos un tecido productivo terciarizado e unha industria que recuperou os niveis anteriores á crise dos oitenta. Trátase dun proceso de modernización similar ó acontecido na economía española, aínda que cunhas peculiaridades que merecen uns apuntamentos.

Semella evidente que o noso sector primario, incluíndo a pesca, pode e debe ter uns perfís diferentes ós do resto de España. As nosas especializacións productivas aconsellan que a dimensión deste sector debe ser superior á estatal e esixen unha actuación decidida para impulsa-lo seu relanzamento na contribución ó PIB rexional. A esa estratexia de reforzamento do sector primario referireime máis adiante.

Non podemos esquecer, por outra banda, que o mercado de traballo evolucionou dun xeito favorable nos últimos anos. O incremento do emprego a partir, basicamente, do ano 1997, nas ramas de actividade non primarias, en especial na industria e nos servizos, compensou con creces o des-emprego ou a perda de postos de traballo no sector agrario. En 2001, por exemplo, creáronse 27.000 novos empregos e no exercicio de 2000 foron 45.000, a cifra máis alta dende a existencia do rexistro da EPA. A nosa economía, señorías, crea emprego neto dende 1997, e dende esa data, e ata finais de 2001, xeráronse 122.920 novos postos de traballo, cunha media diaria de 67 novos empregos.

O cambio na estrutura productiva e a boa marcha do emprego non son os únicos datos da modernización da economía galega. Todos somos conscientes de que as empresas galegas están a realizar importantes esforzos para gañar competitividade nos mercados nacionais e internacionais. E, se ben é certo que é preciso seguir na mesma liña e apostar pola elaboración de produtos co máximo valor engadido posible, tamén é verdade que as nosas empresas incrementaron considerablemente as cifras do noso comercio interna-

cional e que o saldo da nosa balanza comercial rexistrou unha notable –mesmo diría extraordinaria– mellora.

As exportacións galegas veñen mantendo, nos últimos cinco anos, incrementos moi superiores á media española. O ano pasado, as empresas galegas venderon nos mercados internacionais produtos por un importe de 9.271 millóns de euros, cun crecemento que triplicou o estatal. As importacións ascenderon a 9.373 millóns, co que a taxa de cobertura da nosa balanza exterior se situou case no 99%, rozando o equilibrio comercial.

Pois ben, malia o actual panorama internacional, as nosas empresas seguiron crecendo neste contexto, e todo parece indicar que por primeira vez pecharémo-lo ano con superávit, gracias –repito– ós esforzos da nosa industria a prol da competitividade nos mercados máis esixentes. No primeiro semestre deste ano, a taxa de cobertura situouse xa no 110%, e o saldo foi positivo en 428 millóns de euros a favor de Galicia. As exportacións cifráronse –repito– en 4.823 millóns e as importacións en 4.395 millóns.

Hai outros indicadores económicos que nos dan idea da modernización experimentada por Galicia e que nos indican que a nosa comunidade ten trazos obxectivos e razoables de competitividade. Así, os procesos de concentración parcelaria, a dotación de polígonos industriais, a indubidable mellora no acceso ás enerxías alternativas –gas natural ou enerxía eólica– e mailos instrumentos de promoción económica postos en marcha dende o Igape ou mesmo as facilidades para o acceso ó crédito e a implementación das novas ferramentas, como os fondos de capital risco ou os préstamos participativos, son outros tantos reflexos do empeño do Goberno da Xunta por promover a actividade económica.

Señor presidente, señoras e señores deputados, con ser moi bos os datos anteriores e con amosar unha tendencia certamente positiva, o Goberno da Xunta considera, por suposto, que aínda cómpre avanzar máis na política económica mantida nos últimos anos. Debemos de continuar na dirección antes apuntada: outorgando un renovado papel ó sector público na definición das estratexias de política económica co fin de avanzar nunha serie de obxectivos plenamente asumidos pola cidadanía galega. É dicir, cómpre incrementa-la converxencia, crear emprego estable e de calidade, avanzar nas nosas cotas de benestar social e introdu-

cirmonos a fondo no universo das novas tecnoloxías e na sociedade da información. Neste senso, e logo da entrada en vigor do orzamento anual de 2002, o Executivo que me honro en presidir aposta na súa política presupostaria por priorizar obxectivos, de xeito que os recursos públicos vaian dirixidos a aquelas actuacións capaces de xerar maiores cotas de valor engadido e de emprego. Nesta estratexia, que se presentará neste Parlamento, establécese como imprescindible un marco de colaboración entre a iniciativa pública e o sector privado que abre interesantes e amplas expectativas no financiamento de determinados proxectos.

Nós pensamos que un esforzo compartido para incrementa-lo noso stock de capital actuante en Galicia é condición imprescindible para seguir avanzando na converxencia e na modernización. Constitúe unha evidencia o feito de que o incremento do stock de capital en 60 millóns de euros supón un incremento do PIB nunha décima, razón de peso para apostar por esta vía de posible financiamento compartido en obras de infraestrutura.

Non se trata, señoras e señores deputados, de restarlles créditos ás partidas adicadas a investimentos reais; moi pola contra, trátase de pór en marcha este mecanismo ademais das consignacións orzamentarias a disposición dos distintos departamentos. Non restamos nada, sumamos; non se reduce nada, incrementase o volume financeiro a disposición do conxunto social. A importancia de optar por esta fórmula mixta para financiar infraestruturas visualízase no feito de que se trata dunha opción que complementa o que poderíamos chamar “normal xestión orzamentaria”. Non podemos esquecer, señorías, que a Xunta ten capacidade de seu para afrontar gastos de investimento, gastos de capital. A nosa saúde financeira en materia de xestión orzamentaria posibilita xa abordarmos con recursos propios unha alta porcentaxe dos gastos de capital. O noso aforro presupostario, que medrou un 12,6% neste exercicio de 2002, financia agora o 56,56% dos gastos adicados ó investimento.

Este traballo non é só unha promesa; é unha realidade que xa está analizando posibles proxectos susceptibles de ter financiamento mixto e que xa ten concreción, por exemplo, na decisión de aborda-la construción da autoestrada Castro Dozón-Ourense. É o mesmo caso que o grupo de traballo constituído para examina-las potencialidades do noso subsector agrario, as posibilidades de incrementa-lo valor dunha

serie de produccions cunha dobre vertente: por unha banda, rendibilizar terras que na actualidade están ociosas, cecais por unha atención preferente ás actividades gandeiras; e, por outra, crear condicións que axuden a fixar poboación en amplas zonas rurais de Galicia.

Nós estamos convencidos de que, no actual esquema que amosa a nosa estrutura productiva, o subsector agrario ten un amplo camiño por percorrer na procura dunha meirande contribución ó PIB. Se desexamos ter un subsector agrario axeitadamente dimensionado, cunha dimensión que non ten por que se-la correspondente ó conxunto do Estado, hai que buscar fórmulas que nos permitan incrementa-la súa rendibilidade. As nosas tradicionais especializacións productivas no sector primario non son obstáculo para analizar vías alternativas en produccions agrarias que poñan en valor terras desaproveitadas con cultivos de futuro nos mercados. A este labor, que esixe profundos estudos, estamos adicando grandes esforzos, porque pensamos que a nosa agricultura pode –e debe– incrementar dun xeito gradual a súa contribución á xeración de riqueza na nosa comunidade.

Señor presidente, señorías, todo este cúmulo de traballos e de esforzos buscan unha meta moi sinxela: facer que se acelere o noso ritmo de converxencia con España e con Europa, de xeito que no horizonte do 2010 o PIB per cápita de Galicia acade o 90% do PIB español e o 80% do PIB por habitante da Unión Europea. Os treitos percorridos ata agora non foron malos: coas nosas políticas económicas conseguíuse que no período 1990-1998 o noso PIB per cápita pasase do 57,3% da media da Unión Europea –entón de quince membros– ó 64,2%; relación que no tocante a España se situou no 79,5% do PIB por habitante español en 1999 e no 96,7% no total das rexións obxectivo 1 da Unión Europea.

Sabido é que a converxencia non é froito dun día. É un obxectivo a medio prazo, no que pode haber momentos puntuais de maior ou menor dinamismo. De aí que, como consecuencia da nova situación creada nos últimos meses, poida haber unha revisión puntual das estimacións de crecemento e incremento do emprego, sen que iso afecte ó noso obxectivo global de seguir a medrar por enriba dos índices europeos e españois, recortando etapas na carreira de fondo da converxencia real.

II. A Europa unida dos pobos e das culturas

Antes de abordar este capítulo, permítome lembrarllles, señoras e señores deputados, que a miña firme convicción rexionalista non é algo que veña, nin moito menos, de onte á noite. Modestamente, sen ánimo de protagonismo, sen preterir dar leccións e escoitando a todo o mundo, creo que debo citar aquí o meu libro *Sociedad, Región, Europa*, aparecido en 1974, no que eu reflexionaba, xa daquela, arredor dos retos e das dificultades que a rexionalización europea podería presentar no futuro. Agora, vinte e oito anos despois de escritos aqueles textos, resulta que os problemas que se presentan, de representatividade das rexións na Europa Unida, na Europa do euro, son máis ou menos os que eu daquela apuntaba –repito, 1974–.

Tamén é verdade que os galegos xa estabamos inmersos na mundialización moito antes de que se difundira este barbarismo que para algúns semella ser ata a palabra descubridora do proceso. Velaí como varios milleiros dos nosos antergos acudiron á chamada de moitas repúblicas latinoamericanas para poboalas novas terras xa no século XIX, ou cómo explica-la nosa relación comercial co Reino Unido victoriano, ou a expansión da nosa flota pesqueira en augas daquela libres, xa que aínda non coñecían a *vis* expansiva dos estados ribeireños desatada no derradeiro tercio do século XX.

Tanto por esa tradición, que mesmo pode entroncar cos fondos vencellos que abriron dende a Idade Media os camiños de Santiago e as peregrinacións xacobeas, como pola nosa irreversible participación na empresa europea, somos unha sociedade aberta, permeable e receptiva fronte ás correntes internacionais, sexa no eido mercantil, sexa no cultural ou no social.

Repito unha vez máis, Galicia non pode nin debe pecharse. Dende que teño a honra de ser presidente da Xunta veño mantendo o criterio de que a nosa Comunidade Autónoma debe mante-la súa ollada alén dos nosos lindes e fronteiras para garantir, por paradoxal que resulte, a prolongación da nosa estirpe, da nosa cultura, da nosa lingua, das nosas tradicións.

Unha vez dito isto, e coa distancia necesaria, penso que esta política vén sendo abondo positiva para Galicia. E aínda que sabemos que houbo decisións moi criticadas no seu día, como a miña aposta polo diálogo para asegurar unha transi-

ción pacífica e democrática en Cuba, ou os contactos con Libia ou Irán, resultan hoxe tan evidentes que ata moitos dos que antano nos criticaban desenvolven agora alí programas análogos. Para min, con total e absoluta responsabilidade –e permitanme que nisto personalice a miña posición, pois son fillo dunha familia numerosa de orixe emigrante; meus pais coñecéronse en Cuba, alí naceron dous dos meus irmáns, e eu mesmo vivín nunha facenda de azucre chamada Manatí uns poucos anos–, o benestar dos anciáns galegos que alí residen, e o dos seus descendentes, estaba –e segue a estar– por riba de calquera outra posible consideración ideolóxica, política ou persoal. Outro tanto digo para os nosos paisanos establecidos en calquera país con dificultades económicas e sociais.

Hai escasos meses tiven a oportunidade de defender, diante do presidente do distrito da Reserva Federal de Nova York, xunto con outros responsables políticos latinoamericanos, a necesidade de manterlle o creto ós países do Mercosur.

Se pensamos no volume de emigrantes galegos e de descendentes de primeira, segunda ou terceira xeración que hai naquelas terras do Plata, calquera poderá comprender perfectamente que a estabilidade dos sistemas financeiro e cambiario daquelas nacións non sexa –como non é– un feito irrelevante para nós.

1. Fronte á mundialización, unha Europa de base rexional

Como xa lles anticipei ás súas señorías, son dos que cren que a mundialización, en tódalas súas manifestacións, non exclusivamente na económica, coma calquera outra obra humana, posúe luces e sombras, rosas e espiñas. Polo tanto, cómpre aproveitar todo aquilo que favoreza e combata-lo que provoque miseria e marxinação social. Temos, así, que unha boa parte do froito do traballo e do aforro dos galegos, gracias a empresarios emprendedores, está hoxe presente no planeta; por exemplo, en modernas industrias para tratar produtos do mar asentadas en Namibia, Arxentina, Costa Rica ou Cuba, ou que o noso sector téxtil sexa punteiro, mediante diversas fórmulas comerciais, nas principais cidades do mundo, ou que algunhas industrias mecánicas galegas estean instaladas xa no sur do Brasil... Ó mesmo tempo, agradecemos que unha gran firma do sector do automóbil europeo invista maiormente na nosa terra, ou que o capital alxeriano se sumase á planta de regasificación de Ferrol, ou que os

nosos estaleiros reciban encargos civís e militares de armadores e de estados alleos. Polo tanto, está claro que non podemos desbotar xenericamente o proceso globalizador, ou como se lle chame, só aducindo posturas maximalistas.

Nada que proveña do exterior e que incida en Galicia pode ser, señoras e señores deputados, para nós indiferente. E dado que como europeos e españois participamos da sorte dunha Unión caracterizada por ser extremadamente porosa e internacional e por posuír un mercado interior no que as fronteiras xa non existen máis que como referentes administrativos, temos que ser conscientes de que calquera alternativa contraria a esta realidade estará abocada ó fracaso. É por iso, e non por xogar a relacións internacionais dende un goberno autónomo –pois nós respectámo-la Constitución–, que a Xunta vén desenvolvendo unha acción exterior programada e congruente, dentro dos termos aceptados polo Tribunal Constitucional na que tódolos documentos de previsión económica, tanto xeral como sectoriais, e de actuación nas áreas sociais con proxección ou influencia de factores esóxenos, teñen en conta o límite establecido polas variables foráneas.

A sistematización que supuxo a elaboración dun primeiro programa de acción exterior –que, por certo, culmina neste ano– terá continuidade dende o ano 2003 cunha nova programación que aspira a ser desenvolvida ata o 2006. Nela, tódolos departamentos da Xunta están directa ou indirectamente implicados, e o programa, que iniciará a súa aplicación no próximo xaneiro, reforzará, sen dúbida, a nosa capacidade de previsión e de resposta ós acontecementos externos que inciden na nosa realidade económica e socio-cultural.

2. Por un espazo europeo para as identidades e as diversidades

Non podemos esperar ós próximos anos, señoras e señores deputados, senón que nos próximos meses se revelarán algúns aspectos fundamentais para os intereses de Galicia. Dunha banda, a desaceleración da economía internacional, contraída en maior medida logo dos luctuosos acontecementos do 11 de setembro de 2001 –mais non só por iso– e a recesión das economías dos países latinoamericanos, especialmente os do Plata, ós que nos sentimos especialmente vencellados por motivos fundamente familiares, impiden

efectuar previsións con data fixa sobre a nosa expansión neses mercados.

Por outro lado, a reforma permanente do escenario europeo por mor do proceso constituínte en marcha –é moi importante recorda-la convención, que está funcionando e avanzando no seu traballo– das negociacións de adhesión de novos estados á Unión –que, sen dúbida, influirá tanto na revisión de certas políticas como no *modus operandi* das institucións e órganos comunitarios, pero que debemos apoiar igual que temos que censurar dificultades que a nós nos puxeron algún día, algúns por egoísmo– e a preparación dos debates que deben perfila-las novas perspectivas financeiras plurianuais da Comunidade Europea, son causas que esixirán non só seguírle o paso ós acontecementos senón adaptámonos a un medio que vai mudando pouco a pouco.

Á vista desta análise e da nosa posición xeográfica en España, en Europa e no mundo, seguimos apostando por considerar a Portugal, en concreto á súa Rexión Norte, o noso primeiro aliado estratéxico –por algo son máis ca amigos: irmáns–. Transcorrida unha década dende a constitución da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, organismo que representa para nós un fito, mesmo no cambio de clima nas relacións bilaterais, pódese afirmar con orgullo que entre portugueses e galegos edificamos unha xenuína e institucionalizada comunidade de intereses e de traballo que vai máis aló da participación en iniciativas europeas ou da implementación coordinada de distintos aspectos do acervo comunitario.

Quero facer fincapé, señorías, en que a ordenada sistematización da nosa relación con Portugal –especialmente o seu norte– é un exemplo de cómo debe ser –penso eu– entendida a acción exterior. A adhesión das cidades que integran o Eixo Atlántico, rexidas tanto no norte de Portugal como na Comunidade Autónoma por un amplo abano de opcións políticas, lexitimamente competidoras e diverxentes en múltiples eidos –que tamén se fixo presentar estes días en Bruxelas–, demostra que as boas empresas con proxección externa deben asenta-los seus alicerces no máis amplo e fondo consenso entre as forzas políticas.

Aínda máis, a participación de organizacións sociais, como a dos sindicatos lusos e galegos que propiciaron a sinatura do Protocolo de Cooperación entre a Comunidade

de Traballo e o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, referenda as vantaxes que supón para tódolos participantes a extensión da dinámica de consenso político á esfera cívica e social. Igualmente, hai que salienta-la boa disposición dos gobernos portugués e español ó nos brinda-la posibilidade de intervir no proceso negociador do futuro Tratado de Cooperación Bilateral –xa neste momento asinado e próxima a súa ratificación–, para empregar de seguido tódolos instrumentos de xestión mancomunada de servizos públicos nel previstos.

3. Maior integración das rexións e das nacionalidades no ámbito europeo

Debemos cobrar, pois, señoras e señores deputados, a plena consciencia de que as comunidades, os estados federados, as rexións, as nacionalidades e outras entidades políticas de base territorial competimos arreo en moitos ámbitos, polo que as divisións internas adoitan só ser benvidas polas restantes que esperan ver medra-lo seu éxito e mailo volume dos seus retornos económicos ou a súa influencia política a custa da minoración das oportunidades alleas. Non, ese non é o camiño.

Dende hai un tempo véñse debatendo a posibilidade de que Galicia gañe un superior protagonismo no deseño das políticas comúns e non só na súa implementación operativa. Isto supón que a nosa avaliación dos asuntos que integren a axenda europea nas materias nas que posuimos competencias substantivas e maila capacidade para lanzar propostas que poidan ser debatidas nas institucións e órganos comunitarios sexan efectivas.

Sabémo-los temores dos que postulan a intanxibilidade do esquema de funcionamento actual e as ansias dos que pensan que nas negociacións dos expedientes comunitarios nunca hai algo que ceder para pecha-los acordos. Pero tal comprensión non quere dicir que compartamos eses posicionamentos. A vida, máxime a vida política, non se entende sen o cambio, do mesmo xeito que non hai negociación sen transacción, maiormente cando estamos inmersos nun proxecto irreversible e de debates concatenados en múltiples temas.

Neste marco cooperativo, pero tamén intensamente competitivo en moitas ordes, os resultados son a medida do

éxito. Polo tanto, non cabe pensar nunha eficacia negociadora sen unha forza e sen as ferramentas idóneas que a apoién. Neste asunto, señoras e señores deputados, que para nós resulta crucial co fin de formular unha proposta galega responsable, definitiva e completa, válida para tódalas administracións implicadas, atopámonos con serios atrancos que, contra o que puidera parecer, non proceden exclusiva e nin sequera fundamentalmente das reticencias da Administración Xeral do Estado senón da propia complexidade dos temas e da radical transformación que están experimentando dun xeito acelerado.

Un exemplo gráfico, que calquera pode contrastar, é como o Consello Europeo celebrado en Sevilla os pasados 21 e 22 de xuño ordenou ó Consello para que denantes do 31 de xullo modificase o seu regulamento interno, preparándose na perspectiva da ampliación na rodaxe dun funcionamento compatible co medre do seu número de integrantes. E así se fixo mediante unha decisión do 22 de xullo, publicada no *Diario Oficial das Comunidades Europeas* o 28 de agosto pasado. Pois ben, atopámonos cun novo escenario de análise: suprimíronse formacións específicas do Consello, que trataban de asuntos que, en parte, podían atinxir a competencias estatutarias de diversas comunidades autónomas, refundíndose noutras máis heteroxéneas. Velaí que agora os expedientes de agricultura e pesca se examinarán nun único consello, igual cós de emprego, política social, sanidade e consumo, ou os de mercado interior, industria e investigación. A isto debe engadírselle que a Presidencia de cada consello pode permitirse esperar só catorce días antes do comezo da sesión para fixar e envía-la orde do día provisional.

Señorías, sen caer nun casuismo impropio dun debate como o que agora nos reúne, máis residenciable nun comité de técnicos e xuristas especializados, debemos reparar en que o desexable obxectivo de incrementa-la participación da Comunidade Autónoma de Galicia no deseño das políticas da Unión Europea que inciden nas súas competencias estatutarias esixe necesariamente ter en conta os seguintes aspectos:

Primeiro. As institucións e órganos da Comunidade Europea ás que nos estamos a referir só recoñecen lexitimación para intervir nos seus traballos ós estados membros, con independencia de quen os represente. Quere dicirse que ningún estado federado, rexión, nacionalidade ou comunida-

de autónoma pode intervir en nome propio, senón, como moito, en inequívoca representación do Estado membro ó que pertenza, en nome do que debate, vota e asume obrigas fronte á comunidade e ós restantes estados. Esta é a regra para tódolos que están xa alí.

Segundo. Nas ordes do día das formacións agora ampliadas do Consello e dos órganos a el adscritos, usualmente hai asuntos que poden non ter ningunha relación coas competencias autonómicas, ou só dalgunhas comunidades autónomas.

Terceiro. No a cotío breve prazo que vai dende a fixación da orde do día ata a celebración da sesión –no noso caso habería que dilucidar sobre qué asuntos afectan ás competencias autonómicas– trátase de fixa-la posición autonómica e logo contrastala coa da Administración xeral do Estado. A determinación deses aspectos, normalmente de difícil interpretación xurídica, pode orixinar unha chea de conflitos que, de agudizarse, só estarían resoltos despois de que se celebre cada consello.

De maneira que a nosa proposta debe ser cabal e coherente, ademais de útil e factible. Cremos que a seriedade no tratamento dun tema tan transcendente nos obriga a estimar a idea dunha delegación española en calquera institución ou órgano comunitario colexiado composta por un representante da Administración xeral do Estado e outro por cada unha das comunidades autónomas esencialmente competentes.

Daquela, resulta imprescindible, ó noso xuízo, e sempre tomando en consideración o obxectivo da superior participación autonómica, a seguinte tríada de actuacións:

Primeiro. Dado que quen se manifesta e vota nas sesións desas institucións e órganos é o Reino de España en tanto que Estado membro, cómpre atinxir un compromiso inequívoco de lealdade constitucional e institucional entre tódalas comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado. Sen este elemento fiduciario –que é básico na Constitución alemana– xamais será posible erradica-las suspicacias, suprimi-los temores e dissolve-las reticencias mantidas, non só das comunidades autónomas respecto da Administración xeral do Estado, e desta respecto daquelas, senón de certas comunidades autónomas fronte a outras, como xa se ten visto en asuntos fiscais, de axudas públicas e de atracción de investimentos.

Segundo. Debe relanzarse, adaptarse e mellorarse o acordo de participación interna nos asuntos comunitarios e mailo funcionamento das conferencias sectoriais, co fin de discutir, no tempo e na forma, dentro dos prazos prefixados en cada caso pola respectiva formación do Consello, ou doutros órganos del dependentes, os puntos da orde do día que atinxan a cada administración.

Terceiro. Cómpre tirar consecuencias da experiencia obtida pola intervención nos comités da Comisión Europea nos que xa hai presenza autonómica, e, seguindo o modelo método gradualista –os pequenos pasos do gran Monnet– aplicado a toda a construción comunitaria, ir estendendo paulatinamente o seu número e alcance, á vez que se continúa reclamando un reforzamento institucional do Comité das Rexións –do que me honro, por certo, en ser decano– para que un día chegue a ser unha institución equiparable ás restantes da Comunidade e mereza a denominación de Consello das Rexións, e, un día, tal vez, de segunda cámara do Parlamento Europeo.

Mentres, nós xa estamos poñendo a punto os nosos servizos administrativos mediante unha intensa política de formación de persoal que capacite os nosos funcionarios para tramitar tódolos expedientes e materias susceptibles de intervención galega.

Lembren, nembargantes, señorías, que esta demanda galega, que debo formular en termos realmente realistas e que indica a vontade de acción, puidera chegar a supor algún día o paradoxo de que un responsable público galego deba, por esa dobre lealdade constitucional e institucional antes aludida, defender unha tese colectiva nos foros comunitarios, maioritariamente apoiada polas restantes administracións, pero non compartida pola nosa Comunidade Autónoma. Só descansando sobre trabes de previsión e responsabilidade estamos dispostos a recibir tódalas achegas que as forzas representadas nesta Cámara nos desexen transmitir.

Non pretendemos ser efectistas senón eficientes –e dígo-llelo ós que onte me querían dicta-lo meu discurso– na xestión dos problemas de alcance comunitario que son relevantes para Galicia. Nesa liña, e non noutras, sempre nos atoparán coa mellor disposición ó diálogo e ó consenso, elementos imprescindibles, como teño dito e levado á práctica, para avala unha correcta acción exterior. Se cadra,

deste xeito seremos capaces, entre todos, de convence-los que queren ve-la participación nas institucións e órganos comunitarios como un escaparate de promoción dunha ficticia personalidade xurídica internacional e non como o que realmente é, un instrumento para mellora-la administración nos asuntos cotiáns que afectan á sociedade, que afectan ás nosas competencias exclusivas e para achega-lo compromiso europeísta dos cidadáns.

Non quero rematar este capítulo adicado ó exterior sen deixar de facer referencia a outros aspectos singulares, como é o proceso constituínte agora aberto en Europa, e que, sen dúbida, incidirá fondamente no que antes reparaba, xa que mesmo se baralla reconverte-lo Consello nunha institución de distinta natureza e composición. Neste senso, a nosa proposta de participación autonómica, anteriormente esbozada tería que ser reformulada na súa integridade.

Polo de agora, a situación dos traballos da Convención –que sigo co máximo interese– non permite albiscar un proxecto maduro –discútese ata o título– da Unión Europea, pero nós continuaremos ó tanto da evolución dos seus debates, solicitando para iso información puntual, precisa e directa do Goberno da nación.

Co mesmo pulo mantémo-la iniciativa de que as rexións europeas gañen maior protagonismo, aínda que ben sabemos que no Parlamento Europeo, na Comisión e en non poucas chancelerías esta proposta é examinada con cautela.

Galicia aposta por unha Europa reforzada, porque só ela pode atesoura-la capacidade de presión necesaria para defende-los nosos intereses alén das fronteiras europeas, pois como ben sabemos hai países hoxe con 1.300, con 1.100 millóns de habitantes. Sen ese requisito previo á reorientación que vimos esixindo de certas políticas, como a pesqueira ou a agrícola, sería estéril na práctica por falla de instrumentos para acometer unha fructífera negociación internacional. Tamén porque concibimos que estados de especial importancia para nós, como son os latinoamericanos, teñen neste noso continente unha referencia adicional e outra alternativa á solución dos seus graves e inaprazables problemas, á que Galicia ten a obriga de contribuír.

Galicia, señorías, na medida das súas posibilidades, desexa ofrecer solucións constructivas para que todo isto sexa

unha pronta realidade, tanto a prol dos galegos que aquí vivimos como dos nosos irmáns espallados polo mundo enteiro.

III. Galeguismo popular, autoidentificación do noso pobo

O principal logro conseguido polo pobo galego ó longo de máis dunha década de Goberno popular é un sentimento xeneralizado de lexítimo orgullo, de recoñecemento da propia identidade, algo que penso que antes nunca tivera a sociedade galega no seu conxunto e que demostra unha plena e alentadora confianza nas institucións do actual sistema autonómico.

Ó mesmo tempo o galeguismo renovador, o galeguismo popular, está sendo asumido como ideoloxía autoidentificadora pola maioría da nosa sociedade. Estes dous eixos fundamentais son os que posibilitan o actual desenvolvemento político do noso país, cunha ampla maioría de cidadáns galegos de dentro e de fóra que apoian co seu voto os cambios introducidos para dotar a Galicia dunha conciencia galeguista e popular.

A nova Galicia, a Galicia autónoma e autogobernada do século XXI, acadou un prestixio que nunca antes tivera e que está presente alí onde queira que haxa un paisano noso; tanto no resto de España coma en Europa, en Iberoamérica ou en calquera outra parte do mundo.

Por primeira vez na nosa historia podemos gabarnos de que conseguimos rachar definitivamente coa caduca e discriminatória concepción das dúas Galicias. Os cidadáns deste país podemos proclamar que só existe unha Galicia. Un país aberto e en vías de total transformación, unha comunidade social disposta a seguir traballando arreo e con responsabilidade para facer da totalidade do noso territorio a *cidade xardín* coa que soñou Castelao e na que puxeron o seu esforzo moitos dos devanceiros que nos precederon nesta honrosa empresa.

Polo tanto, os populares galegos consideramos que nos corresponde, como formación política maioritaria plenamente asentada e consolidada, a tarefa de seguir desenvolvendo a fondo o galeguismo político, pero a isto queremos invitar a todos. É dicir, estamos dándolle continuidade ó noso proxecto de rexionalismo avanzado –saliento: rexionalismo– dentro das posibilidades que ofrece o actual marco

constitucional e o Estatuto de autonomía de Galicia. Dentro desas amplas marcas, nunca fóra delas, seguiremos sentando as firmes bases do galeguismo popular.

Non se trata, pois, de recuperar ou de emular, en plena sociedade da comunicación e metidos de cheo no terceiro milenio, as vellas teorías do galeguismo histórico. Consideramos aquelas ideas como a base indispensable e excelente dunha etapa importantísima para o desenvolvemento político de Galicia, pero tamén sabemos que remataron nun tempo e nunha praxe concretos.

O galeguismo popular é, nestes momentos, un movemento político de ampla base social –non minoritario–, centrado na defensa e no avance da autonomía e do autogoberno e centrado nos desenvolvementos económicos e científicos do noso tempo. E o Partido Popular de Galicia está tamén consolidado como unha forza política de centro, popular e galeguista, ben preparada para completa-lo ciclo anterior, no que Galicia avanzou máis, política, social, económica e culturalmente, ca en calquera outro período da súa dilatada historia.

Nós, os populares, témo-lo convencemento de que nunha sociedade coma a nosa os niveis de asentamento e fixación das culturas políticas resultan aínda moi primarios; entre outras cousas, por estarmos sometidos nos últimos quince anos a un proceso de increíbles e rápidos cambios sociais e de grandes transformacións infraestruturais.

Partindo do anteriormente exposto, consideramos que este é o momento máis idóneo e oportuno para completar unha grande evolución galeguista e popular con futuro. Seguirémolo facendo así, tomando moi en conta os principios e experiencias propias, pero tamén dialogando con todos, non excluindo a ninguén que veña traballar en serio por Galicia. O 21 de outubro de 2001, a maioría das galegas e dos galegos decidiron, soberana e democraticamente nas urnas, continuar con vigor reforzado unha nova etapa de construción renovadora. Polo tanto, estamos nun tempo de cambio e de consolidación, de estabilidade e de experiencia, unha permanente revolución, con continuidade pero coa perspectiva posta no futuro.

Un futuro que se presenta complexo, non só en Galicia e en España senón no mundo enteiro. Pero non por iso menos

ilusionante á hora de poñer en marcha novas realizacións marcadas polas firmes bases dun partido que é de base popular –como o seu nome– e que asumiu o galeguismo como a súa principal práctica política.

1. Unha lingua propia, unha identidade

Temos dito moitas veces, pero cómpre repetilo, que Galicia é unha comunidade histórica diferenciada, fundamentalmente pola súa lingua e pola súa cultura, pero tamén por tódolos outros sinais que conforman a súa identidade.

O idioma propio é a base substancial da identidade galega. Dende o Rexurdimento do século XIX ata hoxe, cando atravesamos creo eu que un novo rexurdimento, foron os nosos mellores escritores e artistas, pero tamén, ou tal vez deba dicir sobre todo, os labregos, mariñeiros, obreiros e demais sectores que integran a meirande parte do pobo galego os que souberon dar ó longo de case cento cincuenta anos, e en circunstancias moitas veces contrarias, as respostas esenciais para que a nosa lingua seguise perdurando como vehículo de comunicación e de cultura.

O idioma galego é, neste comezo de século e de milenio, unha realidade viva e dinámica, enriquecida día a día polo labor dos creadores, aceptada como lingua propia pola nosa sociedade, potenciada polas institucións que conforman o noso autogoberno e promocionada por moitos outros colectivos que traballan arreo pola normalización lingüística.

A Xunta de Galicia, que me honro en presidir, quere manifestar unha vez máis, señor presidente, señoras e señores deputados, o seu total compromiso coa defensa, emprego e difusión da nosa fala; cousa moi distinta é a imposición. Xunto a isto, a firme vontade dos homes e mulleres populares, eu o primeiro, de contribuírmos a un maior espallamento e implantación a tódolos niveis. Facémolo conscientes de que a lingua non é patrimonio de ninguén, xa que pertence por igual a todos e a cada un dos cidadáns deste país, como ós galegos espallados polo mundo enteiro. Nada mellor, pois, que o exemplo da figura ilustre homenaxeada coas Letras Galegas deste ano 2002, o Pai Martín Sarmiento, eminente figura intelectual do século XVIII, que lle adicou á lingua galega importantes estudos e esforzos nun tempo verdadeiramente necesitado. Representante da ilustración xeral

do país dende Madrid, foi un dos homes que máis loitaron por Galicia e polo seu modo de ser.

O Goberno autónomo galego quere reiterar unha vez máis que o necesario apoio á lingua galega seguirá levándose a cabo dende a realidade de sermos un país cunha lingua de noso, xunto co respecto ó dereito dos falantes, sen imposicións, inmersións obrigatorias nin guerras lingüísticas de ningún tipo. Por certo, hai poucos días a prensa publicaba unha interesante entrevista co presidente da Real Academia Española, o profesor Víctor García de la Concha, quen expresaba con claridade que “non hai ningunha razón para dicir que o galego está en perigo”. Argumentaba ó seu favor o profesor García de la Concha que no mundo hai 6.700 linguas e que moi poucas delas están vencelladas a un Estado, pero que tamén son poucas as que teñen unha literatura de seu. Polo tanto, aínda que o galego non sexa unha desas tres ou catro linguas que serven de vehículo de comunicación universal, gracias á súa extraordinaria literatura e gracias ó labor normalizador levado a cabo, o galego manterá o seu lugar, xa que o plurilingüismo é unha riqueza.

Nós, os galeguistas populares, estamos abertos ó diálogo e ó consenso para que a mocidade de Galicia medre no respecto á pluralidade lingüística, para que o camiño de recuperación e emprego da nosa lingua, a tan necesaria normalización, sexa percorrido con tolerancia e sen imposicións.

Superados felizmente os vellos complexos, os galegos do século XXI, de dentro e de fóra da nosa terra, temos acadado un común sentimento da galegitude. Ese fondo sentimento, superador de calquera situación anterior, é o que nos anima a seguir apostando por un galeguismo popular e solidario, priorizando sempre a defensa do noso, pero sen renunciar nunca a nada. Como galeguistas e como populares subscribimos perante este Parlamento todas e cada unha das palabras do inesquecible pensador Ramón Piñeiro, mestre da Galicia contemporánea, cando dicía que: “Nós os galegos –e xustamente como galego– somos unha desas unidades naturais en que a humanidade se realiza. E sómolo por ser un pobo dotado dunha lingua propia e, polo mesmo, dunha cultura. Constituímos tódolos galegos unha realidade orixinal dentro do patrimonio humano. A nosa misión consiste en facer que esa realidade orixinal acade a súa plenitude. De todos nós depende, pois, que a lingua galega, creación única de comunicación humana e de cultura, prospere ou fracase.

Polo tanto, o noso destino –a nosa principal responsabilidade– é cultivala e ofrecerlle os seus froitos orixinais ó patrimonio cultural humano”.

Chegados a esta altura do meu discurso, quixera facer obrigada referencia, señorías, á desaparición de dúas grandes personalidades. Refirome, por suposto, ó falecemento o 17 de xaneiro deste ano, en Madrid, do noso Premio Nobel galego: Camilo José Cela, que foi gloria das letras hispánicas e xeneroso legatario, á súa querida Iria Flavia e a Galicia enteira, dunha institución cultural que leva o seu nome e que engrandece o noso país. O outro gran galego arrebatado pola morte, que deixou orfas as nosas letras, foi Carlos Casares, presidente do Consello da Cultura Galega, falecido na cidade de Vigo o pasado 9 de marzo. Aproveito esta ocasión para desexarlle o mellor á recentemente constituída fundación que leva o seu ilustre nome, e que ben seguro será a encargada de perpetuar a obra e a dimensión intelectual do gran amigo Casares.

IV. Vixencia do Estatuto de autonomía de Galicia

O segundo Estatuto de autonomía de Galicia, do ano 1981, celebrou o pasado ano o seu vinte aniversario, por certo, sen que algúns que queren agora revisalo lle concedesen daquela maior importancia á data. Creo que debemos ser serios e aproveitalo cumprimento deste vinte aniversario para reflexionar un pouco máis ó redor do noso Estatuto. Persoalmente, a miña biografía política está tan vencellada ó Estatuto galego como á Constitución española de 1978, da que me honro de ser un dos seus sete relatores. Como dixen nun capítulo anterior deste discurso, levo meditado algo, como profesor de dereito constitucional que son –aínda que emérito–, sobre os problemas da crise do Estado centralizado e sobre a súa evolución.

Escribín hai case medio século un libro con ese mesmo título, *A crise do Estado*, no que adiantaba que Europa ía cara a un período de maior rexionalización e de maior integración dos estados nas organizacións internacionais, como a Unión Europea ou a Alianza do Atlántico Norte. De feito, fun un dos primeiros en defender estas teses na España dos anos cincuenta.

Ocupeime do noso Estatuto como relator da Constitución, xa que no seu título VIII se debuxou o marco do que ían se-los estatutos autonómicos. Por certo, xa desmentín

unha vez máis que nós votamos en contra; houbo algúns membros do grupo, que logo se foron, que o fixeron, non eu. Daquela tiven como criterio da repartición competencial entre a nación e as nacionalidades a harmonización entre o que conviña ó ben común de España, por un lado, e ó interese xeral de Galicia, polo outro, que era precisamente o criterio constitucional.

Pero tamén fun membro da Comisión Constitucional que estudiou o proxecto de Estatuto galego, que foi dictaminado tralo vasco e o catalán. Daquela, mantiven o criterio de harmonizar os intereses de Galicia cos de España máis unha vez, sobre todo nun intre no que se produciu o primeiro intento frustrado de minimizar a autonomía galega –digo primeiro, porque logo houbo outro, o da LOAPA, no que tamén nós votamos en contra–.

Lembro perfectamente, señorías –aínda que algúns non queiran lembralo–, que a minoría de Alianza Popular que eu dirixía votou en contra daquel intento minimizador. Menos coñecido é que, cando se presentou aquela ominosa modificación do anteproxecto do Estatuto, os dous membros que tiña entón Alianza Popular na Comisión Constitucional –eu era un deles– nos retiramos, e que o noso foi o único grupo que o fixo, pois non o fixeron nin o PSOE nin a UCD –daquela grupo maioritario– nin ningún outro grupo nacionalista doutras partes de España; por algo sería.

Penso que foi a partir de aí onde comezou a discusión da famosa aldraxe, a aldraxe por antonomasia da historia política máis recente de Galicia. O despropósito comezaba negándolle á nosa terra a discriminación positiva procedemental como unha comunidade histórica recoñecida pola propia Constitución. Tal desatino non se podía consentir, e, naturalmente, os representantes do noso grupo rexeitámolo, provocando outro fenómeno singular.

O Estatuto de Galicia foi o único caso de Estatuto aprobado dúas veces na Comisión Constitucional. Primeiro, por unha maioría pequena, e logo, por unha maioría máis grande despois de revisado. Nisto, creo modestamente que tivemos unha participación decisiva os dous deputados de Alianza Popular, e eu empeñeime persoalmente a fondo.

O segundo intento de repoñer-lo centralismo levouse a cabo mediante unha lei orgánica –a famosa LOAPA– aprobada,

recordado sexa, porque as cousas son como son, por un mal consenso realizado entre a UCD e o PSOE. Dito isto, señoras e señores deputados, non convén magnificar ningún problema, porque ámbalas cousas son auga pasada que non move muíño, pero a nosa tese foi ratificada polo Tribunal Constitucional.

O asunto é que, dende que se promulgou o Estatuto galego, ocorreron cambios moi importantes, uns doutrinais, orixinados pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional que creou o chamado bloque de constitucionalidade; outros políticos, suscitados polo ingreso de España na OTAN e na UE, que nos introduciron no ordenamento europeo; houbo outros máis, diríamos de tipo global, que teñen que ver con novas situacións en campos competenciais tan importantes como a sanidade animal ou os dereitos de pesca. Todos eles, como se aprecia, con forte incidencia xurídica sobre o articulado estatutario. Mais en definitiva, a positivación do Estatuto de 1981 afincou un marco decisivo: o deixar claro que Galicia entraba no Estado das Autonomías pola porta grande e que dispuña de tódolos medios necesarios para desenvolve-las súas competencias, podendo recibir cantas transferencias lle importaran. E así foi.

Na actualidade Galicia ten tantas competencias asumidas que só nos supera, nun par delas, Cataluña, que é a comunidade que recibiu ata agora máis transferencias do Goberno central e que estamos a punto de superar na próxima reunión da comisión correspondente.

1. Seguir avanzando no autogoberno

A autonomía que cita o noso Estatuto, señorías, significa, primeiro de todo, autoidentificación. Despois disto, significa autogoberno, é dicir, a posibilidade de converter en realidades tanxibles de índole cultural, espiritual, administrativa, económica, industrial, agrícola, pesqueira, etc. todo o que se pode facer co poder posto ó servizo da identidade asumida dun xeito libre e colectivo. Digo “posibilidade” porque neste campo nunca hai nada asentado definitivamente, e convén notalo ben, porque de aí xorde un gran problema que dificulta o desenvolvemento autonómico. É o problema da asimilación dos cambios de persoas, agrupacións, necesidades e intereses connaturais coa propia sociedade.

A velocidade do cambio e do intercambio social actual fai sentir vertixe a moitas persoas, que reaccionan clamando polo inmovilismo. Pero como a continuidade do

cambio social é inevitable, non se pode ignorar e hai que asumilo e dirixilo, se se pode. Así que a mellor medicina contra ese mareo é a disposición de institucións ben axeitadas para practicar como esta, con luz e taquígrafos, a necesaria e constante redefinición competencial autonómica. Por iso veño defendendo dende hai tempo que é imprescindible adecua-lo Senado de modo que actúe como lugar axeitado para ese diálogo permanente de equilibrio constitucional; é dicir, un senado que sexa unha verdadeira cámara de representación territorial, como di a Constitución, unha cámara integradora das comunidades autónomas. A lacra do terrorismo e as pretensións dalgúns que plantexan teses inviables, como está ocorrendo por desgracia no meu non menos querido País Vasco –non en van me chamo Iribarne, que quere dicir “no medio do pobo”–, impoñennos, desgraciadamente, entre moitos outros sacrificios, o de pospoñer-las reformas constitucionais que necesitan do consenso, porque este só pode acadarse nun ambiente de paz e de estabilidade.

Os que de cando en vez claman por unha conxelación definitiva das correlacións de competencias non teñen os pés na realidade. A política actual pasa por ese calvario que o gran profesor italiano Santi Romano teorizou lucidamente hai un século coa súa teoría da pluralidade simultánea de ordenamentos xurídicos –aínda que os teóricos optaron por segui-lo monismo xurídico centralista de Hans Kelsen, con grave dano para todos e que non rematou ben, como demostrou a Segunda Guerra Mundial–.

Por conseguinte, as dúbidas iniciais sobre o noso Estatuto de autonomía considéroas, a estas alturas, totalmente esvaecidas. Teño por certo que, neste momento, o noventa e nove por cento da poboación galega é convencidamente autonomista e non entendería unha revisión hoxe do actual Estatuto. Existe, pois, con respecto ó Estatuto –penso eu– un consenso sociolóxico. A xente valora perfectamente un goberno que saben eficaz, que estrutura ben o país, é dicir, que acomete a fondo a comarcalización e a municipalización, que inviste en infraestruturas, en educación, en sanidade, que adquire maior peso en Madrid, en Bruxelas, en Iberoamérica... En definitiva, os galegos e as galegas saben que hoxe teñen moitos máis motivos de autoestima ca no ano 1989. Esa é a verdadeira razón do autogoberno e esa é a autoidentificación que lle insufla espírito á letra estatutaria.

Polo tanto, señoras e señores deputados, considero que non é necesaria hoxe ningunha reforma ó actual Estatuto, porque na súa letra están presentes as arelas e os soños de tantos galegos bos e xenerosos, dende Alfredo Brañas a Manuel Murguía, dende Antón Losada Diéguez ó meu pai-sano Lois Peña Novo, dende Vicente Risco, Castelao e Otero Pedrayo a Filgueira Valverde, Carballo Calero e Ramón Piñeiro.

O que cómpre facer hoxe é aproveitar ó máximo as posibilidades e transferencias que aínda contempla o Estatuto de 1981. Sigamos desenvolvendo, pois, dunha maneira creativa, as previsións que nos marca o Estatuto e non caíamos en polémicas estériles e en propostas esaxeradas, infundamentadas a todas luces.

V. Resultados dunha etapa de diálogo institucional

O 3 de decembro de 2001, perante esta mesma Cámara, durante a miña intervención como candidato á investidura, reiterei o meu ofrecemento ós grupos políticos presentes para intentarmos, no novo período que comeza, un diálogo institucional constructivo. Dixen daquela que cría no diálogo, porque moi por riba de calquera discrepancia ou rivalidade política están o respecto e a consideración que merecen todos e cada un dos representantes que o pobo galego elixiu no seu nome.

Hai asuntos da vida política, social e económica que constitúen verdadeiros temas prioritarios para Galicia. Son eses temas os que nos levaron, dende a maioría absoluta –e isto non debe entenderse como unha fachendosa declaración de superioridade, senón para recorda-los deberes que iso impón–, a facer un chamamento á oposición parlamentaria para –no que fose posible– xuntar forzas, para debater e non confrontar –cando non fose indispensable–, para falar con todos nun clima aberto e plural en beneficio da cidadanía galega, e sempre co debido e mutuo respecto e cortesía. Cada un dos grupos que está nesta Cámara saberá como respondeu.

Por iso, aproveitando esta nova circunstancia, reitero novamente o meu chamamento a todos para acadar cantas decisións institucionais favorezan os dereitos e intereses presentes e futuros da nosa Galicia. Fixémolo no tema da pesca, estámolo facendo no tema da educación. Fago esta solicitu-

de na confianza de que será entendida en tódolos seus termos por tódolos aquí presentes. Eu non teño dúbida ningunha do que ofrezco.

É ben certo que o diálogo aberto e plural implica a toma de decisións comúns, sobre todo neste Parlamento, e baséase, fundamentalmente, nos resultados conseguidos. Como presidente da Xunta de Galicia resulta moi honroso para min declarar hoxe que nestes dez meses nos que se achegaron posturas e se consensuaron proxectos foi moito máis o que se obtivo, despois de debates e intercambios de opinións, do que ó longo das outras tres lexislaturas anteriores.

Por iso, señorías, permítanme que acuda na axuda do xenial escritor e pensador arxentino Jorge Luis Borges, que nun seu traballo, precisamente titulado *Descubrimiento del diálogo*, nos deixou dito que: “Uns cincocentos anos antes da era cristiá deuse na Magna Grecia a mellor cousa que rexistra a historia universal: o descubrimento do diálogo. A fe, a certeza, os dogmas, os anatemas, as pregarias, as prohibicións, os tabús, as tiranías, as guerras e as glorias opríman o orbe. Foi daquela” –sigo citando a Borges– “cando algúns gregos atoparon, nunca saberemos cómo, o singular costume de conversar. Dubidaron, persuadiron, disentiron, cambiaron de opinión e aprazaron. Cecaís os axudou a súa mitoloxía, que era, como o Shinto, un conxunto de fábulas imprecisas e cosmogonías variables. Esas dispersas conxecturas foron a primeira raíz do que hoxe chamamos, non sen fachenda, metafísica. Sen aqueles poucos gregos conversadores a cultura occidental é inconcibible”.

Sirva como mostra deste período as mocións e as proposicións non de lei aprobadas por unanimidade nesta Cámara, que totalizan nove mocións: sete do Bloque Nacionalista Galego e dúas do Partido Socialista de Galicia. En canto ás proposicións non de lei, tamén aprobadas por unanimidade, estas foron doce: seis do Partido Socialista de Galicia, tres do Partido Popular de Galicia e tres do Bloque Nacionalista Galego.

Non quero cansa-las súas señorías cunha lectura máis pormenorizada das devanditas mocións e proposicións non de lei, pero si quixera salientar que, tanto unhas coma outras, abranguen un amplo abano temático que vai dende temas de saúde ata asuntos relacionados co propio Regulamento desta Cámara, melloras na rede de distribución de enerxía eléctri-

ca en Galicia, esclarecemento de conflitos de competencias en materia de mariña mercante. A lista é longa, téñena no texto que lles será repartido.

VI. Políticas activas de emprego

O Goberno da Xunta de Galicia, señoras e señores deputados, mantén a absoluta prioridade das súas políticas activas de emprego no convencemento de que o pleno emprego é un obxectivo ambicioso pero razoable de cara ós vindeiros anos. Ademais, a política de emprego, no seu senso estricto, é a nosa mellor política social, porque permite conseguir a un tempo a inserción social e o desenvolvemento persoal que leva implícito o exercicio dunha actividade, xunto coa obtención dunha renda que garanta o benestar persoal e familiar.

O dereito ó traballo acada deste xeito a súa verdadeira dimensión: aquela que permite o pleno desenvolvemento da persoa mediante a contribución de cada cidadán ó seu propio benestar e tamén ó do conxunto da sociedade.

Precisamente nesta liña deben situarse as actuacións que tentan a inserción sociolaboral dos demandantes de emprego no mercado de traballo, en coherencia coa estratexia europea de emprego e co Plan nacional de acción para o emprego, que encadran as políticas activas da Xunta de Galicia.

En primeiro lugar, cómpre destaca-lo esforzo que se está a realizar no ámbito do Servicio Público de Emprego galego.

No ámbito da orientación profesional cómpre lembrar catro medidas que se están a desenvolver de acordo co plan de traballo que fixamos para esta lexislatura.

Primeira. Tal e como prevé o Plan galego de formación, estase a crea-la rede conxunta de orientación profesional, común ó ámbito laboral e ó sistema educativo –cada día, como pasou onte, desenvolvido por convenios con universidades, etc.–, tentando anticipa-la información sobre o mercado de traballo e a saída profesional ó momento da decisión vocacional dos mozos.

Segunda. Púxose en marcha a coordinación entre o sistema de orientación profesional do Servicio Público de

Emprego e os servizos sociais responsables do Plan galego de inclusión social.

Terceira. Estamos a desenvolver-lo modelo de atención personalizada baseada no compromiso de actividade que deben asinar tódolos beneficiarios do programa de Renda Activa de Inserción e, dende o Decreto lei 5/2002, tamén tódolos desempregados perceptores de prestacións.

Cuarta. Estase a prestarlle neste ámbito da mellora da empregabilidade unha maior atención a determinados colectivos con especiais dificultades. É o caso dos discapacitados –que contan cunha rede específica de atención en cooperación co Servicio Público de Emprego e coas súas asociacións máis representativas–, dos universitarios que dispoñen de oficinas integradas nos sete campus galegos en cooperación coas respectivas universidades e dos inmigrantes, que teñen tamén servizos concertados específicos para a súa atención.

Na liña de mellora do Servicio Público de Emprego que se está a enfrontar como obxectivo xeral no ámbito estatal, Galicia está a participar activamente nun proceso de reforma que terá como fío a aprobación dunha nova lei de emprego.

Por último, a mellora da empregabilidade dos galegos representa un reto extraordinariamente importante: o da súa formación e cualificación profesional. Un reto asumido de maneira inequívoca a través do Plan Galego de Formación Profesional, aprobado o pasado ano de xeito consensuado cos axentes sociais e económicos, que continúa a ser unha prioridade do conxunto do Goberno como o demostra a recente creación da Comisión Interdepartamental das Cualificacións e a Formación Profesional.

1. Estabilidade

É, con razón, un tema que nos preocupa a todos. Neste asunto continuamos traballando activamente, dende o diálogo cos axentes sociais e dentro do desenvolvemento das políticas activas de emprego. Trátase de continuar na liña de mellora na creación de emprego que vimos experimentando nos últimos anos, pero incidindo de maneira especial no seu carácter cualitativo, é dicir, na súa estabilidade e, sobre todo, na posta en valor da nosa maior riqueza: o capital humano.

Cómpre destaca-lo reforzamento do programa de estabilidade laboral mediante a promoción e incentivo de plans de emprego estable elaborados no ámbito da empresa que supoñan a superación das taxas medias do sector de actividades correspondente e da propia empresa. Esperemos que os diálogos destes días no ámbito nacional faciliten, respecto a certas inseguridades, o avance destes programas.

2. Colectivos con dificultades

Durante este exercicio continúaase coa aplicación de plans de emprego específicos, incidindo moi especialmente nos colectivos con maiores dificultades (mulleres, mozos, discapacitados e parados de longa duración).

Cómpre lembrar, señorías, que durante o último ano foron 12.800 os galegos beneficiarios do Programa de renda activa.

As mulleres constitúen un colectivo prioritario nas políticas activas de emprego da Xunta de Galicia. Dende o ano 1997 créanse en Galicia 50.000 novos empregos para mulleres, e entre o ano 1998 e 2001, do total de beneficiarios dos incentivos para o fomento de emprego, máis do 40% foron mulleres.

3. Emprego xuvenil. Programa LABORA

No que se refire á mocidade, ademais da potenciación da cultura emprendedora e moi especialmente a vencellada ás iniciativas de base tecnolóxica e as derivadas da innovación en calquera proceso, é suficientemente coñecida a seria aposta por garantirlles unha primeira experiencia laboral a tódolos mozos galegos antes de que cheguen ós seis meses de desempregados, e, en todo caso, antes dos trinta anos de idade.

O Programa LABORA, que se formula de tal xeito que este obxectivo sexa unha realidade no ano 2005, esixirá complementa-lo ritmo de creación de emprego no sector privado co apoio a uns 25.000 contratos de mozos ata o remate desta lexislatura. Fronte a informacións deformadas, quero certificar que nesta data son xa 5.000 os mozos acoillidos ó programa, porque podo informar de que se están a cumprir-las previsións do programa no que atinxe a este exercicio.

Por último, cómpre lembra-la firma dun plan de emprego específico para traballadores discapacitados asinado pola Xunta coas asociacións máis representativas deste grupo social en Galicia, integradas no Cermi galego. O plan, que reforza o principio de personalización e especialización das nosas políticas activas de emprego, contempla un investimento global de 64 millóns de euros ata o remate da lexislatura.

VII. Incremento das políticas sociais

A Xunta de Galicia, ó longo deste ano e no marco do Plan galego de persoas maiores —un dos grandes temas da sociedade do noso tempo—, desenvolveu o Programa residencias, que é un dos de máis impacto social e no que se fai un maior esforzo orzamentario e de promoción na sociedade civil. A súa finalidade é que as persoas maiores poidan mellora-la súa calidade asistencial e dispoñer da axuda necesaria para atende-la súa dependencia.

Así o Goberno galego, na tarefa de mellora-los sistemas de protección social e de incrementa-los servizos de atención ós maiores, contempla neste programa a creación de 25 novos centros, que, xunto cos programas de prazas en residencias a través da acción concertada con entidades prestadoras de servizos sociais, vai supoñer nesta lexislatura a creación dun total de 7.800 novas prazas. Nesta liña de traballo cómpre sinalar que a maioría destes proxectos —en concreto 15— están en fases moi avanzadas de execución, algún deles xa en funcionamento, como é o caso da recentemente inaugurada Residencia de Ribeira. Todo iso supón un investimento aproximado de 63 millóns de euros e a construción de 103.000 m² de edificación destinados a equipamentos sociais, que se completará nos vindeiros meses coa aprobación doutros dez centros residenciais.

1. Persoas con discapacidade

A Xunta de Galicia vén realizando un extraordinario esforzo nos últimos anos no eido da atención ás persoas con discapacidade. Así, por exemplo, o orzamento dos convenios con centros asistenciais experimentou nos últimos cinco anos un crecemento dun 70%, e polo que atinxe ós centros ocupacionais, dun 69%. Agora ben, sabemos que isto non é suficiente e, polo tanto, pensamos aumentalo.

2. Inclusión social

Estamos diante do Plan galego de inclusión social, acompañando a este colectivo á porta do emprego, auténtico motor de integración. Pretendemos que esta integración se realice en plena situación de igualdade co resto da cidadanía, sen descoida-las súas necesidades de acceso á educación, formación, vivenda digna e plena participación social.

3. Voluntariado social

A promoción da acción voluntaria amosa o nivel de compromiso e desenvolvemento dunha sociedade. Tivemos en certo momento unha fonte de recrutamento relacionada coas obxeccións de conciencia. Xa non existe. Polo mesmo, a elaboración do Plan de voluntariado de Galicia, aprobado en abril deste ano, recolle o sentir das organizacións e das persoas vencelladas á acción voluntaria e constituirá o instrumento estratéxico que rexerá a nosa política neste ámbito nos próximos catro anos. O nivel de implicación das administracións públicas e do terceiro sector, no procedemento de elaboración e de aprobación, foi un dos principais logros acadados.

VIII. Familia e sociedade

Nunca antes se falou tanto da necesidade de defende-la institución familiar, hoxe, obviamente, nunha das súas moitas crises históricas. A familia, afortunadamente, está pasando a ocupa-lo lugar que lle corresponde dentro da sociedade actual, feito este, señoras e señores deputados, do que temos certamente que congratularnos, porque, como todos vostedes saben, ata hai ben pouco tempo poucos erámo-los que apostabamos pola institución familiar. Facémolo porque estamos convencidos de que non existe mellor riqueza que as persoas, e que os fillos son o mellor investimento social, político e económico para un país. Neste senso, resulta moi grato para min poder anunciar que co incremento rexistrado entre o ano 1999 e 2000 a poboación rexistrada polo Instituto Galego de Estatística se sitúa nos 2.731.900 habitantes, unha cifra semellante –despois de anos de decadencia– ós niveis de poboación da comunidade a comezos da década dos noventa. A pesar deste aumento global, cómpre dicir que a única provincia que rexistrou un incremento de poboación foi Pontevedra, con 3.818 novos habitantes, cifra que compensa os saldos negativos das outras tres provincias.

A mobilidade da poboación inmigrante incrementouse no 2000 e no que vai de ano. Segundo o citado estudio do Instituto Galego de Estatística, o número de persoas que se instaloron na nosa comunidade incrementouse de 19.248 a 24.175. As provincias que maior mobilidade rexistraron foron A Coruña e Pontevedra. Tamén quixera destaca-lo feito de que o saldo migratorio co resto do Estado é negativo, pero o do estranxeiro é positivo, co cal Galicia se consolida como terra de inmigración.

1. Plan integral de apoio á familia 2002-2005

Coincidindo coa celebración do Día Internacional das Familias, o pasado 15 de maio presentouse o III Plan integral de apoio á familia 2002-2005, cun orzamento total de máis de 389 millóns de euros. Un plan que pretende coordinar tódalas actuacións a prol da familia promovidas polo Goberno galego dende as diferentes consellerías e que potencia tódalas medidas con repercusión directa sobre os núcleos familiares.

2. Medidas fiscais: novidades

Pero permítanme destacar, señorías, a este respecto, o enorme esforzo fiscal –non falamos de invitacións verbais– que estamos realizando no marco da nova regulación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Concretamente, as medidas fiscais de apoio ás familias galegas aprobadas para este ano van supoñer un custo para as arcas da Xunta de Galicia de aproximadamente 15 millóns de euros, o que nos sitúa á cabeza das comunidades que ofrecen un tratamento fiscal máis favorable ás familias con fillos.

Lembro unha vez máis que, a diferenza do que ocorre noutras autonomías, en Galicia as desgravacións fiscais por nacemento ou adopción contéplanse para tódolos fillos, con independencia de que se trate do primeiro, do segundo ou do terceiro, e que, ademais, teñen carácter universal; é dicir, poden beneficiarse delas tódalas familias, con independencia do seu nivel de renda.

3. Familias numerosas: carné familiar

Está en marcha o carné familiar, que xa conta neste momento con máis de 1.000 establecementos comerciais adheridos, que é unha axuda importante.

IX. Políticas de igualdade

1. Conciliación da vida familiar e laboral

Quero destacar neste eido o programa de axudas para as traballadoras e traballadores que se reincorporen con carácter indefinido á empresa tras un período de descanso por maternidade / paternidade / adopción ou acollemento.

2. Violencia de xénero

A loita contra a violencia de xénero continúa sendo unha prioridade para o Goberno que me honro en presidir. Demóstrao a posta en marcha este ano do Plan de acción contra a violencia de xénero en Galicia, cun orzamento de case 20,5 millóns de euros nos catro anos de execución.

3. Anteproxecto de Lei galega para a igualdade de mulleres e homes

A actual lei é evidente que quedou superada polos acontecementos, e o obxectivo último que inspira o anteproxecto da Xunta –próximo a ser enviado a este Parlamento– da Lei para a igualdade de mulleres e homes inclúe a eliminación absoluta de toda discriminación directa ou indirecta por razón de xénero. Contempla a orientación da protección da maternidade cara á socialización das cargas derivadas do embarazo, o parto, a adopción e a lactancia; o fomento da participación das mulleres nos partidos políticos; a igualdade laboral a través da creación dun plan específico de emprego para mulleres e a erradicación definitiva da violencia de xénero con severas sancións.

X. A xuventude é o presente e o futuro

A mocidade é, sen dúbida –e dígoos con algúns anos que me distancian, non no espírito pero si no corpo, dela–, o maior activo de Galicia. Non me cansarei de repetilo: a capacidade de adaptación da xuventude galega ás novas tecnoloxías coloca os nosos mozos e mozas nunha situación privilexiada. Son os meus netos os que me explican os novos aparellos da sociedade da comunicación. Eles son os líderes de hoxe, o verdadeiro motor da nosa sociedade.

Dicía Francis Bacon –un dos grandes homes creadores do espírito da modernidade–: *“A xuventude é mellor para*

inventar que para xulgar, mellor para executar que para dar consello, e mellor para proxectar que para realizar”. Algúns séculos pasaron dende entón. En todo caso, unha sociedade que non deposite unha gran confianza nos seus mozos é unha sociedade que non quere apostar polo seu futuro, e nós pretendemos facelo.

Dende o Goberno galego vimos planificando as nosas políticas de xuventude ó redor dun obxectivo prioritario: favorecer ó máximo o protagonismo da mocidade na vida social, política, económica e cultural da nosa comunidade, facilitándolle as condicións necesarias para o exercicio dunha cidadanía activa.

1. Informe da xuventude galega 2002

Estase elaborando o Informe da xuventude galega 2002, un estudio que subministrará unha información pormenorizada de tódolos aspectos ben complexos e moitos novos que inciden na nosa mocidade, e que nos permitirá seguir adecuando os nosos programas e servizos en función das súas inxedanzas reais.

2. Anteproxecto da Lei galega de xuventude

Anuncio o avance do anteproxecto de Lei galega de xuventude –que pronto espero que sexa proxecto ante esta Cámara–, despois de aprobar no 2000 o I Plan de acción xove 2000-2003. A nova lei terá como obxectivo dotar de maior axilidade, eficacia e eficiencia as accións dirixidas á xuventude, de xeito que as administracións públicas dean resposta ás súas necesidades e inxedanzas, procurando o pleno desenvolvemento como cidadáns das mozas e dos mozos de Galicia.

XI. Acción integradora na Galicia emigrada

Resumirei moito isto porque estes días temos falado moito deste tema e comezamos ante as novas situacións pola creación da actual Consellería de Emigración e Cooperación Exterior.

É evidente que os tempos mudaron, e a solidez daquela magnífica rede de solidariedade creada polos nosos emigrantes enfrontase hoxe con profundas crises económicas de todos coñecidas. Pero permítanme que lles lea un pará-

grafo daquel grande exiliado e grande artista, Luís Seoane, que é imposible non recordar aquí hoxe: “¡Que espléndida historia humana a de cada emigrante! Unha historia de esforzos silenciosos, de lágrimas agachadas, de morriña, de incomprensións nunha terra allea. Menosprezados por ignorancia durante séculos, saídos do propio país galego sen máis armas cós seus brazos e a súa intelixencia natural, sen máis escola nin universidade cá da dureza da vida... Cada emigrante tivo e ten a súa historia, como cada home, pero a historia dos emigrantes galegos, con ter sido continuada ó longo de séculos e tan fecunda en realizacións solidarias, non tivo aínda historiador que a contase na súa totalidade, nin novelista que a tomase como tema central da súa obra; por non ter, non tivo máis que traballo e desamparo”. Pois hoxe imos darlle, se é posible, polo menos algún amparo.

1. A Mesa da Emigración e a Fundación Galicia-Emigración

Creáronse, como ben saben as súas señorías, a Mesa da Emigración e a Fundación Galicia-Emigración. Haberá dentro destes días –segundo estou informado– un importante programa da Televisión de Galicia para a incorporación de tódolos galegos, pero, en definitiva, a nosa política ten uns obxectivos básicos:

Garanti-lo benestar social, a saúde e a calidade de vida dos galegos alí onde se atopen, especialmente os residentes en países con situacións de grave crise económica e política como son os do río de La Plata.

Promover unha máis intensa e eficaz vinculación entre as comunidades galegas entre si e destas con Galicia, superando así as distancias reais e facilitando a unidade.

Propiciar unha maior cantidade de accións dirixidas á xuventude.

Elaborar programas que posibiliten a unidade e a transformación das nosas colectividades para que pasen a ser, canto antes, entidades creadoras e xestoras de servizos, verdadeiros axentes de cooperación. Para iso están a Mesa Galega da Emigración, a Fundación Galicia-Emigración e a creación, á que agora me referirei, da Fundación da Saúde en Arxentina.

Pero teño que dicir que espero non ter que volver pasar pola vergonza allea de que alguén vexa nisto nada relacionado con asuntos electorais. É o menos que Galicia e todos nós podemos facer polos nosos paisanos.

En todo caso, neste momento, foron xa importantes as partidas de alimentos e medicamentos enviados; a creación de mil axudas asistenciais individuais para os galegos de maior idade; a coordinación da axuda de concellos e deputacións provinciais. A especial atención prestada na área asistencial, por razóns lóxicas, continuarase tamén coas actividades e programas formativos de tipo cultural, de apoio á xuventude e de infraestruturas para as entidades galegas de Iberoamérica, de Europa e do resto de España.

Cento cincuenta e catro entidades galegas recibirán este ano subvencións por un total de 371.700 €, axudas destinadas á realización de actividades. E outras 95 entidades recibirán subvencións para realizaren accións dirixidas a potencia-la difusión da cultura e da realidade de Galicia.

2. Política de retorno

En canto á política de retorno, está aprobada xa polas Cortes Xerais unha importante Lei de reforma do Código civil para obte-la nacionalidade –no que tivo unha parte importante a insistencia da nosa comunidade–. A Consellería de Emigración e Cooperación Exterior –creada especialmente para estes eventos– trata de ofrecer novas alternativas de apoio ó colectivo de galegos e ós seus descendentes que deciden integrarse na realidade social da nosa comunidade. Para iso, infórmaselles do coñecemento da realidade do retornado a Galicia. Foi editada por parte da Universidade de Lomas de Zamora, que se ocupa diso en Arxentina, unha axeitada información da atención ó colectivo, publicando unha *Guía para emigrantes retornados*. E, en definitiva, desenvólvense doce programas de formación e xestión empresarial nas catro provincias galegas.

Creo, sinceramente, que o conxunto destes traballos é exemplar e, dalgunha maneira, imitado ou envexado por outras comunidades.

XII. Obras públicas e política territorial

1.- Invetimentos ferroviarios

Están estes días en plena actualidade os investimentos ferroviarios. Como é natural hai quen neste momento pon en dúbida a súa importancia ou a velocidade coa que se están facendo.

Teño que dicir que o convenio asinado no ano 2000, que comprende o Eixo Atlántico en alta velocidade e ó mesmo tempo a comunicación coa Meseta e co resto da rede española e europea, está neste momento –e non hai diferencias entre o tramo norte e o tramo sur– nun 50% en aplicación.

Ó mesmo tempo, continúa a reforma importantísima da rede convencional. E convén recordar –polo que valla– que o Plan de infraestruturas redactado polo ex ministro, señor Borrell, e o seu desenvolvemento no PIF –que, felizmente, non pasou do estadio de borrador ou proxecto– viña certificarlo estado comatoso do ferrocarril galego, que non recibía financiamento de ningún tipo. Como é natural, nestes momentos estamos nos plans de alta velocidade, na renovación da rede interior convencional e nos plans de intermodalidade que require a sociedade moderna, propugnados no Libro branco do transporte da Unión Europea (2000/2010).

Toda Galicia está afectada por isto, tódalas grandes cidades galegas terán comunicación mediante alta velocidade coas redes europeas equivalentes. E o último tramo despois das autovías, despois da reforma dos portos e despois da reforma dos aeroportos, para que Galicia se poña no mapa, quedará resolto dun modo exemplar.

2. Vivenda e solo residencial

As importantes actuacións en materia de solo residencial que está a realiza-lo Instituto Galego da Vivenda e Solo e ás que nos vimos referindo en debates de anos anteriores están dando bos froitos. Un exemplo delas é o vigués barrio de San Paio de Navia, que viu como a comezos do verán se convocaba o concurso público de venda das primeiras parcelas e que proximamente permitirán a varios milleiros de viganeses acceder a novas vivendas, igual que ocorre en Santiago de Compostela.

É importante sinalar que os prezos da vivenda en Galicia son os únicos que non subiron –ía dicir que escandalosamente–, sendo a comunidade onde menos medran os prezos e unha das catro onde os prezos son máis baixos. Tamén con-

tinúa entre as comunidades que maior esforzo adican ós máis desfavorecidos, por medio dos programas de vivenda pública.

3. Solo empresarial

Houbo un tempo, espero que superado, no que se falou de que favorecíamos demasiado –ou polas peticións dos concellos– o Plan de solo empresarial de Galicia. Neste momento en que xa as comunicacións demostran o efecto converxente das actuacións da Xunta, están en marcha novas actuacións consideradas estratéxicas no eixo que vai da Coruña a Vigo pasando por Santiago, así como no contorno de Lugo e Ourense.

A Xunta de Galicia conta xa con 38 parques empresariais operativos, nos que está vendido máis do 74% do solo. Cara a un futuro inmediato, estase traballando nunha trintena de parques máis, que permitirán incrementa-la oferta de solo axeitado ás empresas galegas e ás que chegan de fóra.

4. Medidas urbanísticas

4.1. Modificación da Lei do solo de Galicia

Sen pretender anticipa-los debates que a Cámara dedicará a esta Lei do solo –suplico ó señor presidente, á Mesa e a tódolos señores deputados e deputadas que recoñezan a importancia e a urxencia que ten esta lei–, é evidente que, despois da nova lei do Estado de 1998 e do Real decreto lei do ano 2002, estabamos obrigados a facer algo.

Despois de catro anos de vixencia da Lei do solo de Galicia e destas modificacións, a lei móstrase insuficiente nas medidas de xestión urbanística para que a iniciativa pública ou privada poida desbloquear grandes bolsas de solo co fin de construír vivendas públicas e privadas e crear solo urbanizado para facilita-la implantación de industrias e doutras actividades económicas. A este efecto presentámo-la lei antes mencionada e que pronto permitirá, entre outras cousas, crear un patrimonio público de solo participando nas plusvalías que xere a actuación urbanística e no que interveñan as administracións locais e a Comunidade Autónoma, coa finalidade de executar vivendas de protección oficial, solos urbanizados para actividades económicas e grandes equipamentos públicos, impulsando, en todo caso, o destino

dos solos públicos excedentarios, a efectividade da política da vivenda e os equipamentos públicos.

4.2. Anteproxecto de lei de ordenación e protección do medio rural de Galicia

Pasando a outro tema que empeza a ser polémico –aquí é onde o discutiremos–, quero falarlles do Anteproxecto de lei de ordenación e protección do medio rural de Galicia.

Galicia conta no momento actual cunha arquitectura rural de excepción e cun territorio de incalculable valor paisaxístico, así como cunhas terras eminentemente fértiles e con vocación agrícola, gandeira e forestal. Nembargantes, a anarquía de construcións e usos que están proliferando nos últimos anos, a deterioración das edificacións, a falta de conclusión de moitas delas e a degradación da paisaxe provocada polos moitos movementos de terra inadecuados e o desenvolvemento tecnolóxico aplicado moitas veces de xeito incontrolado ó medio rural, fai urxente a promulgación dunha lei que trate de harmoniza-lo desenvolvemento e benestar da poboación rural coa preservación e revitalización dos bens culturais e naturais tan estimados. E o prezo, tal vez, que pagamos por un máis lento desenvolvemento industrial é fonte de recursos e patrimonio que se debe conservar para legalo ás xeracións futuras deste país.

Resulta, pois, necesario aborda-la regulación desta clase de solo, incluíndo os asentamentos de poboación nel emprazados, dunha maneira máis obxectiva e detallada que, dende a óptica da súa protección global fronte ós procesos de desenvolvemento urbanístico, teña en conta a súa importancia no esquema territorial de Galicia e limite, ordene, protexa e reconduza os procesos de transformación cos que se enfrenta.

Con esta finalidade foi elaborado o Anteproxecto de lei por unha comisión de especialistas na materia, integrada por profesores das tres universidades galegas, arquitectos e profesionais galegos de recoñecido prestixio e funcionarios das distintas consellerías. O texto normativo –quero dicir, o anteproxecto– está completamente rematado e ten por obxecto a regulación e protección do solo rústico de Galicia, dos asentamentos de poboación nel emprazados e do patrimonio rural, de acordo, entre outras, coas seguintes finalidades –pero déixenme dicir antes que mellor que ver

de vez en cando unha voadura dalgunha cousa feita incorrectamente, como está a pasar agora na costa galega, é adiantarse a iso–: preserva-lo medio físico; conseguí-la integración harmónica do territorio nas súas vertentes natural, cultivado e construído; fomenta-la ordenación e melloira dos asentamentos rurais; harmoniza-las esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e, en definitiva, inserir todo isto na política de urbanismo e de ordenación do territorio.

5. A planificación urbanística

Trátase de conseguir que tódolos concellos da Comunidade Autónoma –sen mingua da súa autonomía– dispoñan dunha figura de planeamento municipal axeitada á súa realidade territorial e socioeconómica, de acordo coa lexislación urbanística vixente.

As axudas ás corporacións locais constitúen o apoio preciso para a obtención de instrumentos de planeamento urbanístico eficaces para o desenvolvemento do territorio de xeito coherente coas demandas sociais e coa preservación dos valores ambientais. Así mesmo, a disposición de cartografía dixital –da que quero salienta-lo esforzo especial da organización comarcal de Galicia– permite subministrarlles ás corporacións locais, ós demais entes públicos e ós particulares a información física do territorio para a planificación e programación de actuacións inmediatas e futuras coas características técnicas axeitadas.

XIII. Desenvolvemento industrial

1. Modernización do sistema gasístico. Reganosa

A gasificación en Galicia, señorías, execútase en dúas fases ben diferenciadas; na primeira construíuse a rede principal do gasoducto que deu abastecemento ós principais núcleos de poboación. Poucos valorarán canto significou a axeitada negociación e construción pola Xunta de Galicia dos ramais a Lugo e a Ourense. Na actualidade, atopámonos na segunda fase, co inicio das actuacións constructivas encaimiñadas a estende-la subministración por toda a Comunidade e chegar así ó maior número de puntos de consumo posibles, pero en competencia de prezos e sen ningún monopolio, para o cal sería bo recordar que, efectivamente, Reganosa é un instrumento clave para isto.

A construción da planta de Mugar dos levará aparelado, por outra parte, un investimento de 228 millóns de euros e xerará uns 500 empregos directos, posibilitando uns investimentos do sector privado de gran transcendencia para a nosa Comunidade Autónoma, xa que superarán os 492 millóns de euros para os próximos dez anos, cunha estimación de emprego duns 1.500 postos de traballo directo, indirecto e inducido. Penso que un dos maiores servizos prestados nestes anos á Comunidade galega é a primeira fase da gasificación e a segunda.

2. Modernización do sistema eléctrico

A xeración eléctrica ten lugar en dous escenarios: un convencional (térmica e hidráulica) e outro especial (renovables, coxeración e residuos). A rede de distribución en Galicia é complexa e custosa, cuns condicionantes singulares en relación con outras comunidades, que fan que os investimentos necesarios para as infraestruturas sexan apoiados dende a Administración pública.

Quero dicir, señoras e señores deputados, que a Xunta impulsa o cumprimento dos prazos de execución das infraestruturas previstas no Acordo de colaboración bilateral adoptado entre os gobernos español e portugués, importantísimo, como xa dixen antes, para a creación do Mercado Ibérico da Electricidade, que no caso de Galicia afecta ás liñas de Cartelle – Lindoso e á de Aldeavila-Pocinho-O Porto.

Tamén estamos a desenvolver-lo Plan de mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia, firmado o pasado 24 de abril do 2001, cunha duración de cinco anos, que se centra nos aspectos de cantidade e calidade a nivel zonal e individual.

3. Potenciación das enerxías renovables

Teño que dicir que imos en cabeza, todo o mundo sabe disto, por exemplo, na eólica en España, e que recentemente, á parte do vixente Decreto 302/2001, regulador do aproveitamento da enerxía hidráulica, debemos salientar neste momento a figura do parque eólico singular para unidades de ata 3 megavatios –a súa normativa aprobarase en breve– que afecta ó servizo dos municipios.

O pasado ano a xeración da enerxía eólica superou os 2.000 xigavatios hora/ano e as fontes renovables acadaron

os 3.000 xigavatios hora/ano, convertendo a Galicia na primeira productora española de enerxía procedente deste tipo de fontes. Nestes intreos, a enerxía eólica cobre o 13% do consumo eléctrico da nosa Comunidade e as fontes renovables o 18%.

Cando o outro día escoitámo-las subidas do cru, teño pouco que engadir, salvo que, dos 44 parques existentes en Galicia, 29 están xa en funcionamento, cunha potencia total instalada de 1.058 megavatios, 4 rematados con inminente inicio de actividade –106 megavatios– e 11 en construción –227 megavatios–. Cóntase coa autorización para novos parques cunha potencia de 468 megavatios e xa comezou a tramitación para autorizar outros 350 megavatios.

4. A política industrial

A política industrial da Xunta de Galicia, señorías, responde a un modelo de reparto de tarefas entre distintos departamentos, consecuencia da nosa estrutura organizativa e competencial, pero sempre conforme á coordinación que define o Plan de desenvolvemento rexional de Galicia 2000-2006, como documento de referencia para o encaixe das diversas políticas sectoriais.

Na actualidade, a estrutura empresarial galega non é a óptima; feito que se comproba ó observa-la súa escasa dimensión media, a súa distribución xeográfica (case un 75% de implantación na área atlántica) e a existencia de sectores maduros xunto a outros moi dinámicos. Como contrapartida, e afortunadamente, hai que resalta-la existencia dunha dinámica investidora nos espazos con tradición industrial, o que se reflicte nas longas listas de espera en polígonos e parques industriais que, como xa dixen, obriga a redobrar esforzos nesta materia.

A Consellería de Industria e Comercio propónse acentuar o papel das infraestruturas enerxéticas, como xa dixen, no desenvolvemento de Galicia; profundar naquelas medidas horizontais, como a sociedade da información, a cultura da calidade e o fomento da innovación, necesarias para mellorar a posición competitiva; e impulsa-las programacións especificamente sectoriais no convencemento de que as medidas horizontais deben complementarse con outras, en función das estruturas sectoriais. Impulsáranse, así mesmo, actuacións de ordenación industrial no sector téxtil –hoxe en cabeza–

mediante a implantación física en espazos conxuntos, promovendo a xeración de sinerxías polo efecto da proximidade. Promocionaranse accións cooperativas para mellora-la posición competitiva de determinados aglomerados industriais, e impulsarase a innovación competitiva das empresas.

Un dos obxectivos fundamentais, señorías, pola súa incidencia na competitividade dos sectores de maior importancia na economía de Galicia, é, por suposto, o fomento na innovación tecnolóxica nas empresas –para iso, ademais de reforza-los medios da Consellería de Industria e Comercio, creouse a Secretaría Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación–, fomento no que estamos a traballar con exemplos tan importantes como o que hai poucos días inaugurou a Súa Alteza o Príncipe de Asturias no Porriño, no conglomerado de automoción, promovendo conglomerados ou *clusters*. O conglomerado tecnolóxico en materia de automoción penso que é un dos mellores de Europa, e hai outros exemplos que se poderían mencionar.

XIV. Modernización do comercio

Dos programas incluídos no Plan cuadrienal de modernización do sector comercial retalista de Galicia destacan, pola súa incidencia e novidade, fundamentalmente dous, sen esquecer que están incluídos nun plan global no que tódolos programas se complementan e teñen, por tanto, unha vital importancia para o seu desenvolvemento.

O comercio, señoras e señores deputados, fai cidade e exerce de tractor social; na decisión da compra participan conceptos como a vinculación do acto da compra e o ocio, os atractivos urbanos, a capacidade de atracción turística, o ámbito comercial, a cultura, as infraestruturas urbanas, etc. De aquí a promoción dos centros comerciais urbanos, no que estamos lanzados a fondo, con axudas que poden acadar ata o 70% do investimento.

Por outra banda, e cara á modernización do pequeno comercio, publicouse recentemente unha orde na que Galicia é pioneira –máis unha vez– en todo o territorio español. Esta orde posibilita que aqueles comerciantes cunha idade superior ós 60 anos cesen anticipadamente na súa actividade comercial, asumindo o compromiso de traspasar, alugar, vender ou cede-lo establecemento comercial no que desenvolvían a súa actividade.

1. Plan estratéxico de protección ó consumidor en Galicia 2002/2005

Establece as bases da política de consumo en Galicia para os próximos catro anos. Constitúe tamén unha proxecção do Plan estratéxico nacional 2002/2005, consensuado entre a Administración central e tódalas comunidades autónomas, con tres obxectivos xerais:

Nivel elevado da protección dos consumidores.

Aplicación efectiva das regras de protección dos consumidores.

Participación das organizacións de consumidores nas súas políticas de defensa.

A finalidade do Plan estratéxico é facilita-la integración dos intereses dos consumidores en tódalas políticas sectoriais coa conseguinte mellora da calidade de vida dos cidadáns.

XV. Unha educación de calidade

Galicia, atrevome a dicir, posúe, señor presidente, señoras e señores deputados, un sistema educativo cada día mellor dotado de recursos humanos e materiais. E hai que ter vivido nos anos trinta do século pasado para sabe-lo que isto quere dicir.

Ano tras ano, pese ó descenso da natalidade, vimos ofertando emprego público estable, mediante convocatoria de oposicións, para que os nosos centros docentes conten cun persoal cada día mellor preparado e, sobre todo, que os nosos alumnos dispoñan dun ensino de calidade e dunha eficaz e individualizada orientación educativa e profesional.

Señorías, vostedes saben que se fixeron e seguen a facerse grandes investimentos adicados á construción, reposición e ampliación de centros escolares. Pero o importante é que só no que levamos da presente lexislatura uns 4.700 docentes se incorporaron ó servizo de mensaxería, cunha conta de correo electrónico, é dicir, que estamos no século XXI, de maneira que nestes momentos son uns 12.000 os profesores que dispoñen da dita conta.

Enviamos ós centros educativos de niveis non universitarios uns 15.200 ordenadores e investimos na súa dotación informática máis de 36 millóns de euros. Hoxe teñen conexión a internet 1.100 centros e dispoñen de acceso a internet uns 287.000 alumnos de ensinanza non universitaria, aproximándose a ratio media ós 16 alumnos por ordenador.

Contando con estes recursos, e unha vez implantadas de maneira xeneralizada as ensinanzas de réxime xeral, os esforzos do Goberno que teño a honra de presidir céntranse hoxe na ordenación das ensinanzas de réxime especial e na mellora da calidade do noso sistema educativo.

Estamos a potenciar, señorías, as ensinanzas musicais, adaptando os centros á actual normativa, de tal xeito que no curso que acaba de comezar xa funcionan os conservatorios de grao superior de Vigo e A Coruña, os de grao elemental e medio de Ferrol, A Coruña, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo; o de Santiago está en fase de construción. Eu lembro o que dicía Platón sobre a música, que é un instrumento básico da cultura. Igualmente está disposto para entrar en funcionamento o Conservatorio de Danza de Lugo –o primeiro–, que representa un avance importante na implantación das ensinanzas de danza. É o primeiro que se crea en Galicia.

En canto ó ensino –no noso tempo esencial– de idiomas, contamos nestes momentos con dez escolas oficiais que, xunto cos 52 institutos de educación secundaria, que imparten o Plan de potenciación da aprendizaxe de linguas, atenderon no pasado curso académico uns 26.500 alumnos.

Co fin de potencia-la lectura incrementouse unha hora semanal no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, tanto para a lingua galega como para a castelá. Esta acción enmárcase no Plan de apoio ás materias instrumentais e ás humanidades, de xeito que tamén se aumentou o horario de matemáticas e de filosofía.

Somos conscientes, señorías, de que a calidade do ensino non só se fundamenta nuns bos currículos nin na suficiente dotación económica dos centros. A clave do éxito de calquera reforma educativa está no profesorado; de aí que a súa formación sexa un obxectivo prioritario da Xunta de Galicia, obxectivo que se vén plasmando ano tras ano nos respectivos plans de formación.

No referente á formación profesional, a Xunta estableceu, como unha das prioridades para esta lexislatura, a aplicación do Plan galego de formación profesional. Este plan foi elaborado en cooperación pola Xunta de Galicia e as organizacións sindicais e empresariais máis representativas no seo do Consello Galego de Formación Profesional.

Estamos seguros, señoras e señores deputados, de que o reto da mellora da calidade educativa se vai ver apoiado pola promulgación da futura Lei de calidade, que no pasado mes de xullo foi tramitada como proxecto polo Consello de Ministros.

As contribucións de Galicia ó borrador do anteproxecto foron asumidas na súa case totalidade polos responsables do ministerio; considerámonos, polo tanto, copartícipes dunha futura lei que esperamos que lle dea o pulo definitivo a un ensino de calidade para todos, aplicado dende a diversidade.

1. Universidades

A Universidade do século XXI entrou xa na fase de excelencia académica, unha vez acadado, na última década, o número máximo de estudantes probable, que superou os 100.000 nas 157 titulacións que temos implantadas, que lles permiten ós mozos e ás mozas galegos elixir entre 89 carreiras.

Neste ámbito, e como vostedes saben, lévase feito un grande esforzo no desenvolvemento da LOU, elaborando dous proxectos de lei, que xa están en trámite parlamentario, e un decreto de contratación de profesorado, aprobado xa polo Consello da Xunta.

Neste asunto, tamén –repito– temos aberto un diálogo cos grupos parlamentarios para acadar un consenso na elaboración da Lei xeral do sistema universitario de Galicia que permita a converxencia con Europa nun sistema común de educación superior.

XVI. A industria da cultura e do ocio na sociedade da información e do coñecemento

Señor presidente, señoras e señores deputados, a encrucillada internacional, á que Galicia non pode escapar, esixe a construción dun novo espazo cultural europeo que, lonxe

das vellas hexemonías, poida integrarse no mundo a través de intercambios recíprocos e sen renunciar ós nosos valores propios.

Sabido é que estamos a vivir unha época na que a creatividade está cada día máis ameazada polas esixencias uniformadoras do mercado que moitas veces non respectan debidamente as identidades culturais e que sacrifican todo en beneficio das potencias industriais. Por iso falo da industria da cultura.

A evolución cultural da Europa comunitaria deberá pasar, pois, señor presidente, señorías, por unha maior presenza e competitividade nos mercados mundiais a través dunha institución forte no terreo cultural, que permita a realización plena das rexións e das comunidades sen Estado, unhas das principais fornecedoras da cultura europea de hoxe.

A dualidade cultura-desenvolvemento deberá supoñer axiña unhas cantas respostas por parte dos organismos europeos, especialmente o Consello de Europa e o Parlamento comunitario.

Neste sentido cultural, ábreanse moitas posibilidades para a nosa Galicia. Unha comunidade plenamente integrada en Europa, ata o punto de ser unha das súas fisterras históricas, pero ademais co centro de atracción que é Santiago, e que ó longo da última década ten dado abondosas mostras da súa vocación europea. Unha realidade que é máis que vocación e que contribuíu á unidade dos pobos e das culturas europeas dende a Idade Media e a través do Camiño de peregrinación a Santiago, por certo, declarado oficialmente polo conxunto de Europa Primeiro Itinerario Cultural Europeo, un camiño de fe, de historia, de arte e de cultura que pervive con total e plena vixencia e que ofrece moitas posibilidades.

1. Os eixos da modernización

Os eixos da modernización son complexos.

En primeiro lugar, a demostración práctica da importancia que lle damos á nosa integración na sociedade da información e do coñecemento e que dende a cultura, o ocio e a comunicación está pasando do 15% ó 20% do PIB.

Estamos preparando a campaña de promoción exterior da celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2004. As obras da Cidade da Cultura de Galicia, proxecto vértice de moitos anos de pensar cómo espalla-la nosa cultura polo mundo enteiro, penso que fala polo demais.

No ámbito do patrimonio cultural traballamos de maneira coordinada, abordando actuacións e programas dos distintos departamentos dentro dun obxectivo común; en particular, o turismo cultural. Aí está a Rede de Patrimonio Arqueolóxico que se vai executar en catro anos e que suporá un investimento de 21 millóns de euros (o Ministerio de Fomento concedeu este ano 2,5 millóns de euros a través do 1% cultural).

Este plan suporá a creación de catro parques arqueolóxicos:

O do Megalitismo na Costa da Morte (A Coruña).

O da Arte rupestre en Campo Lameiro (Pontevedra).

O da Cultura castrexa en San Cibrán de Lás (Ourense).

O do Mundo romano (Lugo).

Á parte disto está o Plan de museos e arquivos de Galicia, o Plan de catedrais, o Plan de mosteiros, o Plan de pontes históricas, o Plan de castelos e fortalezas, o da muralla de Lugo, o da Illa de San Simón e o Plan de casas rectorais. Á parte das casas de turismo rural, elemento esencial na cultura e no turismo.

2. Proceso de preparación do Xacobeo 2004

Estamos preparando o Xacobeo 2004 coa magnificencia que require o que será o primeiro Ano Xubilar Compostelán do novo século e milenio, despois da súa recuperación nos últimos anos. Xa está elaborado o Plan estratéxico dos camiños, a partir do cal se crearon varias coleccións visitables e se levou a cabo a potenciación da rede de albergues.

3. Avance da Cidade da Cultura

Do avance da Cidade da Cultura de Galicia teño pouco que dicir, salvo que imos recibir en Barcelona o premio *Mee-*

ting Point ó mellor proxecto inmobiliario do ano 2002, e que ocupámo-lo papel protagonista estes días na Exposición Bienal de Venecia, e podo anunciar que se a finais do pasado mes de agosto se adxudicaron as obras de estrutura da Hemeroteca, despois dos traballos preliminares e dos traballos da súa construción, que comezaron na segunda semana do pasado setembro, ó longo do 2003 iranse adxudicando as obras da Biblioteca, do edificio de Novas Tecnoloxías e do Museo da Historia de Galicia, quedando daquela só pendente para o ano 2004 o comezo das obras do Teatro da Música.

4 e 5. Novos proxectos de promoción cultural

Está en marcha o Programa de fomento da lectura, o da Promoción do libro galego e o da Biblioteca dixital de Galicia.

6. A sociedade da información e do coñecemento

Señorías, o desenvolvemento da sociedade da información e do coñecemento é un elemento clave para unha mellora substancial da cultura do país galego. Só conquistando o mundo das novas tecnoloxías, da comunicación e dos contidos, poderemos acadala converxencia coas rexións máis avanzadas da Unión Europea. Aí estamos traballando na potenciación do sector audiovisual –e cada día hai un novo premio que se acadade os traballos que se fan en Galicia– na promoción da sociedade da información e no desenvolvemento das telecomunicacións.

7. Maior presenza do sector audiovisual

Quero destaca-la maior presenza do sector audiovisual. No período comprendido entre 1996 e 2001 rodáronse en Galicia un total de: vinte longametraxes, corenta e nove curtametraxes, doce series de televisión –varias cedidas xa e en fase de tradución noutras televisións comunitarias– e corenta e catro documentais.

No campo da animación, estanse realizando interesantes traballos a partir do éxito sensacional acadado por *O Bosque Animado*.

8. Incorporación da cultura galega a internet

Aproveitando o bo momento do audiovisual e os contidos multimedia e a súa converxencia con internet, a Xunta

ultima a promoción dos contidos propios da cultura galega na rede de redes. Isto permitirá, señoras e señores deputados, xerar emprego na industria galega de alta tecnoloxía de contidos e impulsa-lo proceso de dixitalización de todo o noso patrimonio cultural, achegando un maior número de galegos e de galegos a internet.

9. Substitución da telefonía rural TRAC

Falarei brevemente, por ser coñecido, da substitución da telefonía rural TRAC. Foi un gran triunfo establecer un sistema que chegase a tódalas partes de Galicia, pero nestes momentos está xa en marcha o bucle local *inalámbrico*.

Conforme á nova Lei 34/2002, do Goberno central, o día 30 de xullo de 2003 deberán estar substituídos o 30% dos teléfonos TRAC de España; o día 31 de decembro do 2003 estarán substituídos o 70%, e no ano 2004 deberán estar cambiadas todas estas liñas celulares.

O Goberno de España tamén cumpriu o seu compromiso de que o proxecto de substitución dos TRAC comezara por Galicia, porque conta co 40% dos TRAC existentes en toda España.

O custo deste cambio de telefonía en Galicia ascenderá a 240 millóns de euros, que serán financiados integramente por Telefónica e cos fondos Feder que xestiona directamente o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

XVII. Maior competitividade do mercado turístico

O turismo segue a ser un dos principais motores da economía galega, xa que, no que levamos andado deste ano, o crecemento do sector foi dun 9,8%. Non teño máis que dicir do sector do turismo.

Contrariamente á tendencia mundial, os datos do sector na nosa Comunidade son altamente positivos. E, naturalmente, como son aquí obviamente parcial pois non quero insistir, pero é evidente que a situación favorable de Galicia se debe a unha oferta variada, con múltiples produtos turísticos especialmente no rural, no cultural ou no termal; unha mellora substancial das redes internas e externas de comunicacións; unha planta hostaleira en renovación; un compromiso co sector profesional do turismo cunha das mellores

escolas de Europa, situada aquí en Santiago; e, naturalmente, as moitas posibilidades que ofrecen o mercado español e o galego no mundo.

XVIII. Protección da saúde

Señorías, a promoción e a protección da saúde dos cidadáns galegos, de dentro e de fóra de Galicia, segue a constituír para o Goberno da Xunta un obxectivo prioritario. Recentemente aprobámo-lo novo Plan de saúde de Galicia, que define as principais liñas de actuación que caracterizan as políticas e programas para o cuatrienio.

Neste momento contamos xa cun Programa galego de vacinacións, que se cumpre case que ó 100% en termos de cobertura. Á parte das vacinas contra a meninxite C, a *Haemophilus influenzae* de serotipo B, o pneumococo, etc., estanse a incorporar-las vacinas combinadas.

Elaborouse o Plan de acción anti VHI-SIDA Galicia 2002-2006, que comezará este ano. E, en definitiva, nós apostamos decididamente pola seguridade alimentaria, para o que se puxo en marcha un programa específico que regula, entre outros, o control sanitario das industrias alimentarias e a análise dos alimentos do mercado.

Implantado xa o Plan especial de control sanitario da encefalopatía esponxiforme bovina, estanse a incorporar dez novos matadoiros ó sistema informático de control e seguimento do sacrificio de bovinos.

En canto á sanidade ambiental témo-la constitución do Comité de Expertos Multidisciplinares en Telefonía Móbil; por certo, quero disipar certas afirmacións que se están facendo ó respecto, e seguimos coas investigacións. Tamén se segue a desenvolver este ano o Programa de prevención e control da lexiónelose, que, gracias a Deus, as medidas anteriores limitaron notablemente a súa expansión en Galicia.

1. Constitución da Fundación Galicia-Saúde

Xa falei das medidas especiais para os galegos no exterior. Debería mencionar aquí que o pasado 16 de setembro tiveron a honra de presidir, xunto co presidente do Centro Galego de Buenos Aires, o acto de constitución da Fundación Galicia-Saúde, encargada, a partir de agora, de xestio-

nar e de administrar a área hospitalaria do histórico Centro Galego de Buenos Aires, desbordado pola crise no momento actual, e que esperamos continuar estendendo por outras partes de América.

XIX. Servicio Galego de Saúde

1. Reforma da atención primaria

Señorías, dende o Sergas séguese apostando pola mellora da accesibilidade e da calidade da atención primaria, e co desenvolvemento ininterrompido do novo modelo estanse a acadar practicamente tódalas previsións que formulamos no seu momento, concretadas en 309 unidades de atención primaria en funcionamento –18 delas creadas neste ano–, extensión das unidades con horario de tarde, ata chegar a 67, e esperando que sexan 6 máis a finais deste ano.

Implantáronse 12 novos PAC no que vai de ano, co que se incorporaron 19 concellos ó sistema de gardas de presenza física neles, completando así un total de 293 concellos incorporados.

A implantación, excluída no seu momento dos programas nacionais de saúde, do Programa de saúde bucodental para a atención da poboación infantil de 0 ata 14 anos supón un decisivo impulso na información e na educación desta materia para este importante tramo poboacional, e inclúe ademais os coidados preventivos ás mulleres embarazadas e a asistencia odontolóxica a discapacitados físicos e psíquicos.

Polo que atinxe á construción dos novos centros de saúde –xa moi adiantada–, cabe subliñar que neste ano se rematou a construción de 5 máis (dous xa funcionando), outros 7 están en execución e 5 en fase de adxudicación, o que fai un total de 17 novos centros de saúde.

2. Importantes melloras na atención especializada

Aí está a páxina web do Sergas, cos datos correspondentes. Pero quero salientar, porque é un tema de frecuente discusión pública, que a demora media existente nas listas de espera é, polo xeral, inferior á dos países do noso ámbito, aínda que continuaremos realizando todos aqueles esforzos que nos permitan atender a crecente demanda de asistencia

sanitaria dos últimos anos. Deste xeito, a finais de ano a demora media cirúrxica se acercará ós 60-70 días e a de primeiras consultas externas será aínda inferior.

3. Potenciación da rede hospitalaria

Dende o Sergas continúaase, señorías, coa mellora da infraestrutura hospitalaria, concretada en importantes actuacións este ano, como o inicio da fase 1.^a dos plans directores do Complexo Hospitalario “Juan Canalejo” da Coruña, do Complexo Hospitalario de Ourense e da fase 3.^a do Hospital “Montecelo” de Pontevedra. Tamén rematarán este ano as obras e o equipamento do edificio D do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela. Así mesmo, iniciárase a construción do novo Hospital de Lugo, moderno centro asistencial con tecnoloxía de vangarda, que xa está en fase de licitación.

4. Plan de Galicia sobre drogas

Quero anuncia-la elaboración dunha nova lei que modifica a Lei 2/1996, de Galicia sobre drogas, que limita tamén a publicidade, promoción, venda e consumo abusivo de alcohol por parte dos menores. E, por outra parte, tomáronse medidas para evita-lo inicio do consumo, atrasalo e detectar situacións de risco; para o incremento da accesibilidade ós programas de tratamento, ampliando a cobertura da administración de metadona nos centros de saúde; para a creación dunha comunidade intrapenitenciaria no cárcere de Pereiro de Aguiar; e para a elaboración do Plan de inserción personalizado para drogodependentes.

XX. Unha política medioambiental de desenvolvemento sostible

Non quero prolongar demasiado a paciencia das súas señorías, pero estamos nun grande esforzo pola adquisición e extensión dunha cultura ambiental na nosa Comunidade. O progreso non é posible sen o necesario respecto ó contorno e sen a protección dos recursos naturais imprescindibles para garantir que ese progreso teña unha continuidade no futuro, cousa que en Galicia –non hai mal que por ben non veña– facilita o atraso anterior do desenvolvemento industrial.

Precisamente a creación do Centro de Desenvolvemento Sostible, como dirección xeral dentro da Consellería de

Medio Ambiente, é unha mostra dese novo enfoque. Entre as súas tarefas iniciais cómpre destaca-la posta en marcha da estratexia de desenvolvemento sostible de Galicia, no que se refire á integración da variable ambiental nas restantes políticas, así como a elaboración dunha segunda fase da citada estratexia centrada no desenvolvemento dun informe de sostibilidade en Galicia.

Non menos importante é, señorías, a promoción da elaboración de estratexias de desenvolvemento sostible no ámbito local, isto é, a implantación da Axenda 21 Local nos municipios e mancomunidades de Galicia. Temos que lle facer fronte ó cambio climático, que xa é unha realidade, e niso estamos.

XXI. Política agroalimentaria

A Lei de creación do Instituto Galego de Calidade Agroalimentaria (Ingaca), é absolutamente necesaria.

1. Infraestruturas agrícolas e rurais

Cómpre a adaptación ó Plan nacional de regadíos e ó Acoro do marco de colaboración dunha rexión que ata o de agora non tiña moito interese polo tema, pero que neste momento parece evidente que o cambio climático obriga a isto.

Hai un cambio importante nas axudas da rede viaria da nosa comunidade, que precisa de constante actuación de conservación, mellora e ampliación que contribúan á incrementa-la calidade de vida dos habitantes dos núcleos rurais. Por iso no Plan actual, aprobado no 2001, que afecta a 220 concellos, onde se desenvolven 241 actuacións, o noso investimento total vai ser de 27.640.000 €, dos que 11.150.000 € corresponden a este ano.

2. O sector lácteo

Do sector lácteo quero dicir que nós estamos absolutamente pendentes del, que estamos pendentes da conxunción de cantidade e calidade.

3. Novos obxectivos para a gandería

Polo que se refire ó vacún, a proxección de Galicia é a de seguir avanzando nos obxectivos marcados dende hai moitos

anos e que teñen que ver co aumento da competitividade para incrementa-las rendas dos gandeiros, a reestructuración e o incremento das garantías na calidade e seguridade dos produtos, e non ten que ver, naturalmente, co número de explotacións agrarias senón coa súa produción e calidade.

4. A agricultura e o sector agroalimentario

En canto á agricultura e ó sector agroalimentario continuaremos nesta lexislatura co proceso de obter unhas producións nas que se priorice a calidade e a salubridade, compatibilizándose coa salvagarda do medio ambiente e a rendibilidade das explotacións. Neste eido seguirase potenciando a produción integrada, a ecolóxica e os produtos específicos e tradicionais, así como as medidas agroambientais ligadas á agricultura, compensando mediante primas por superficie o lucro cesante como consecuencia da aplicación destes sistemas productivos.

5. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Debo salienta-la creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, decidida aposta polo noso medio rural e a súa inevitable transformación, plasmada na redacción da Estratexia Galega do Medio Rural e na creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

O principal esforzo dedicouse, e seguirá dedicándose, á implementación dos programas Agader, que, cun investimento previsto de 84.141.695 € e financiados integramente con fondos autonómicos, afectará a dez grupos de acción local. Combinando estes recursos cos procedentes dos programas Leader e Proder II a totalidade do territorio galego queda cuberta por programas de desenvolvemento rural xestionados por grupos de acción local, o que supón corenta grupos de acción local cun investimento total previsto de preto de 324 millóns de euros no período 2000-2006.

XXII. Actividade productiva pesqueira

En Galicia polo termo “pesca” non entendemos soamente un labor extractivo, senón —e cada vez máis— toda unha serie de actividades productivas. Xa o 30% destas actividades productivas —non o sitúo no paleolítico senón nas modernas fórmulas de produción derivadas do mar—, teñen a súa orixe na explotación dos recursos mariños e constitúen

un complexo agregado empresarial de especial importancia, con ramificacións na case que totalidade dos sectores económicos identificados do país.

Para o seu desenvolvemento, a pesca precisa, ademais dunhas políticas propias de recursos, estruturas, mercados, formación e investigación, dunha planificación integral do litoral e dunha xestión adecuada e consecuenta do medio ambiente mariño e máis da política portuaria, ademais dun dispositivo de seguridade e de salvamento marítimo.

En consecuencia con esta realidade, e na procura de maior eficacia na xestión, ó botar a andar esta nova lexislatura adecuamos formalmente a estrutura administrativa autonómica a estas necesidades, o que tamén aconsellou modifica-la denominación do departamento, que pasou a chamarse de “Pesca e Asuntos Marítimos”.

Señoras e señores deputados, gracias ás políticas activas dispostas a principios dos anos noventa, e a pesar dos sobressaltos que de cando en vez nos chegan de fóra, as cousas marchan máis que razoablemente ben neste sector. Así, temos que a produción marisqueira se multiplicou por catro; os desembarcos de peixe non decaen, pese á redución da flota; as solicitudes de renovación e modernización da flota mantéñense á alza; os investimentos na industria de transformación incrementáanse substancialmente ano a ano; a acuicultura consolídase e non fai máis que medrar; e os nosos produtos do mar chegan cada vez máis e mellor ós mercados.

Por iso queremos impulsa-la evolución do marisqueo a pé cara á acuicultura, como remate do proceso de profesionalización desta actividade; regula-la reordenación da baixura, absolutamente necesaria, e na que se están a dar pasos decisivos, non fáciles, nestes días, pero espero a colaboración de todos para entendelos; involucramos na cooperación ó desenvolvemento como fórmula de colaboración cos países donos dos recursos de interese para a nosa industria pesqueira, no que está a traballar intensamente a consellería; e, por último, ímonos seguir concentrando, como o estamos a facer dende 1997, na defensa dun cambio no modelo de xestión da política pesqueira comunitaria —pero non no que algúns propoñen—, para que esta actividade productiva se rexa segundo os principios do Mercado Único e as nosas empresas pesqueiras poidan desenvolverse sen trabas e como calquera outro sector productivo.

XXIII. Modernización e apoio á Administración de xustiza

Non son, como saben, competencias substantivas, que corresponden, como é ben sabido, ó Consello Xeral do Poder Xudicial e ó Ministerio de Xustiza, senón competencias adxectivas ou de apoio. Pero deron lugar á rehabilitación de máis de 20 edificios xudiciais, estando en marcha outros varios; á renovación e ó reforzo dos equipos informáticos básicos dos órganos xudiciais, e, en todo caso, vaise implantar un sistema informático xeral de xestión xudicial chamado Minerva e as novas tecnoloxías, cun sistema de videoconferencia nos xulgados galegos que permitirá aforrar custos de desprazamentos nas declaracións testificais dos membros dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e que axilizará os procedementos xudiciais.

XXIV. Maior prevención de riscos laborais

Estamos na elaboración dun plan de choque contra a sinistralidade laboral (Proxecto 1.100).

Continuando na senda programada, estamos a traballar no Programa integral para a formación de riscos laborais; na intensificación do Plan galego de prevención de riscos no sector pesqueiro; na creación dun portal preventivo na rede; no desenvolvemento dun programa nos sectores de canteiras e lousa para coñecer e palia-los efectos da silicose; no fomento da implantación de normas e criterios en convenios colectivos que potencien a aplicación de condicións favorables á seguridade e á saúde laboral. E, en definitiva, é imprescindible a colaboración e o diálogo cos axentes sociais, no que estamos traballando, que son os verdadeiros protagonistas das relacións laborais colectivas e que teñen unha posición relevante nesta emerxente área da seguridade e saúde laboral.

XXV. Relacións coa Administración local

O consenso e aprobación por unanimidade nesta Cámara da Lei do Estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela significou un xesto de unidade e de sensatez –dos que mencionaba ó comezo da miña xa un pouco longa intervención– por parte dos grupos políticos que compoñen este Parlamento, que eu celebro e agradezo. Esta declaración permitirá, dende un punto de vista práctico, articular un sistema que responda ás particularidades que a capital de Galicia e maila súa área de influencia presentan.

Polo que se refire á Área Metropolitana de Vigo, estase a traballar entre todos para avanzar na creación dun novo ente capaz de conciliar e coordina-los intereses comúns dos concellos que nel se integren. Atopariámonos perante a primeira experiencia metropolitana no ámbito galego, constituíndo un pilar indiscutible na configuración do réxime local galego. Un fito demostrativo da firme aposta da Xunta de Galicia polo asociacionismo municipal como elemento artellador do tecido local da nosa Comunidade Autónoma.

1. Desenvolvemento do Plan e pacto local

Púxose en marcha o Centro de Estudos Locais de Galicia, de especial importancia, no que queremos que xurdan as bases para dotar Galicia das axudas para a execución e o mantemento de servizos básicos municipais. Xa estamos traballando con especial fincapé na mellora das sedes das entidades locais e na colaboración cos concellos para a dotación dos medios de xustiza de Paz. É un tema que desborda o ámbito local, pero é esencial o recente convenio para a mellora das casas cuartel da Garda Civil, a implantación dunha “cultura da calidade” das entidades locais, e no fomento da utilización das novas tecnoloxías, xeneralizando a tramitación electrónica entre a Xunta e os concellos.

Por todo isto estamos nos traballos para a modificación da Lei de Administración local de Galicia, coa colaboración, dende un principio, dos habilitados nacionais e das tres universidades galegas, co obxectivo de que o texto teña entrada no Parlamento galego a principios do ano 2003.

En canto ós parques de bombeiros, entrarán en servizo os parques de Ribadumia, Arteixo, Ordes, Carballo, Boiro e o de Verín, así como o funcionamento comarcalizado do de Santiago de Compostela. E estamos traballando coa Fegamp na materias susceptibles de traspaso.

XXVI. Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

Creada a nova Secretaría Xeral, non teño que explicalo que se está a facer dende ela. Pero quero dicir que un estudio levado a cabo pola Unidade de Políticas Comparadas do Consello Superior de Investigacións Científicas “SPRITTE” (*Spanish Policy Research in Innovation and Technology, Training and Education*), no que se comparan

as políticas de I+D de diversas comunidades autónomas, dise: "...a política galega de I+D é un magnífico exemplo de cómo as preferencias dos decisores políticos nesta materia se poden levar adiante e plasmarse en políticas concretas, sempre e cando medie un instrumento adecuado de organización institucional...".

O mesmo informe indica que a viabilidade desta política require a asistencia ou a creación dunha certa demanda empresarial de I+D –que eu quero reiterar dende aquí–, dado que se optou por unha orientación claramente empresarial.

Durante o primeiro Plan galego de IDT, a demanda empresarial medrou de todos modos de xeito sistemático, multiplicándose por dous o número de proxectos financiados e por 1,6 a contía total deles. Á vista de todo isto, coa aprobación do segundo Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2002-2005, a Xunta decidiu dar un novo pulo á política de I+D+I, reforzando o papel integrador da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento. O seu presuposto medrou nun 69% e aumentou o financiamento xeral do plan nun 27%. No que vai de 2002 –isto é o máis importante–, a demanda empresarial proposta para o financiamento multiplica por máis de 3,5% a de 1999.

XXVII. Reflexión final

Señor presidente, señoras e señores deputados, chega o momento de rematar. Ata aquí o balance ou rendición de contas do Goberno da Xunta ampliado cos documentos que serán remitidos, balance da Xunta que me honro en presidir.

Quero reiterar, unha vez máis, que o Executivo galego ten desenvolto, nos últimos dez meses, moitas máis realizacións –é imposible amplia-lo tempo dunha intervención dese tipo– e continuado ou iniciado moitos máis proxectos que os que eu sumariamente levo apuntado neste discurso. Insisto en que teñen vostedes á súa disposición o tomo de Proxectos e Realizacións, con máis de mil páxinas abondo exhaustivas, e quince separatas máis tamén bastante completas.

Penso que todos somos conscientes dos cambios e das transformacións e das conxunturas; tamén, por suposto, dos erros e das equivocacións, naturais en toda empresa humana que se preze de selo. En todo caso, aquí estamos para dar

conta do feito e do que imos seguir facendo, que non é pouco, e para responder, con total honestidade, ás posibles eivas que conteña o noso proxecto, mellorable –como dixen varias veces– e aberto ó diálogo.

Rabindranath Tagore, aquel magnífico poeta bengalí, a quen, por certo, deu a coñecer na Península Ibérica Vicente Risco –permítanme que engada que nunha conferencia da Unesco celebrada en Nova Delhi me tocou presidir un home-naxe a el cunha obra en bengalí e falar despois; non sei cómo o entendín, pero fixeno–, ten un coñecidísimo pensamento que di, máis ou menos: “Non te enredes en arrincar flores para gardalas. Segue camiñando e as flores aledarán o teu camiño”.

Algo así é o que eu penso, dende hai moito tempo, con respecto ó que ten que ser unha xestión de goberno sería, responsable e sen escatimar esforzos. Non se trata de exhibir aquí, nesta tribuna, os mangados de flores que fomos colleitando ó longo de todo este tempo. Tampouco é o meu estilo oculta-las espiñas debaixo dos fermosos e arrecendentes pétalos da rosa, porque todo o mundo sabe que as espiñas seguen estando aí.

Polo tanto, só me resta, nesta reflexión final, volver sobre a miña idea de que, por riba das diferencias ideolóxicas e das lexitimas distancias partidarias, aínda por riba das maiorías absolutas –que, por suposto, agradecemos moitísimo a tódolos que teñen confiado no noso programa e na miña modesta persoa, ó longo de catro exemplares consultas electorais e que por suposto non nos dan dereitos senón obrigas–, está o principal, está Galicia. Isto é o que non entenden algúns que veñen por aquí de paseo e que non saben valorar, na súa xusta medida, os ofrecementos que eu, lealmente, fixen.

E remato xa, señor presidente, señoras e señores deputados. Aquele xenial fabulador, tamén galego, que foi Gonzalo Torrente Ballester, profesor meu de literatura aquí en Compostela nos anos 39-40 do pasado século, abre a primeira páxina desa gran novela que é *La saga/fuga de J.B.* cunha magnífica descrición de dous ríos, o Mendo e o Baralla. Esta narración chea de *suxerencias* e de evocacións representa para min o símbolo da esencia máis pura da nosa terra. Por iso, porque Galicia está de corpo enteiro e coa súa alma nesa dualidade simbólica, tan nosa e tan necesaria para seguir

sendo o que somos e como somos, quero que as miñas palabras finais sexan as do mestre Torrente Ballester, recentemente desaparecido: *"La niebla se hace más espesa y gris por la parte del Mendo, más ocre y húmeda por la parte del Baralla: lento el uno, rápido y alborotado el otro. De aguas opacas y densas el Mendo; transparentes, ligeras, las del Baralla, que se cuentan las guijas relucientes de su lecho. El Mendo es atractivo y siniestro: invita a mirarse en él como en un espejo, y hay que apartarse de prisa, porque en los adentros del que se mira nace en seguida un deseo incoercible de aniquilamiento. El Baralla invita, en cambio, a la aventura, a la evasión, al viaje: no descanso, sino camino ofrece; no tumba, sino vehículo"*.

Dixen. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

A rolda de intervención dos grupos parlamentarios iniciárase ás cinco da tarde. Ata entón, suspendémo-la sesión.

O señor PRESIDENTE: Continuámo-la sesión coa intervención dos grupos parlamentarios que queiran facelo.

En primeiro lugar, ten a palabra o señor Pérez Touriño polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías, empezarei a miña intervención con dúas declaracións en relación coa situación política do país.

En primeiro lugar, señor Fraga, vostede tivo e ten o compromiso do Partido Socialista de Galicia na loita contra o terrorismo e contra os que o apoian e o encobren; na defensa da liberdade e da vida a cotío ameazadas no País Vasco; na defensa da Constitución e do Estatuto de autonomía, dos valores democráticos e das regras de xogo que sustentan a nosa convivencia.

Señorías, primeiro é a liberdade e a vida, por iso é unha mala aposta, e un mal camiño, o emprendido por Ibarretxe. O seu plan non merece nin o apoio nin a solidariedade dende ningún lugar de España, dende ningunha forza democrática.

Habemos de ser firmes e prudentes na resposta, señor Fraga, e permítame que lle diga que ultimamente non o vin

nin coa firmeza esixible na pedagogía política necesaria en Galicia neste senso nin coa prudencia desexable ó reclamarlo uso de medidas excepcionais coa autonomía vasca, insistindo na liña do choque de trens, da confrontación permanente co Goberno vasco, que impulsa imprudentemente o Goberno de José María Aznar.

En segundo lugar, señor Fraga, conta co apoio do Partido Socialista de Galicia na defensa dos intereses xerais de Galicia, da posición de Galicia en España e da posición de Galicia en Europa. Tívoo, teno e terao, dende a proximidade ó Goberno, dende o compromiso e a iniciativa para estes fins. Velaí a nosa disposición permanente ó diálogo e ó compromiso.

Dito isto, corresponde entrar no que é a avaliación da situación da nosa Comunidade. Transcorrido un ano dende a súa investidura como presidente, despois das últimas eleccións, corresponde hoxe aquí, sobre todo, facer balance do seu labor e das súas responsabilidades de Goberno neste ano, dos problemas da xente e das súas solucións, señor Fraga. Debatamos, en primeiro lugar, sobre o exercicio do autogoberno de Galicia. Da Galicia real, non do país virtual e sen problemas e sen galegos do seu discurso desta mañá.

E teño que dicirlle, señor Fraga, que as cousas non van ben para Galicia, que non van ben para as galegas e os galegos. E preocúpame a actitude do seu Goberno. O Goberno amósase paralizado, esgotado, sen iniciativa, coma un goberno interino diante dunha situación que se torce. Un goberno que nos fixo perder este primeiro ano desta lexislatura, hipotecado polas necesidades do seu partido e do seu futuro.

Acabamos de comeza-lo curso político despois dun verán no que sufrimos unha auténtica deterioración da situación sanitaria: peche de camas e de plantas nos hospitais, longas listas de espera, sobre todo nas consultas e nas probas diagnósticas, e diminución dos tempos de consulta na atención primaria. Un verdadeiro *fiasco*, señorías. Tan pronto como apertou a seca, máis de 25.000 hectáreas dos nosos montes quedaron arrasadas polos incendios. Tras doce anos de Goberno impoñen e converten en monopolio un modelo incinerador na xestión de residuos, como o Plan Sogama, como é Sogama hoxe. E agora trasládanno-lo fracaso do modelo, advertido polo Consello de Contas, e pretenden impoñerlles

de golpe ós usuarios uns incrementos tarifarios totalmente desorbitados. Todo un contrasentido do Goberno, que transmitiu a imaxe da descoordinación, e co propio presidente falando de pasárlle-la factura ás deputacións deste país.

Nunha comunidade na que os cidadáns sofren e padecen dun gran déficit en políticas sociais e de apoio ás familias, vostede non tivo ningún reparo, señor Fraga, ós poucos meses de constituí-lo Goberno, de dismantela-la súa acción no terreo da familia, do emprego e dos asuntos sociais para coloca-las súas responsables noutras tarefas e noutras ocupacións e obrigas que non son as do Goberno de Galicia, e, por certo, entre as que parece que está a de acompañar a Julio Iglesias por Galicia adiante.

Señor Fraga, cada día faise máis evidente para todo o mundo que están vostedes ó seu, nas súas historias, en clave interna e paralizados; que nos fixeron perde-lo ano realmente. Por certo, non estaría de máis que o señor Cuiña o tivera a vostede ben informado para evitar que viñera vostede aquí anunciar proxectos de lei que non son tales, leis que están actualmente xa en trámite parlamentario, no debate incluso das emendas á totalidade.

Señor Fraga, retome o diálogo social, sente cos sindicatos, fale cos concellos, entrevístese cos sectores empresariais, reúnase cos tres rectores das universidades de Galicia, recupere, señor Fraga, a iniciativa política. Recomendollo, e asegúrolle que eu o estaría facendo porque Galicia así o necesita.

Porque, señorías, as cousas non van ben para a inmensa maioría das galegas e dos galegos. As cousas só van ben para uns poucos, para os poderosos, para os beneficiarios das súas privatizacións, para os resultantes da especulación inmobiliaria. Estamos instalados nun triángulo perverso, de escaso crecemento económico, de altas taxas de paro e de continua suba dos prezos.

Señorías, temos unha moi escasa capacidade de creación de emprego en Galicia. O noso ritmo foi a metade do español, e non é un problema do último ano nin tan sequera do anterior, señor Fraga. Galicia vén tendo un comportamento diverxente con España, empeorando a súa situación en ocupación e actividade ó longo do último decenio. No último ano temos 7.400 parados máis e seguimos a ter unha taxa de paro superior á de España, que é a máis alta de toda a Unión Europea.

É moito paro durante moitos anos, que golpea sobre todo ás mulleres e ós mozos deste país. Entre os mozos, un ano máis volveu incluso a descende-la ocupación e a actividade, que é xa oito puntos inferior á estatal.

Señor Fraga, con vostedes Galicia volveu ser un país de emigración de mozos, é a terceira vez en toda a nosa historia contemporánea. Recentemente entrados no século XXI, o fracaso da súa política social e económica fainos reencontrar cun mal secular e endémico da nosa historia: o drama da emigración. Cada día 50 mozos galegos, a maioría con titulación superior, emigran fóra do noso país para buscar un traballo. E no ano 2000 foron máis de 17.000 galegos, a cifra máis alta da década.

Por certo, están retornando persoas maiores, en gran parte procedentes da Arxentina, do Uruguai e doutros países das nosas antigas emigracións. Gustáriame, señor Fraga, que puxera a súa autoridade ó servizo de que poidan seguir vindo a este país; que o Goberno de España, que o Partido Popular, non siga polo camiño escandaloso de días atrás de impedi-la entrada en España, en Galicia, de arxentinos e de uruguaiois, señor Fraga; que non se alteren relacións históricas nin se esquezan débedas que temos contraídas; que non se converta, señor Fraga, a política de emigración en Cáritas ou no Domund –con todo o respecto para ámbalas dúas institucións–, que é o que está empezando a facer en boa medida o señor Miras.

Señor Fraga, terá o noso apoio para reclamarlle ó Goberno estatal que considere a emigración como unha auténtica cuestión de Estado. Ten todo o apoio do Partido Socialista para esa proposta e para conseguir esa consideración que hoxe non ten o Goberno do Partido Popular.

Señorías, o escaso emprego que se crea en Galicia é na súa maioría precario. Temos unha precariedade superior á española e vinte puntos superior á europea. Hoxe a precariedade alcanza a 7 de cada 10 mozos que atopan un traballo. E temos 300.000 galegos traballando en condicións precarias.

Ós nosos mozos e ás nosas mulleres só lles estamos ofrecendo inseguridade e desesperanza, estamos a negárlle-las oportunidades e o seu futuro. ¿Como van emanciparse, como van poder desenvolve-lo seu proxecto vital e familiar con esta situación de incerteza e inseguridade?

Asumindo a nosa iniciativa puxo en marcha o Plan Labora, pero baleiro de recursos orzamentarios e de contido. Unha vez máis facendo política-anuncio, chamándolle plan ás medidas e ós recursos xa existentes, como subliñou e denunciou o Consello Galego de Relacións Laborais, constatando así o seu fracaso. E vostede responde aplaudindo, o primeiro da fila, o decretazo e os recortes dos dereitos sociais neste país.

Ese é o seu modelo de sociedade e a súa receita de política económica: paro, precariedade laboral, recorte das prestacións sociais, salarios quince puntos por debaixo da media española e as pensións máis baixas de toda España. Respecto do seu compromiso, por certo, de darlles unha pensión pública ás amas de casa, aínda estamos esperando por el, señor Fraga.

Vostedes, señor Fraga, limitanse a ser testemuñas deste fracaso, mais os galegos o que necesitan é que poña en marcha un programa urxente de reactivación económica que dinamice a economía galega mediante o investimento en infraestructuras, tecido productivo, axuda ás familias e vivenda. E tamén un programa de medidas para fomenta-lo emprego e a redución da precariedade e da sinistralidade laboral.

Hai outras cousas que evolucionan moi significativamente neste ano. Os prezos fóronse das mans, señor Fraga, e a maioría das familias galegas perden poder adquisitivo; sete de cada dez familias teñen dificultades para chegar a fin de mes. Non fai falla que lle recorde as cifras, témo-los prezos máis elevados de tódalas comunidades autónomas de España e moita máis inflación ca en Europa. Os efectos son moi negativos para as contas das familias e para a competitividade das empresas galegas, que están perdendo produtividade e competitividade como resultado da inflación.

Miren, señorías, houbo un tempo no que ó señor Fraga lle preocupaba o prezo dos garavanzos, as contas das familias. Hoxe quero crer que lle seguen a preocupar, pero dende logo xa non lle ocupan, señor Fraga. ¿Que medidas adoptou para evitar que as familias galegas sexan un 15% máis pobres cá familia media española? A dúas de cada tres familias galegas non lles queda nada para aforrar ou para realizar unha compra importante ó acaba-lo mes. Un 40% das rendas familiares neste país teñen que dedicarse, no mellor dos casos, a paga-la hipoteca da súa vivenda.

Realmente para os mozos e para as familias de rendas medias e baixas acceder á vivenda é imposible, señorías. Os prezos da vivenda puxéronse polas nubes nos últimos meses, tres veces o IPC en Galicia. Pero o que é máis grave, señor Fraga, a penas hai política de vivendas de protección oficial, a penas hai política de vivendas en aluguer (360 vivendas prométense para o período de catro anos). Coa súa política de vivenda, para a inmensa maioría dos mozos e das familias de rendas humildes neste país, a vivenda é un ben inalcanzable, e para a maioría das familias supón unha carga de endebedamento realmente insoportable.

Vostedes, señor Fraga, abandonaron as familias. En Galicia temos un déficit social insoportable. Sábeno as mulleres e os propios mozos, que queren concilia-la vida laboral e a vida familiar e que non teñen prazas de garderías infantís. Sábeno as familias de 60.000 nenos menores de 3 anos que non teñen esa posibilidade. Un goberno progresista garantiría o servizo de comedor nos centros escolares para os nenos de entre 3 e 12 anos, e ampliación de horarios, para facilitar de verdade a conciliación da vida laboral e familiar, mentres que vostedes o que están facendo é ir pechando comedores.

Abandonaron as familias e sábeno ben as que teñen unha persoa dependente, un discapacitado, un enfermo de longa duración; sábeno moi ben os que teñen na casa un dos máis de 70.000 maiores que demandan algún tipo de axuda e non a poden atopar porque hai menos de 4.000 prazas en residencias asistidas e longas listas de espera, porque non existe a posibilidade real de integración laboral e social dos discapacitados.

A dereita, señorías, pretendeu convencernos de que, coa globalización, para poder competir con éxito, había que asumir salarios baixos, precariedade no emprego –vostedes chámanlle a isto flexibilidade–, recortes nos dereitos sociais e privatización dos servizos públicos. Señor Fraga, vostedes esmeráronse en aplicarlle a Galicia esta receita que é auténtico aceite de rícino. Sen embargo, a situación de Galicia representa a constatación do máis claro fracaso desa política social e desa política económica.

Se falamos da Galicia real, estamos nos grupos de cola de Europa: en renda per cápita, en taxas de paro e de poboación ocupada, en inflación alta, á cabeza en déficit de ser-

vicios sociais, en perda de poboación e en envellecemento poboacional, en produtividade e en competitividade da nosa economía.

Outros países e rexións, dende Irlanda ata o Algarve, pasando polo Norte de Portugal, que está aí, preto de nós, empezaron moito máis atrás e hoxe ou supérannos ou, cando menos, alcanzáronnos. ¿Por que eles avanza e aquí hai cada vez máis xente con dificultades e perdemos produtividade e competitividade? Porque estamos, señor Fraga, na cola dos factores que determinan a produtividade e a competitividade dun país, que fan atractivo un país para os investidores estranxeiros e que mobilizan o seu potencial de desenvolvemento.

Os galegos necesitan máis investimento en educación, en investigación e desenvolvemento, na sociedade da información, en infraestruturas productivas, en capitalización da nosa economía, en apoio de servizos avanzados ó tecido productivo e empresarial deste país.

Non estamos aproveitando de forma axeitada os fondos procedentes da Unión Europea e non utilizámo-la capacidade de autogoberno deste país para favorecer-la ocupación e face-las reformas modernizadoras necesarias en sectores estratéxicos como a agricultura e a pesca, no apoio, na potenciación e na modernización das pequenas e medianas empresas do país, no apoio ó comercio, na ordenación do territorio e no desenvolvemento equilibrado de Galicia.

A educación, señorías, é o instrumento máis prezado da igualdade, pero para vostedes ten escasa prioridade. Presuposto tras presuposto, o esforzo en educación foise reducindo. Hoxe dedicámoslle tan só o 4,25% do noso produto interior, lonxe do 5,10% dos países europeos. No que se esforzaron é en aumentar substancialmente as subvencións á ensinanza privada, que viu cómo nestes últimos anos gañaba alumnos mentres que a pública os perdía, señor Fraga.

A pasada semana tivemos unha mala noticia para Galicia. Dende a soidade, coa oposición de tódolos grupos políticos parlamentarios de España e dunha boa parte das comunidades autónomas, o Partido Popular aprobaba unha lei de ensinanza que por primeira vez na historia da democracia lles recortaba dereitos ós alumnos, unha lei que despreza as comunidades autónomas, na que fomos auténticos convida-

dos de pedra e da que se nos di agora que teremos que financiar-la súa aplicación. É un auténtico exercicio, señor Fraga, de submisión, de debilidade política e de renunciar ó exercicio do autogoberno pola súa parte, que Galicia non merece.

Despois da aprobación da desgraciada LOU, as universidades públicas de Galicia séntense preocupadas, e con razón, pola súa autonomía e polo seu financiamento, polo compromiso do Goberno coa súa calidade e a da investigación. Teñen razón, señor Fraga. Na súa mensaxe de inauguración do curso nada dixo de todo isto, e nada dixo dos tres de cada catro alumnos que quedaron este ano en Galicia sen bolsas de estudos. A súa mensaxe foi en Vigo curta e carente dos necesarios compromisos que necesitan as universidades, Vaia a Madrid, señor Fraga, e non permita que 3.000 estudantes galegos non poidan acceder á universidade como consecuencia da retirada das bolsas compensatorias.

Nun proxecto modernizador e de futuro para este país, un goberno socialista faría da Universidade un sector en expansión, provedor de servizos avanzados de formación, de innovación e de investigación; actores potentes no desenvolvemento social, tecnolóxico e económico do territorio, e cun sistema de financiamento suficiente, obxectivo e transparente, capaz de incentivar-la excelencia, a calidade e a competencia da actividade universitaria. Propoñémo-la posta en marcha dun paquete de medidas para incrementalo número de bolsas ata equipararnos á media europea.

Xunto coa educación, a investigación e o desenvolvemento, as redes de información e o capital humano, outro factor determinante da competitividade dun país é a dotación en infraestruturas productivas e a articulación do seu territorio. Pois miren, señorías, foron vostedes incapaces de xerar un modelo de desenvolvemento territorial neste país; foron vostedes incapaces de darlle respostas ó fenómeno rexional urbano deste país, e conduciron a Galicia a unha profunda ruptura interior. Hoxe temos unha Galicia en dúas velocidades, condenando a boa parte da nosa poboación e territorio ó retroceso, ó abandono, ó afundimento e ó desastre demográfico. Esa é a realidade da súa política.

Necesitamos directrices de ordenación do territorio, necesitamos recoñecer como espazos funcionais decisivos as rexións urbanas, as áreas metropolitanas e as áreas urbanas deste país. Unha política de desenvolvemento rexional

que promova o desenvolvemento rural, que fixe poboación, que estableza programas integrais de discriminación positiva coas zonas en emerxencia, en abandono e en desertización. Propoñémo-la creación dun fondo para o reequilibrio territorial deste país.

Señores do PP, non apostaron polos concellos, que viven unha situación de asfixia democrática, de asfixia financeira e de bloqueo político como resultado da súa posición. Nin máis recursos nin máis competencias, señor Fraga. Non entendeu que o autogoberno e a autonomía de Galicia, a súa fortaleza, se ten que construír sobre a fortaleza e a autonomía dos concellos de Galicia. ¡Así se constrúe a autonomía de Galicia! ¿Como vai reclamar vostede a cooperación e reduci-los localismos se vostede impuxo durante todo este período, coa súa maioría absoluta, unha concepción centralista dende Santiago, na que os concellos e as cidades foron entendidos como entidades subordinadas e ós que debía tute-la-la autonomía?

Mais agora chegan as eleccións municipais e lánzanno-lo televisivo slogan: “Agora os concellos”. ¿Que concellos, señor Fraga? ¿Os do Partido Popular? Nin tan sequera todos, senón só algúns do Partido Popular. Pregúntolle: ¿Van vostedes facer aflora-los 25.000 millóns que baixo corda presupostaria lles dan ós concellos amigos? ¿Van afronta-la asfixia financeira dos concellos, señor Fraga? É indispensable neste país poñer en marcha unha lei de subvencións que garanta a transparencia no reparto dos fondos públicos e un plan de reforzamento da autonomía local que inclúa unha proposta de saneamento financeiro dos concellos de Galicia.

Falemos agora do investimento público, señor Fraga, o outro gran factor que podería permitírnos alcanzar aquilo que non alcanzamos neste período. Falemos de investimento público. Galicia segue moi lonxe de recupera-lo nivel de investimento acadado na década dos noventa, e recibe nos presupostos xerais do Estado deste ano un tratamento inxusto e plenamente discriminatorio: sómo-la Comunidade Autónoma de España con menos investimento por habitante. Dito en prata: escamoteáronnos 300 millóns de euros (50.000 millóns de pesetas das de antes). De entrada, señor Fraga, reúnase co presidente Aznar –esqueza o señor Cascos, que é o seu embaixador en Madrid ultimamente e que sabemos que non pinta nada–, reúnase co seu homónimo, co presidente do Goberno de España, sente con el e consiga

vostede que o noso, o que é xusto, o que nos deben, se poña nos presupostos xerais do Estado deste ano, e déixese de historias, señor Fraga.

Miren vostedes: fotos, inauguracións, anuncios na televisión, manexo dela, redes virtuais, todo iso é o seu estilo de gobernar. Por certo, señor Fraga, ¿está vostede en condicións de modifica-la Lei de creación da Radio e a Televisión de Galicia para que o director xeral dela sexa elixido polos 2/3 deste Parlamento, garantindo así a transparencia, a pluralidade e a obxectividade dos medios de comunicación públicos? É unha cuestión central nun sistema democrático no século XXI que queira ser moderno e que queira ter futuro, e asegúrolle solemnemente que o próximo goberno, en todo caso un goberno socialista, si o fará, señor Fraga. A realidade, aquela que non vemos a través da televisión pública, o que non existe na televisión pública, é que non hai un euro para a autovía do Cantábrico, non hai un euro para a autovía Santiago-Ourense, non hai un euro para Santiago-Lugo, non hai un euro para Lugo-Ourense. Os problemas de conexión e de actuación nos medios urbanos e nas cidades de Galicia teñen que seguir esperando.

Señor Fraga, vostede facía pola mañá unha proclama –que era curioso escoitala– a favor do público, a favor incluso das empresas públicas; á hora da verdade no que estamos certamente é diante da privatización de Autopistas do Atlántico, o maior soporte de comunicación deste país; estaa privatizando co seu aplauso o Goberno do Partido Popular. Por certo, despois do escándalo de prorrogárle-la concesión das peaxes ata o ano 2048, despois de garantirlle beneficios millonarios, agora privatízana. Pois mire, señor Fraga, agora é o momento de tomar posición, de reclamar compensacións e devolución de beneficios para este país; debe da-la batalla para poder rebaixa-las peaxes na Autopista do Atlántico, e para iso ofrézolle todo o apoio do Partido Socialista.

Señor Fraga, é hora de que lle explique á Cámara por qué nos documentos oficiais e nos plans da Xunta –cítolle abril do ano 2000– se valoraba e se propoñía un plan de alta velocidade cun custo de 7,8 billóns de euros e tempos de viaxe de entre dúas e dúas horas e media para as cidades galegas –esa era a proposta da Xunta de Galicia en abril de 2000–, e agora estanse a aprobar proxectos coa metade de investimentos e case que o dobre de tempo de viaxe. Iso chámase

tren de segunda división. Iso non se chama tren de alta velocidade, señor Fraga. ¿Ten ou non ten que ver? É hora de que o explique nesta Cámara, é a oportunidade de que faga a explicación pública diante desta Cámara. Esta redución á metade do investimento, esta multiplicación de case o dobre dos tempos de viaxe, ¿ten que ver coa eliminación dos tramos de alta velocidade entre Ourense e Lubián, entre Ourense e a Meseta, entre Ourense e Vigo, e entre Santiago e A Coruña, que era a proposta que estaba nese documento oficial da Xunta de Galicia de abril de 2000? ¿Esa é a explicación? E, se non, señor Fraga, ¿cal é a explicación da situación na que estamos?

Os galegos necesitamos que se asine un convenio que garanta tempos de viaxe, que garanta trazados, que garanta financiamentos e prazos concretos de execución para unha infraestrutura vital e decisiva para este país. Miren, señorías, este primeiro ano da lexislatura foi un tempo perdido. Deste fracaso na acción do Goberno quen sae prexudicada é Galicia e os seus cidadáns. É a consecuencia da súa política antisocial, señor Fraga, dun goberno paralizado e esgotado nas súas claves internas, dun proxecto político antigo, falto de ambición e de vocación modernizadora para facer unha Galicia máis moderna e máis xusta entre todos.

O balance deste ano é o balance dun ano perdido. É o balance dunha Galicia que perde peso, que perde diñeiro e que perde influencia política. Coa súa política perdemos poboación, máis de 35.000 habitantes na última década, señor Fraga: unha cidade como Vilagarcía perdémola polo camiño. O seu Goberno sáldase coa peor sangría demográfica da historia do século XX na nosa terra. Nunca, nin na época máis dura da emigración nin nos momentos máis difíciles deste país, tivemos unha sangría demográfica como a que vostede ten que apuntarse no seu haber político, señor Fraga. Coa súa política perdemos poboación ocupada. Se tan só mantiverámo-lo nivel de ocupación, de emprego, de comezo dos anos noventa, cando vostede asume a Presidencia do Goberno, hoxe teríamos 240.000 cidadáns máis traballando e producindo neste país, é dicir, tanto como unha cidade do tamaño da cidade da Coruña.

Coa súa política perdemos peso económico. A nosa contribución económica hoxe no conxunto nacional tamén é bastante menor. E coa súa política perdemos investimento nos presupostos do Estado. Un trato inxusto e un trato dis-

criminatorio no que non temos nin o que se nos axusta nin o que nos corresponde pola poboación e polos habitantes que temos no país.

Coa súa política, con vostede, señor Fraga, Galicia perde influencia e perde peso político nos últimos tempos. Nin se nos consulta nin influímos nas grandes decisións que nos afectan directamente como país, directamente como galegos.

Corresponde agora facer referencia ós horizontes do autogoberno no contexto de España e de Europa e, señorías, señor Fraga, a nosa proposta é clara, firme e nítida: máis Galicia, máis España e máis Europa. Esa é a nosa ambición, ese é o noso compromiso e esa é a nosa proposta.

No último cuarto do século XX, nos últimos vinte anos, modificáronse substancialmente as circunstancias e o ámbito do noso quefacer político. No terreo político hoxe vivimos nun Estado composto, froito dun profundo proceso de descentralización política, no que as comunidades autónomas viron consolidados en toda España a súa identidade e o seu nivel de autogoberno. Un autogoberno de España que ten que ser compatible co cogoberno, coa cooperación e coa participación das autonomías na gobernabilidade xeral de España.

Desenvolveuse un decisivo proceso de integración na Unión Europea que deu luz a esta –hoxe está en ampliación e en redefinición–, que ocupa espazos moi relevantes da política: dende a unificación monetaria e dos mercados ata a definición de políticas estratéxicas para a calidade de vida e o futuro dos nosos cidadáns e para a nosa Comunidade, como a política agraria, como a política pesqueira ou como a propia política rexional.

No terreo económico, o complexo e ambivalente fenómeno da globalización comporta tamén profundos cambios que definen un núcleo interdependente que afecta ós mercados, que afecta ás actividades financeiras e que afecta ás actividades productivas, ás condicións de competitividade de cada economía. A globalización comporta de seu que existan rexións perdedoras e que existan rexións gañadoras en termos relativos.

Miren, señorías, dende Galicia temos conciencia de ser europeos, por historia e por vocación. O noso pobo, as nosas

xentes, foron emigrantes por miles –hoxe os mozos vólveno facer–, foron actores do desenvolvemento europeo. Pois hoxe queremos ser corresponsables do destino de Europa, aspiramos a ser actores e partícipes de pleno dereito no proxecto político europeo que está en plena construción e en plena redefinición, señor Fraga. E os socialistas propugnamos e queremos unha Europa influente no mundo. Europa non pode perderse, non pode diluírse na globalización. Hoxe Europa é a penas unha testemuña preocupada ante acontecementos como os do día 11 de setembro, os enormes fluxos migratorios, a expansión da sida, a pobreza en África, a crise que conmociona á Arxentina e ameaza a América Latina, as crises internacionais como as de Oriente Medio ou os Balcáns, as desordes financeiras internacionais... Europa pouco pinta, pouco máis ca unha testemuña.

Os socialistas queremos unha Europa capaz de exercer un liderado rexional que contribúa á estabilidade e á paz, ó desenvolvemento e á cooperación co terceiro mundo, capaz de construí-la regulación que a economía globalizada está a demandar. Unha Europa que poida ser, efectivamente, realmente importante e que pese e que contribúa no mundo global na dirección da paz, na dirección da solidariedade, na dirección do desenvolvemento dos dereitos humanos. Unha Europa, señor Fraga, que non estea ó dictado dos intereses da economía de guerra que quere impoñer George Bush, que non estea ó dictado da teoría da guerra preventiva, senón unha Europa que sexa capaz de facer oír-la súa voz e ergue-la súa palabra democraticamente, unidamente.

Non podemos estancarnos na unión monetaria, faise imprescindible avanzar nun espazo europeo de benestar, apoiado na cohesión, como filosofía e como principio inspirador do conxunto das políticas da Unión Europea: a cohesión social e a cohesión económica. No modelo social europeo, como sistema de benestar, temos que avanzar no goberno económico da Unión como sustentador e pilar fundamental dun proxecto europeo común e compartido. Esa é a posición dos socialistas, a contraria dos conservadores, a contraria da dereita en España, en Galicia e en toda Europa, que vai exactamente na dirección contraria: de menos Europa e da renacionalización da maioría das políticas europeas.

Temos que ir a unha constitución europea, señor Fraga, que recoñeza constitucionalmente dereitos e deberes da cidadanía europea; que recoñeza constitucionalmente o

Comité das Rexións –representando tamén aí as cidades–; que recoñeza a lexitimidade das rexións, daquelas que temos competencia lexislativa; que recoñeza a nosa posibilidade para interpoñer recursos diante do Tribunal de Luxemburgo; que ampare as rexións para que poidamos tomar parte na preparación e na execución da lexislación comunitaria. Porque as rexións, as comunidades autónomas, somos Europa e queremos formar parte e contribuír a esa Europa forte.

Señor Fraga, dende España e dende Galicia temos que acomodarnos constitucional e estatutariamente a este novo escenario que queremos compartir. Esa é a nosa proposta: a necesidade de acomodarnos e de dar resposta a eses vinte anos e a ese desafío de Europa, da globalización e da España descentralizada que plantexa novos retos, que plantexa novas demandas. Temos que adaptarnos constitucionalmente e estatutariamente a ese novo escenario. Temos que facer que as comunidades autónomas poidan participar efectivamente, señor Fraga, na formación da vontade común do Estado, e hoxe non o podemos facer; por certo, coa política do señor Aznar, menos, coa involución autonómica do Partido Popular, menos. Pero, en todo caso, non o podemos facer, e é imprescindible e necesario que o Senado poida ser de verdade esa Cámara dos territorios, e, por outra parte, é imprescindible a partir de aí a incorporación das comunidades na Delegación diante da Unión Europea, tal e como acordou este Parlamento recentemente. Por certo, chámame poderosamente a atención que non fixera vostede referencia a ese acordo parlamentario do Parlamento de Galicia, a quen vostede se debe, e que xa estea, en cambio, aberto a novas propostas; aínda non puidemos desenvolve-la anterior e xa está aberto –parece– a novas propostas. A verdade é que non me parece moi de recibo esa falta de respecto ó compromiso alcanzado pola maioría deste Parlamento para facer posible o Senado como Cámara territorial e a participación efectiva de Galicia na Unión Europea.

Dende Galicia temos que vivir este escenario con preocupación. Os que hoxe nos gobernan en Galicia e en España fannos estar ausentes como país na reforma agraria e na reforma pesqueira. Hoxe vaimos mal nos dous sectores estratéxicos para o noso tecido productivo, e estivemos fóra da iniciativa e fóra do liderado nesa materia. Nin tan sequera cando tivémo-la Presidencia española da Unión Europea puidemos exercer-la influencia necesaria para que nos fora ben nesa dirección tan vital para o noso país. Mañá pode se-

la redución de fondos estruturais ou a involución na cohesión social e na cohesión territorial. Esa non é a Europa, señorías, que queremos nin a que Galicia necesita. Hoxe estamos tan ausentes do debate cotián como da discusión da Europa do futuro. Porque vostede hoxe pola mañá falou aquí, señor Fraga, bastante longamente dalgunha destas cuestións, pero nin comprometeu nin ofreceu nin deu fórmula ningunha para a participación de Galicia na Convención Europea, para que este Parlamento poida ter opinión, para que a sociedade galega poida formular iniciativas e seguir un debate crucial para o futuro dos galegos, dos españois e do conxunto da Unión Europea.

Señor Fraga, señorías, non podemos permanecer instalados na autocompracencia resignada, non podemos estar instalados no inmovilismo conservador do que vostede fixo gala na súa intervención desta mañá. Por iso, hai uns meses o Partido Socialista de Galicia fixo pública a súa vocación de profundar no autogoberno de Galicia, dende a lealdade co propio Estatuto de autonomía, dende a lealdade coa Constitución española da que provén, dende a crenza na fortaleza do Estatuto e da Constitución. Aquela proposta, novidosa no noso país, é tanto máis importante por ser anunciada dende un partido dos non chamados nacionalistas. Lonxe inicialmente de provocar unha posición converxente das forzas do arco parlamentario, suscitou a controversia, incluso unha pretendida ridiculización inicial por parte do PP e do BNG. Só unhas semanas máis tarde os mesmos partidos que menosprezaban a nosa posición empezaban a ver que quizais fose necesario eleva-lo noso teito competencial e incluso abri-la posibilidade dalgunhas modificacións ó Estatuto. E estamos seguros, e estou plenamente seguro, de que estas visións xurdiron dende a mesma lealdade ó Estatuto e á Constitución dende a que nós a presentamos. Por iso non queremos facer deste tema unha batalla de paternidade. Mais permítanme que lles diga algo que nos parece moi importante á hora de abordar este plantexamento. É imprescindible, señoras e señores do PP, profundar no autogoberno de Galicia porque necesita avanzar este país, e pode ser necesario cambia-lo Estatuto para ser máis coherentes e máis leais co propio espírito que o sustenta. E tan importante como todo iso é, señoras e señores do BNG, que esta proposta fora posta sobre a mesa por un partido dos que se chaman non nacionalistas. Porque o desenvolvemento do autogoberno e a profundación leal no Estatuto non debe separa-los nacionalistas dos non nacionalistas; e por iso, cando un partido

coma o noso presenta unha proposta como a que nós fixemos, non caben nin estratexias nin paternidades, ás que renunciamos, só cabe poñerse a remar na mesma dirección e transmitir a toda a sociedade galega e a toda a sociedade española que se pode formular calquera pretensión de autogoberno dende o diálogo, dende a convivencia e dende o respecto á Constitución, que nos converte en cidadáns libres e con dereitos. Por iso era importante que esta iniciativa nacera en Galicia do Partido Socialista de Galicia, e por iso é exactamente igual de importante que agora perda a paternidade e pase a pertencer a tódolos membros desta Cámara, a tódolos galegos e a tódolos españois que fixemos cada día máis forte a nosa democracia.

Manifestar hoxe a profundación no autogoberno, e incluso na reforma do Estatuto, non é tarefa doada, sabémolo todos. É un momento difícil para os matices, aínda que estes sexan de peso, e por iso ás veces xurdíronnos dúbidas sobre a oportunidade das nosas argumentacións nun momento no que o máis necesario parece ser cerrar filas entre tódolos que sabemos distingui-las vítimas dos verdugos, entre os que témo-la convicción inequívoca de non sumarnos a ningunha proposta na que a violencia sirva de pretexto, xustificación ou chantaxe para a acción política. Mais coa mesma forza, coa mesma convicción que dicimos isto, coa mesma inequívoca convicción dicimos que non podemos deixar que sexan eles os que marquen a axenda do noso país, que o resto dos pobos non podemos estar atenzados pola violencia e o terror duns poucos, señor Fraga. Se hoxe estamos falando disto no Parlamento, se hai meses presentamos unha proposta tan clara, é porque estamos convencidos de que situarnos no camiño da profundación do autogoberno constitúe un valor esencial para o fortalecemento de Galicia, pero que ninguén o dubide, supón tamén o pulo definitivo á España da diversidade consagrada na Constitución. O fortalecemento do autogoberno das comunidades autónomas non debilita a España, fortalécena en toda a súa profundidade; é facer tamén máis España, señor Fraga.

Probablemente as nosas posturas sexan diferentes en canto a cómo se debe facer isto e en canto tempo se debe de profundar, seguramente. Mais, por enriba de todo, serán as posicións políticas de interlocutores libres que se recoñecen a si mesmos, capacitados e lexitimados para o consenso e para a discrepancia, que ámbolos dous son igual de lexitimos en democracia e igual de necesarios para o desenvolvemento

to desta. Por iso propoñémo-la creación dun grupo de traballo integrado polas tres forzas políticas do arco parlamentario, que poida solicita-lo asesoramento de expertos alleos ó Parlamento para abrir un proceso de avaliación, de optimización e de mellora, de impulso e de profundación no autogoberno do noso país. A fortaleza de Galicia dependerá en gran medida da nosa capacidade para expresar criterios comúns, de fixa-los obxectivos compartidos para avanzar conxuntamente nos grandes temas do país. Permítome pedir-lles que fagan todo o posible para que a mellora e o impulso de autogoberno de Galicia sexa alcanzado canto antes entre todos.

Señor Fraga, non converta en realidade a fermosa profecía poética dun poeta compostelán, Salvador García Bodaño, que nos dicía: “Galicia é isto que vai en nós e que nos leva camiño aberto no suco onde todo é por vir e non chega”.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Touriño.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente desta Cámara. Señorías.

Señor presidente da Xunta, no ano que vai andado dende as pasadas eleccións lexislativas galegas —o primeiro da VI Lexislatura do Parlamento de Galiza— creamos entre todos unha nova situación e unha diferente dinámica da política galega na súa dimensión institucional. A chave mestra que abriu ese novo escenario consistiu no establecemento dun novo método de relacións institucionais entre as tres forzas políticas presentes nesta Cámara e mais coa propia Xunta e co seu presidente. Ese método recibiu a denominación de interlocución ou diálogo institucional. Digo conscientemente e a mantenta “entre as tres forzas políticas”, para subliñar expresamente que o método non foi plantexado como relación bilateral excluyente dun terceiro protagonista senón como aberto a todo o abano ideolóxico e político desta Cámara e, por tanto, con vontade incluyente das tres forzas que nela posuímos a representación do conxunto da cidadanía galega. E sinalo así mesmo a mantenta a relación coa Xunta, a través do seu presidente, porque aí radica, ao meu

ver, o fulcro e a primordial novidade que converte a dialéctica parlamentaria en “diálogo institucional”. Dito doutro xeito: velai as pezas chave do método que permitiu pasar da confrontación sistemática entre posicións fixas a unha dialéctica de controversia entre contrarios, que inclúe o diálogo institucional para os asuntos que pola súa gravidade o reclaman e que pola súa natureza o fan posíbel. Puntualizo isto porque, nunha dialéctica de opostos ideolóxico-políticos, nin calquera tema merece nin calquera tema permite ser tratado mediante un diálogo institucional que poida desembocar en acordos consensuados entre eses opostos ideolóxicos. Unha mostra evidente está na problemática sociolaboral, na que, ademais, o marco competencial galego é hoxe en día moi pouco relevante, sobre todo na práctica. Nada, por tanto, de complicidades contra natura nin de pactos espurios para amaños de “cocina política”, só pura e simple dialéctica política civilizada e creativa, a prol dun país chamado Galiza que se atopa nunha situación límite, que se enfronta a retos decisivos e que reclama a máxima eficiencia política da súa suprema institución de autogoberno na fórmula actual: o Parlamento, a cámara dos representantes, na que residen o poder lexislativo e máis as funcións de impulso e control sobre do Executivo, ou sexa, sobre do Goberno da Xunta.

Mais compre pór en claro algúns aspectos deste método que puideran ser mal entendidos ou suscitar confusión. En primeiro lugar, para empezar polo que resultou máis visíbel e ata rechamante, o papel do diálogo aberto entre este portavoz do BNG e o presidente da Xunta —o que alguén cualificou de *love story*, tentando facer humor con tan pouca orixinalidade como calquera colonizado pola filmografía ianqui máis sensibleira e consumista—. A realidade é que se entre goberno e oposición se quere pasar da simple negación recíproca a unha dialéctica de controversia, cumprirá que iso se opere dende os dous polos que resultan ser antitéticos, e non con calquera outro que se atope nunha posición intermedia. E resulta evidente que, durante todo o período anterior á actual lexislatura, eses dous polos contrapostos xa estaban encarnados no Bloque e no Partido Popular, mesmo denantes de que o BNG se convertese electoralmente na primeira forza da oposición. De feito, non existiu durante ese período ningunha caste de coordinación entre as dúas forzas da oposición nesta Cámara, pese aos nosos esforzos, nin sequera cando estaba en xogo infundir na cidadanía a confianza en que gobernaríamos en coalición na Xunta se conxuntamente

derrotábamos o Partido Popular e lle arrebatábamos a maioría nesta Cámara. De xeito que, na práctica, a oposición que traballaba nesa dirección e ofrecía unha alternativa de goberno era unicamente o BNG. Nada ten de estraño que a expresión máis gráfica desa dialéctica polarizada se personalice nas confrontacións entre o presidente da Xunta e o voceiro do Bloque, e que, por tanto, a eles lles corresponde o rol e a responsabilidade de abrir camiño para a posta en práctica do diálogo institucional como método para ese novo marco de relacións institucionais entre Goberno e oposición, unha vez que os electores renovaran maioritariamente a súa confianza no presidente Fraga e mantiveran ao Bloque como forza maioritaria en votos e primordial referente cualitativo de oposición como alternativa de goberno.

A min só me corresponde falar en nome do BNG, e con ese mandato quero facer algunhas aseveracións taxativas. Son as seguintes: a lóxica desa mesma contraposición antitética entre o BNG e o Goberno da Xunta é a que explica que o Bloque fose o único grupo parlamentario que ousou plantexar unha moción de censura ao presidente Fraga en todo ese período, aínda sabendo que tiña perda de antemán a votación. A nosa diagnose da situación política naquel intre leváranos á conclusión de que o Goberno estaba sumido na inoperancia e a parálise perante o grave estado de cousas que padecía a cidadanía. Hoxe continúa a Xunta entangarañada en análogas eivas. Mais hoxe estamos virtualmente ao comezo dunha nova lexislatura e non tería moito siso interpretar que os cidadáns que lle acaban de renovar a maioría ao presidente Fraga xa hoxe lla retirarían. Cando o BNG chegou á conclusión de que o Goberno se mostraba irremediabelmente incapaz e que a cidadanía se sentía desasistida, frustrada e exasperada, o BNG non amagou con interpelacións ou picadas de tabán: censurou a Xunta e o seu presidente. E fíxoo en solitario, porque os demais non ousaron asumir ese risco. Uns meses máis tarde, os resultados das eleccións puxeron de manifesto que o descontento da cidadanía que o BNG trasladara a esta Cámara en forma de censura non se traducira logo en censura exercida co voto por esa mesma cidadanía. O BNG asumiu e acatou a vontade popular expresada nas urnas. A censura é a forma límite da confrontación institucional cun Goberno, mais se os cidadáns non confirman a censura cos seus votos poucos meses despois, unha forza democrática debe interpretar que os cidadáns prefiren outra forma de exercer a alternativa de goberno dende a oposición, polo menos de

momento. Ese difícil e lacerante exercicio de modestia democrática practicouno o BNG a partir do outono do ano pasado, en contraste coa actitude tan habitual en partidos e dirixentes políticos que despois dunhas eleccións fan pensar que ninguén as perdeu.

Se o PP e o PSOE actuasen no ámbito do Estado con análoga modestia democrática despois das eleccións vascas de maio do 2001, seguramente hoxe non estaríamos na situación que está a padecer a cidadanía de todo o Estado español, e non só a dunha determinada comunidade autónoma. Non se estaría a utilizar polas dúas forzas hexemónicas estatais un problema certamente espiño para ocultar ou desviar a atención dos cidadáns de problemas tan pavorosos como os da frenética involución nas condicións e dereitos laborais e sociais ou na vixencia efectiva dos dereitos e liberdades constitucionais máis fundamentais. Dentro dese panorama, que xa era perfectamente visíbel e avaliábel despois das eleccións galegas, o BNG e mais este portavoz decidimos arriscarnos a aceptar e a tomármolos moi en serio a oferta de diálogo feita polo presidente da Xunta na sesión da súa investidura. E fíxemolo por patriotismo, e vou dicir máis: por “patriotismo constitucional galego”, no marco da vixente Constitución española e do vixente Estatuto de Galicia, que sempre nos tomamos moi en serio, mesmo para criticalos con argumentos que agora parece que se empeñan en facer válidos aqueles que dende as institucións centrais do aparello do Estado invocan unha expresión utilizada dun xeito que deturpa e prostitúe o concepto elaborado no seu día polo constitucionalista alemán Dolf Sternberger e recuperado posteriormente polo eminente filósofo progresista da escola de Frankfurt Jürgen Habermas. Utilizar a expresión “patriotismo constitucional” como unha xaculatoria para guindala como arma inquisitorial contra calquera discrepancia dunha concepción partidista do feito español, non só está nas antípodas da filosofía de Habermas senón que consuma a prostitución desa filosofía.

Outra faciana do método de diálogo institucional que quero pór en claro é aquela que ás veces algúns transforman nun coñecido sofisma, tan simplista como capcioso: “se hai diálogo co Goberno, non se exerce como oposición”. Como é un sofisma, ademais de ser falso utilízase segundo conveniencia. Con ese falso razoamento na man, xa me gustaría saber cómo habería que cualificar o comportamento da dirección do PSOE no Estado, que leva varios anos pactando co

Goberno de Aznar en contratos de adhesión todo o que ese Goberno lle bota por diante, dende a cruzada antinacionalista ata a configuración do Tribunal Constitucional, do Poder Xudicial, da reforma antidemocrática da lexislación sobre os partidos políticos, o pacto local antiautonómico ou o modelo de financiamento das comunidades autónomas. Iso si que son pactos bilaterais, e non diálogo institucional, porque nin tan sequera se ofrece como un método aberto á participación do conxunto das diversas forzas políticas presentes nas Cortes españolas: só lles dan a escoller entre adherírense ao pactado entre dous (PP-PSOE) ou ficaren fóra e seren encausados como disidentes do dogma constitucional. En contraste con iso, o BNG non ten pactado absolutamente nada bilateralmente co Goberno da Xunta e co seu presidente no marco do diálogo institucional –actualmente en curso– nin tampouco fóra dese marco, nin vai concluír ningún acordo institucional deixando fóra ao terceiro grupo parlamentario desta Cámara, de non ser que se trate dun tema crucial para Galiza e que ese grupo teime en autoexcluírse, como xa estivo a piques de acontecer no proceso de elaboración conxunta da posición institucional galega en defensa do sector pesqueiro fronte á política agresiva da Unión Europea, de non termos constancia e paciencia abondas para logramos que ese documento decisivo aprobado por unanimidade nesta Cámara fose subscrito, felizmente, polos tres grupos parlamentarios.

Nós amamos a Galiza por riba de calquera outra cousa e o noso compromiso político facémolo exactamente nos termos expresados por Alexandre Bóveda na derradeira carta escrita á súa dona poucas horas antes de que os fascistas o fusilasen na Caeira. O noso compromiso no diálogo institucional fundaméntase nese amor e aposta porque sexa compartido de boa fe por todos os interlocutores, cada un ao seu xeito e a través do prisma do seu peculiar ideario, mais pondo en primeirísimo lugar, e por riba de todo, a lealdade política con este país nas cuestións que son vitais para a súa supervivencia, o seu autogoberno e o seu progreso no benestar.

Mesmamente por iso quero explicitar aquí as condicións e postulados establecidos de común acordo para a práctica da interlocución institucional no actual escenario político autónomo de Galiza. E se alguén considera que incorro nalgún erro ou lapsus, pode, naturalmente, rectificarme. Son as seguintes.

Primeira. Exclusión de calquera comportamento ou actitude de agresión ou descualificación entre os interlocutores.

Segunda. Respecto recíproco aos respectivos idearios e proxectos políticos, sempre que a acción política concreta actual dos interlocutores se manteña no marco da legalidade constitucional e estatutaria vixente.

Terceira. Antepor os intereses de Galiza e da cidadanía galega aos partidarios ou específicos das respectivas forzas políticas no tratamento dos temas obxecto de interlocución.

Cuarta. Abordarmos temas e problemas cruciais para Galiza e para o exercicio dos seus poderes autonómicos, o que significa temas que sobardan o ámbito da base social e electoral peculiar de cada partido. Temas e problemas nos que os cidadáns reclaman que os partidos se poñan de acordo. Ou sexa, temas que poderíamos denominar “de Estado”, por analogía cos que nas democracias consolidadas entran no ámbito das razóns de Estado ou requiren un proceso negociador de converxencia entre as posicións das diversas forzas políticas para desembocaren en consensos ou acordos sobre denominadores comúns, por seren de interese xeral para o conxunto da cidadanía.

Quinto. Non convertermos as institucións políticas de Galiza nun escenario mimético das confrontacións que se operan no ámbito do Estado. Non convertermos o Parlamento de Galiza nunha copia a escala reducida das Cortes do Estado. Pola contra, revitalizar o Parlamento de Galiza como lugar ou recinto institucional de debate, controversia e contraposición das alternativas e propostas respectivas da Xunta e dos tres grupos parlamentarios sobre os problemas, intereses e dereitos da cidadanía galega no ámbito competencial establecido polo Estatuto e na súa articulación coas competencias do poder central e coas decisión dos poderes da Unión Europea que nos atinxen. E, a partir de aí, percurar a negociación e os acordos institucionais precisos para potenciar a capacidade das nosas institucións de autogoberno para resolveren os problemas de interese común primordial para a cidadanía galega.

O BNG, e eu mesmo, na miña calidade de portavoz, levamos cumprido taxativamente esas condicións e respectado escrupulosamente eses postulados ético-políticos e eses criterios de método.

Non me doen *prendas* en afirmar que considero que o presidente da Xunta se leva esforzado en facer outro tanto pola súa banda. Outra cousa son os resultados concretos ata agora. Porque unha cousa é o método, a validez do método, e outra é o balance de resultados de aplicación dese método. Supoño que ninguén cuestionará o método de adopción de resolucións polo Consello de Seguridade da ONU a prol da paz en Palestina polo feito de que o Estado de Israel as desobedeza sistematicamente. Por tanto, o método é valedeiro, mais cómpre reafirmarmos todos nós ese compromiso se queremos manter vixente e operativa esa metodoloxía, sen esquecermos que uns están no Goberno da Xunta e outros estamos na oposición. No caso do BNG, nunha oposición que actúa como tal sobre a base das súas propias alternativas para unha acción de goberno, e non simplemente á contra pola contra.

No propio debate da última investidura dixera eu que estabamos –literalmente dixen– dispostos a contribuír a conformar a vontade desta Cámara e do Goberno dende a nosa posición, sen dogmatismos nin rixidez, mais tamén sen componendas. E estámolo a cumprir taxativamente. Cómpre que nos esforcemos todos en cumprilo ou o método acabará por perder toda credibilidade perante os cidadáns, que son os destinatarios e os xuíces do que fagamos ou fracasemos en facer.

Mais este escenario galego da política institucional non está situado nunha utopía senón nunha realidade concreta que ten un contexto moi próximo e condicionante, tanto no Estado español como na Unión Europea. E, por desventura, entre Galiza e ese contexto están a agudizarse velozmente diverxencias, disfuncións e asimetrías. E non estou a referirme aínda ao comportamento de variábeis e indicadores económicos, culturais ou de benestar social –que tamén–. Refírome neste punto a diverxencias e asimetrías progresivas e a variábeis políticas e institucionais, tanto no contexto estatal coma no europeo, aínda que de diferentes maneiras nun e noutro. Nestes dous o panorama é sombrizo e mesmo avesoio, e nos dous tamén a matriz da dinámica involutiva que nos envolve radica no cerne da globalización ultraliberal, na imposición do pensamento único e na deriva perversa das formas de exercer o poder institucional que acada o seu paroxismo no mesmo corazón, no núcleo duro, do poder da metrópole do actual imperio. Para empezar, a nosa situación dentro do Estado.

Por unha banda, a evolución das relacións entre os poderes das institucións políticas da autonomía galega, Parlamento e Xunta, e os das institucións centrais do aparello do Estado, Cortes e Goberno central. Nos últimos tempos as Cortes e o Goberno central acometen unha frenética escalada de invasión desaprensiva e irresponsábel de competencias que son plenas e exclusivas deste Parlamento e mais da Xunta. Cando se acusa a algúns de poñeren en perigo os muros de carga do edificio constitucional con forzas centrífugas excesivas, habería, cando menos, que aplicar análogo xuízo a un poder central que fai o propio coa súa desmesurada forza centripeta.

Recoñecerán todos vostedes que aquí en Galiza ninguén poderá argüír que exista ningunha forza política centrífuga que ameace facer saír ao noso país da órbita solar do Estado español. E con todo non nos libramos de que o poder central dese Estado coute ou arrebate competencias ao noso poder autónomo nin de que agrida ideoloxicamente sen causa os nacionalistas. Por iso resulta máis grave, inxustificable e abusivo que ese poder central estea a sacar centripetamente a Galiza da súa órbita autonómica.

As Cortes e o Goberno central están a chuchar mesmamente como meigas chuchonas toda a substancia dos poderes atribuídos polo Estatuto ao Parlamento e á Xunta de Galiza; trátase de ensino superior ou medio, de política agraria, de pesca costeira, da rede hidrográfica, da autonomía orzamentaria ou ata da regulación das caixas de aforros. As nosas competencias exclusivas ou plenas están sometidas a unha auténtica depredación. De seguirmos así, as nosas institucións autonómicas ficarán coma unha casca de ovo oca, por térenlle chuchado todo o contido: clara, xema e ata calaza e galadura.

Cómpre parar ese proceso, señor presidente, ou acabará –temo– vostede por non ter nada que presidir, nada que diagnosticar nin decidir, como aqueles médicos que nos ambulatorios só despachan volantes para a consulta no hospital, tras espera en “desesperante lista de espera”.

Por outra banda, o novo escenario de “civilizada” política institucional intragalega diverxe e contrasta cada día máis coa simultánea representación “inquisitorial” de “autos de fe” no proskenio da política do Estado. Os penitentes máis rechamantes –seguramente polas nosas roupaxes triviais–

somos os nacionalistas, pois neles están proxectados os focos da iluminación. Pero na penumbra rebolen e contórñanse penitentes obreiros –pese a estaren moitos deles parados–, penitentes estudantes, penitentes autónomos, penitentes en lista de espera de atención sanitaria ou de prazas nos centros de ensino, penitentes discrepantes, disidentes, heréticos, encausados por sospeitas de delitos de opinión, expresión, folga, manifestación, e calquera día por sedición. Non aprendemos nada da historia.

O grande historiador Américo Castro –hai ben anos xarelou e explicou con enorme lucidez como ao longo do século XVI foi destruída a ricaz diversidade da que el denominou España “castiza”, non no senso castizo de Chamberí senón das castas de xudeus, mouros e cristiáns. Emilio González López fixo outro tanto dende a óptica da historia de Galiza e rotulou un dos volumes da súa obra dedicados a ese período con esta elocuente e ata visualizábel expresión: *Siempre de negro*.

Nunha realidade sociocultural, sociolingüística e sociopolítica diversa, só se pode expresar veraz e xenuinamente cadaquén dende o lugar que ocupa nesa diversidade e asumindo a diversidade dos demais a respecto del. Sen expresarse libre e verazmente non pode haber diálogo. Mais o diálogo está mal visto polo poder central no escenario do actual drama político español. Exactamente á inversa do que estamos tentando facer entre todos no recinto das institucións políticas galegas, asumindo cadaquén de nós os seus riscos e tamén os seus custos. Semella que a Galiza lle cadra sempre andar co paso cambiado a respecto da política española. Acó decidimos erradicar as actitudes intransixentes ou inquisitoriais, aló semellan empeñados en reinstaurar a Inquisición.

Rodríguez Zapatero seica fixo unha referencia a Cervantes no último debate de política xeral nas Cortes. O que non fixo –que eu saiba– foi contar a auténtica historia de Cervantes, a investigada por tantos ilustres cervantistas e condensada por Fernando Arrabal baixo este rótulo: *Un esclavo llamado Cervantes*. Debería terllo dedicado ao presidente Aznar, e, de paso, a Jon Juaristi.

Nós estamos convencidos de que as armas primordiais en todo combate a prol dunha cultura democrática son a palabra veraz e o diálogo sen prexuízos nin exclusións a priori. Somos nacionalistas e traballamos democraticamente pola

defensa dos dereitos políticos do noso pobo. Constituimos un movemento nacionalista emancipador, non opresor. Nunca na historia a nación galega tentou impor hexemonía ningunha –política, cultural nin lingüística– alén dos seus propios lindes. Nunca os idearios galeguistas nin nacionalistas galegos tentaron oprimir nin imporse aos idearios nin á identidade de ningún outro pobo. Por iso podo afirmar, coa nosa historia como proba irrefutábel, que sempre estivemos e estamos na vangarda da defensa da democracia, que consiste medularmente na defensa e garantía do exercicio dos dereitos cívicos e políticos, individuais e colectivos, dos cidadáns de cada nación, e na relación pacífica e solidaria entre todas elas. E o que está a acontecer hoxe en día no escenario político do Estado español corrobora tanto esa afirmación como esa demostración.

Por paradoxal que semelle, a ofensiva ultramontana e chauvinista desencadeada dende o cumio do aparato do Estado contra calquera nacionalismo democrático, como o noso, contra a nosa identidade como galegos –a pouco que tentemos exercela–, pero así mesmo contra a identidade de calquera cidadán en canto tente exercer os atributos desa súa identidade política que supón dereitos laborais, liberdades sindicais, dereitos sociais, culturais, educativos, sanitarios, de xénero, de expresión ou de opinión, esa ofensiva –digo– actúa como a couza que carcome mesmamente os modelos de estado democrático construídos pola historia europea durante os dous últimos séculos. E leva camiño de consumir unha aniquilación de facto na onda do ultraliberalismo globalizador, represor e mesmo belicista que practica cunha ignara soberbia sen límites George Bush en todo o planeta. Mal sabe el que pretender conxelar os procesos dinámicos da sociedade na súa historia é tan ilusorio como reaccionario. Ningunha forza democrática pode asumir ou acomodarse á tese de Fukuyama sobre o final da historia sen desnaturalizarse.

Estamos a padecer as consecuencias dunha creba do consenso constitucional, provocada por aqueles que, dende o poder do Estado, teiman contumazmente en non distinguir o tratamento penal dos crimes cometidos por unha organización violenta da abordaxe democrática da problemática política suscitada polas cuestións nacionais pendentes de solución acaída no deseño dunha estrutura de Estado que vertebre satisfactoriamente para todos unha realidade sociopolítica que é plurinacional, no canto de colisionar con ela. Deste xeito,

aqueles que, como xa dixeran, guindan a expresión de “patriotismo constitucional” como un anatema inquisitorial contra os discrepantes da particular concepción do feito español que profesan os inquisidores, están a abolir os dereitos e liberdades indispensábeis non só para a expresión da diversidade sociopolítica e sociocultural, senón así mesmo para o respecto do pluralismo ideolóxico e político que constituíron o pilar básico do consenso constitucional e mais a clave de bóveda para a aceptación da Constitución como marco de legalidade e para a acción política inmediata, mesmo por aqueles que non podíamos asumir ese marco como definitivo, inamovíbel e eterno sen renegarmos dos nosos propios idearios democráticos.

Eu exhortoo a vostede, señor presidente da Xunta, a actuar valentemente perante esta problemática no ámbito das súas atribucións e potestades institucionais, e congruentemente coas súas actuais conviccións democráticas. E que empece por facelo, con afouteza e vigor, na defensa das competencias que o Estatuto de Galiza lle outorga en materia de goberno e de iniciativa lexislativa perante esta Cámara –non llas vou enumerar, coñéceas vostede perfectamente, moito mellor ca min–.

Os traballos hoxe en curso entre todos nós e mais coas propias universidades galegas, para unha nova lexislación nosa en materia universitaria, son un exemplo honorábel de actuación institucional como presidente, que debe estenderse a outras áreas lexislativas propias ameazadas de inmediata invasión polo poder central.

E faga outro tanto, a seguir, perante o poder central e a Unión Europea, a respecto das cuestións vitais para este país noso que se ventilan nesas dúas instancias políticas. Fágao, neses casos, exercendo con dignidade e coraxe a representación institucional de Galiza que o Estatuto lle confía. É vostede o presidente, evidentemente, non o son eu. Se o fose, faríao, xa o sabe vostede, pero non o son.

Mais comece vostede por exercer o goberno dentro de casa, dentro do país. As consellerías que integran a Xunta que vostede preside están baixo mínimos. O seu goberno non pode continuar así. Xa o dixeran ao principio da miña intervención, mais convén agora darlle un repaso, cando menos en trazos grosos, ao balance de situación e resultados dun ano de goberno. Con todo, quixera facer unha diagnose

política desa situación interna denantes de referirme a resultados da xestión.

Arestora o problema da eficiencia da Xunta non radica tanto no nivel de aptitude ou de capacidade de xestión dos conselleiros e conselleiras canto en se existe ou non capacidade política de goberno como órgano colexiado do poder executivo.

Noutras palabras: os titulares das diversas consellerías poderán ser máis ou menos aptos ou ineptos, pero as consellerías van camiño de funcionar como simples departamentos dunha deputación uniprovincial galega e non como Goberno colexiado autónomo de Galiza. Esta é, cando menos, a nosa diagnose expresada con toda franqueza, señor presidente da Xunta. E vostede sabe moi ben por qué acontece isto. Algunhas das causas políticas primordiais residen en fenómenos que xa expuxen. As outras, as propiamente internas, coñéceas vostede moito mellor ca min mesmo, e por tanto non vou cometer o ridículo de dicirlas eu.

Mais coido, en troques, que debo dicirlles aos cidadáns que os conselleiros da actual Xunta, ao meu ver, e con a penas excepcións, teñen interiorizado nas súas mentes que as facultades de decisión política nos temas das súas respectivas áreas competenciais xa non se exercen aquí senón en Madrid ou en Bruxelas, diga o que diga o texto do Estatuto de Galiza e tamén o título VIII da Constitución española. E que, mesmo se ousan tomar algunha decisión programática en temas aínda non rematados explicitamente por Madrid ou Bruxelas, se expoñen a que, en calquera intre, mesmo inmediatamente despois, Madrid ou Bruxelas lles emenden a plana sen tan sequera consultar e os deixen en ridículo sen que haxa reacción política do Goberno da Xunta.

Pásalles como aos xornalistas, que temen confeccionar unha información e que logo o director “levante” a páxina ou “secuestre” o vídeo correspondente. Só que neste caso o director non está aquí senón aló, moi lonxe, nas alturas hispanas ou comunitarias. E iso resulta desmoralizador e atemorizador, e xera inhibición como mecanismo de defensa ou cautela.

Se a iso todo lle engadimos que algúns conselleiros están mentalmente ocupados en cuestións internas do partido moito máis ca no labor de xestión da Xunta, ou que fan a

xestión na Xunta en función das súas apostas nos asuntos internos do partido, xa me dirán vostedes cómo poden funcionar nun goberno. E se por riba o partido está máis preocupado por manobrar cara ás municipais que pola acción de goberno na Xunta, e ata dúas conselleiras son candidatas ás alcaldías de dúas cidades, non pode resultar nada enigmático que a Xunta non goberne nin tampouco xestione, porque os conselleiros nin teñen moral para abordaren accións políticas de goberno nas súas áreas –polo que dixen– nin teñen a cabeza centrada en xestionar as súas consellerías.

Eu propuxéralle, señor presidente –lembrarase vostede–, unha regra de lealdade institucional recíproca entre o Goberno da Xunta e os gobernos municipais presididos ou compartidos polo BNG para os temas e proxectos de interese crucial para a cidadanía deses concellos. Debo manifestarlle que non considero que a designación de dúas conselleiras como candidatas para dous deses concellos vulnere esa regra de lealdade institucional. Nisto trátase dunha cuestión de táctica de confrontación electoral entre forzas políticas e estamos aquí non nun debate electoral senón nun debate do estado da Autonomía.

Outra cousa son as miñas dúbidas verbo da compatibilidade, e non só político-institucional, desas dúas funcións. Mais xulgar iso non é da miña incumbencia senón da incumbencia dos cidadáns electores. Persoalmente, a peripecia desas dúas conselleiras faime lembrar aquel berro de “¡O meu reino por un cabalo!” (*My Kingdom for a horse*), do Ricardo III de Shakespeare. Semella ser o brado desesperado das dúas conselleiras que optaron por iren de candidatas a alcaldes no canto de exercer de “ministras”, para fuxiren dunha Xunta que lles parece a piques de padecer unha debacle. Por certo, dos tres candidatos actuais á alcaldía de Vigo, dous son –dígoos como metáfora irónica– “paracaidistas dixitalizados”. Mais mentres unha é feminina e conselleira, o outro é masculino e non é do PP –alá cadaquén coa súa concepción da democracia interna nas organizacións políticas–.

O caso é que, con todas estas, o balance de xestión e resultados deste primeiro ano de goberno pódese sintetizar en que, no seu conxunto, a sociedade galega traballa e funciona pola súa conta e como pode, sen que a Xunta oriente e programe politicamente o proceso nin resolva ningún dos graves problemas cos que a cidadanía se enfronta cada día.

O problema demográfico, que a súa conselleira seica descubriu antonte, está a empeorar. Unha estrutura demográfica envellecidísima e exhausta, con natalidade e fecundidade baixo mínimos, e por tanto sen capacidade de crecemento vexetativo, ten que aturar agora que emigren uns vinte mil mozos e mozas cada ano. Reparen en que cando a onda expansiva da emigración galega, entre 1950 e 1970, os saldos intercensais daban unha media de 25.000 a 30.000 anuais. Mais daquela o crecemento vexetativo da nosa poboación era aínda moi potente e compensaba as perdas demográficas por emigración. Imaxinen o que supón hoxe a cifra de 20.000 se continúa.

As súas medidas de estímulo á natalidade, en misérrimas subvencións e deducións do IRPF, xa me dirán de qué lles valen aos mozos e mozas que non teñen ingresos porque non teñen traballo e van buscalo fóra. E quen máis padece ese andazo volve ser a Galiza agraria e mariñeira, en correlación directa coa crise do sector agrario no interior e do sector pesqueiro na costa.

En consecuencia, a desertización rural está a ser pavorosa. E vostedes son incapaces de darlle a resposta necesaria ao problema. Unha resposta que esixe combinar unha política salarial e de emprego inversa da que practica o Goberno central, que vostedes acatan e aplican, cunha reactivación expansiva dos sectores agroindustrial e pesqueiro agredidos pola PAC e pola PCP da Unión Europea que os couta a vostedes nas súas competencias –aínda–, cunha estratexia de desenvolvemento rural diversificado, indispensable para fixar poboación no rural, que vostedes prometen e non dan comezado pese ás referencias da Axencia de Desenvolvemento Rural –que confiemos en que empece a facer algo–, cunha política de servizos sociais e educativos –especialmente en preescolar e FP– que vostedes practican ao revés, e con axudas á natalidade en serio. Pero as axudas á natalidade só poden ser un complemento das outras medidas –insisto–, ningunha parella de mozos sen traballo pode vivir de axudas á natalidade en ningún país do mundo.

O problema sociolaboral

O 20 de xuño pasado, centos de milleiros de cidadáns mobilizáronse en Galiza. Os que eran traballadores asalariados fixeron folga, os comerciantes pecharon, e moita xente máis participou nas mobilizacións.

En proporción ás poboacións totais e laborais das diversas comunidades autónomas, Galiza foi con moito a punteira na magnitude das mobilizacións; por algo será. O BNG implicouse de cheo no apoio solidario ás reivindicacións cidadáns, xa denantes de sabermos se as mobilizacións serían un éxito ou un fracaso. E non só en defensa dos asalariados senón de toda a cidadanía prexudicada na súa calidade e nivel de vida e benestar social. Outros nadaron e gardaron a roupa ata que a mobilización foi un éxito. Vostedes aliñáronse co Goberno do señor Aznar, aínda que moitísimos votantes de vostedes saíron tamén ás rúas aquel día. E non dan síntomas de rectificar. Veremos qué pasa coa aparente rectificación do Goberno do Estado con respecto ao “decreto”, se vai de verdade –que non o sei–, e xa veremos. Átame esa mosca polo rabo, de momento.

O BNG, nas famosas “40 medidas urxentes”, señor presidente, que vostede tivo a ben recoller da miña man cando a súa investidura, lembrábase que consideraba urxente, por exemplo, crear unha Consellería de Traballo, elaborar un Plan galego de emprego e mais un verdadeiro Plan de choque contra a sinistralidade laboral. Xa non menciono outras liñas programáticas como a creación dun marco galego de relacións laborais, que cada vez se empeza a excluír máis o que son, por exemplo, os sindicatos máis representativos que non sexan de ámbito estatal, para dialogar. Fixose incluso na convocatoria ou nas negociacións sobre a cuestión esta que acaba de saír nos periódicos; dous foron, o resto non eran suficientemente importantes, ¡moi democrático! Xa non menciono outras liñas programáticas –digo– como un marco galego de relacións laborais, unha lei de participación institucional, ou un Instituto Galego de Emprego e Formación. Pero coido que nada diso están a facer vostedes, pese a que os traballadores e os cidadáns seguen a reclamar, seguen a mobilizarse, tanto aquí coma en Madrid.

A situación económica

Estamos a padecer o estrepitoso fracaso da política económica ultraliberal. A teimudez da política monetarista, que sacrificou a economía productiva e as necesidades sociais de gasto público co pretexto de conter a inflación, convertida nun fetiche tamén na Unión Europea dende o Tratado de Maastricht, disparou fóra de órbita a economía especulativa, especialmente nos mercados financeiros, e fracasou clamorosamente en conter a alza do custo da vida, que se dispara

en vertical mentres se conxelan os salarios, se precariza o emprego e se destrúe a cobertura de bens e servicios sociais para os cidadáns.

E as economías máis febles pagámolo moito máis caro. En Galiza, en concreto, todo o tecido productivo está en alarma vermella. E o poder autónomo galego, ou carece dos instrumentos precisos para facerlles fronte ás súas responsabilidades estatutarias en materia de política macroeconómica en Galiza ou deixa que se tornen obsoletos os instrumentos de que dispuña, como o Igape e pouco máis.

Para máis *recochineo* o presidente Bush, como xa fixera Reagan, mentres exporta a través do Fondo Monetario Internacional consignas ultraliberaes monetaristas, aplica dentro do seu país as receitas do máis duro e rudimentario keynesianismo de guerra, coa súa escalada belicista, para relanzar o complexo industrial armamentista como motor de reactivación da demanda global interna americana, que é o que lles importa.

O Goberno de Aznar tenta enganarse do furgón de cola da “locomotora” ianqui, como se gobernase México, no canto de gobernar un Estado da Unión Europea. E para facer méritos de “alumno pelota” da doutrina ianqui obstinase en impor a técnica suicida do “déficit cero”, cego e xordo perante as decisións das autoridades da Unión Europea que acaban de facer público o de aprazar ata o 2006 a consecución da estabilidade orzamentaria.

O conxunto da Unión Europea achégase, na media, ao 2% do PIB en déficit público; Francia e Italia roldan o 1,5%; Alemaña está virtualmente no límite do 3%. Pero España *va tan bien* que pode permitirse o luxo do déficit cero, custe o que custe á economía productiva, ao emprego, aos salarios reais, ao gasto social e, por suposto, ao exercicio da autonomía financeira e orzamentaria consagrada na Constitución e no Estatuto de Galiza.

Por iso eu saúdo con esperanza e satisfacción a defensa do sector público e do gasto social que o presidente da Xunta acaba de facer esta mañá aquí. O que me pregunto é cómo se vai amañar para poder levalo á práctica dentro do *corsé* imposto pola lexislación onnipotente e omnisciente das Cortes españolas, coa maioría absoluta do Partido Popular do señor Aznar e o seu Goberno.

Non vou estenderme porque terei ocasión de facelo no próximo debate de orzamentos. Mais están todos a darlle a razón ao BNG, cando o BNG ofrecía un deseño de modelo de financiamento autonómico congruente co espírito da Constitución e do Estatuto no canto do modelo actual, no que nin sequera se acadou un sistema completo de “corresponsabilidade fiscal” en tributos compartidos e a nosa capacidade normativa segue a ser absolutamente exígua –e moitas veces na práctica non se pode utilizar, aínda que exista–. ¿Está claro?

Non se levou a cabo a indispensable reorganización da administración tributaria, e nestas condicións xa me dirán vostedes qué pode facer a Consellería de Economía para darlle respostas ás necesidades do empresariado galego, dos sectores productivos, dos consumidores ou dos titulares de explotacións agrarias e pesqueiras que precisan un alivio, unha discriminación positiva, en todo caso, da carga tributaria na situación angustiosa na que se atopan os seus ingresos.

Se segue vostede disposto a estudar as medidas urxentes que lle eu entregara, suxírolle que tome en consideración a posíbel creación dun Instituto de Desenvolvemento de Galiza (IDG), que asumiría a promoción global das actividades productivas e empresariais e do desenvolvemento industrial. É constitucional e estatutario.

A situación medioambiental

As rías seguen a rexistrar moi altos índices de contaminación, despois de doce anos de existencia –polo menos formal– dun Plan de saneamento integral. Confío en que vivamos moitos anos para chegar a velo cumprido pero, a este ritmo, igual nos vai facer falta prórroga.

O andazo dos incendios forestais segue aí, e este ano foi tremendo. Xa sei que houbo seca. Iso proba que para acabar co andazo non abonda apagar o que arde senón que cómpre unha loxística preventiva, seria e permanente –que non existe–, e tamén cómpre unha remodelación da política forestal que vostedes non queren ou non lles deixan facer para racionalizala e adecuala á natureza deste país noso.

Xa sei que coa táctica de apagalumes arden menos superficies –¡só faltaría!–, mais o mellor servizo contra incendios neste país segue a ser aínda o climático, e ademais de balde.

En doce anos que levan vostedes co Plan Infoga levan gastados arredor de 100.000 millóns de pesetas e os montes seguen a arder cada ano en canto deixa de chover un pouco tempo. Porque este é un país árido, de area, de granito desfeito que filtra todo e seca.

¿Fíxolles alguén o cálculo do que representa ese gasto en proporción á renda neta ou ao valor engadido neto do sector forestal? Estaría ben que o fixesen, porque poden acabar por gastar en apagar lumes o equivalente do ingreso neto que xera o monte, e daquela, vaia negocio para o país. Mais seguen vostedes a subvencionar millonariamente a invasión de terras de labramio e gandeiras con plantacións de especies primordialmente pirófitas. Paréceme que vostedes tampouco subscriben os acordos de Kioto para a preservación do medio ambiente no planeta.

Tocante aos residuos sólidos, ou sexa ao lixo, o Plan Sogama –non a empresa, claro– é a solución máis cara en termos económicos e máis gravosa en termos ambientais. Pero non fixeron vostedes caso da iniciativa lexislativa cidadá presentada nesta Cámara dende as nosas propostas de plans municipais de reciclaxe. Algúns concellos agora comezan a organizar mancomunadamente a reciclaxe, e este ano, en todo caso, rebeláronselles case todos contra o intento de subida do canon de Sogama.

En servizos públicos e benestar social, comeceamos polo ensino, señor presidente. Eu non comprendo cómo vostede, coa súa biografía, non defende o ensino público con vigor. Porque vostede sabe perfectamente que a privatización do ensino supón inevitablemente discriminación, creba de igualdade de oportunidades, clasismo, segregación social e, ao cabo, involución da cultura democrática na sociedade. Convénzase. A proxectada lei de calidade xa non é que invada competencias nosas, da autonomía galega, súas, como presidente, senón que persegue calquera cousa menos a calidade do ensino, e mesmo estragará aínda máis a calidade do ensino público precisamente.

Nós non defendemos o ensino público por amolar os colexios privados. Defendémolo porque só así podemos cumprir lealmente coa Constitución, ou sexa, co dereito constitucional de tódolos cidadáns ao ensino de calidade, gratuíto e universalizado, de xeito idéntico ao dereito á saúde –e iso só pode cumprirse co ensino público–. Non

temos nada en contra dos cidadáns que prefiran enviar os seus fillos a colexios “de pago”, sempre que tódolos cidadáns poidan levarlos a centros de ensino público, gratuito e de calidade. Cumprida esta condición, os que queiran, e poidan, que paguen ensino privado –como se queren enviar os seus fillos a Eton, poño por caso–.

Mais vostedes están a provocar un constante transvasamento de alumnos da rede pública á privada –non intencionalmente, pero si como consecuencia da política que fan e do sistema de financiamento–, desnutrido cada vez máis o ensino público e financiando a privatización progresiva con fondos públicos. Nin sequera aproveitan o descenso das cifras de alumnos debido á regresión demográfica para melloraren as dotacións por alumno aos centros con gasto equivalente.

Da situación sanitaria, ¿que lle vou dicir que non lle estean a dicir xa, mesmo con mobilizacións sosegadas, democráticas e pacíficas, os cidadáns usuarios, os profesionais de todo tipo e rango, que multiplican os seus esforzos para suplir as patentes insuficiencias da rede do Sergas para a atención aos pacientes? Fágannos caso e escoiten a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, para abordaren xa, cando menos, o grave problema das listas de espera en consultas, probas de diagnóstico e intervencións cirúrxicas, e poñan en marcha a Comisión para a Redución do Gasto Farmacéutico, pois Galiza é, de todo o Estado, a Comunidade onde ese gasto subiu máis ultimamente.

E non quero rematar este sucinto repaso sen facerlle, con toda seriedade, unha proposta formal a respecto da grave situación e da alarmante tendencia involutiva que padece a normalización do uso social e institucional do noso idioma, o galego, ao que vostede lle deu tanta importancia hoxe, incluso como signo de identidade do noso país, da nosa realidade cultural; chámeo como queira, en termos de Ramón Piñeiro, en termos do Bloque ou en termos de Castelao, dáme igual, ou en termos propios, pero o caso é que si é signo de identidade. Pero, precisamente, na normalización do uso social, institucional, na tendencia involutiva que padece, nela a Xunta ten toda a responsabilidade, por non defender e facer cumprir as leis e normativas vixentes para o ensino, a Administración e a Xustiza na práctica.

Con toda claridade, este é un problema que merece ser obxecto da metodoloxía do diálogo institucional. Propóñoille

a apertura dun proceso desa índole para establecemos unha estratexia de revitalización do uso do noso idioma e o máis axeitado plan de normalización lingüística. Nós temos serias propostas que facer, farémolas en todo caso se temos que actuar pola nosa conta, pero, se se aborda con esa metodoloxía, sabe vostede cómo actuamos en cada ocasión en que se acordou utilizar esa terminoloxía, non trouxemos nunca pola nosa conta nada a esta Cámara se non quedaba embarrancado o proceso.

E vou rematar, señorías, señor presidente desta Cámara, señor presidente da Xunta. Como recapitulación de todo o que ata aquí levo exposto en ideas, en feitos, en xuízos de valor ideolóxicos e en diagnoses políticas propias –erradas ou certeiras–, quixera centrar o remate da miña intervención no que considero o cerne da problemática que, entre todos, debemos abordar e resolver, esteamos no Goberno, no apoio ao Goberno, ou na oposición.

Estamos nun debate de política xeral que ten por obxecto ofrecer a contribución de cadaquén de nós a unha diagnose do estado da Autonomía galega mediante a controversia de ideas. Non estamos nun puxilato electoral. Ese virá dentro duns meses, no marco dunhas eleccións municipais que aínda non están a ter lugar agora. Tampouco estamos no debate dunha moción de censura nin de confianza. E xa me referín a ese tema ao comezo. Nunha situación coma esta, a nosa controversia debe, por tanto, centrarse en elucidarnos as claves da comprensión do estado ou situación das institucións de autogoberno que configuran a autonomía de Galiza en relación co estado de saúde da sociedade e da cidadanía galegas. Claves políticas, por tanto, non estatísticas nin técnicas. Claves para a acción política, con instrumentos políticos, que se deben desenvolver e utilizar na instancia política nunha interrelación democrática coa sociedade e coa cidadanía de Galiza.

Ao meu ver, nas circunstancias actuais esa problemática gravita na difícil situación na que se atopan as nosas institucións políticas de autogoberno. É sabido que o BNG elaborou, presentou e ten un programa de goberno elaborado para ser factíbel no estricto marco do Estatuto e da Constitución actuais.

Pois ben, hoxe o problema consistiría –ao meu ver– en que non podemos saber se ese programa sería realizábel cos

poderes, competencias e potestades que a Constitución e o Estatuto nos atribúen, porque non podemos saber se as normas establecidas nos nosos respectivos textos articulados están ou non efectivamente vixentes. Cando contrastamos eses textos coa práctica político-institucional, ou sexa, co que en efecto fan o Parlamento e a Xunta de Galiza, e co que de feito fan a respecto de Galiza as Cortes e o Goberno central, e mais os poderes da Unión Europea, as cousas non cadran, non encaixan unhas coas outras.

Resúltanos imposible saber –e falo con toda veracidade e sei perfectamente que me podo trabucar de medio a medio– se a norma está no Estatuto e na Constitución ou a norma é o que din e fan as Cortes, o Goberno central e Bruxelas. E velaquí, ao noso ver, o cerne do problema na situación actual. Velaquí a clave explicativa de que problemas moi graves aos que se enfronta a cidadanía galega sigan sen resolver despois de vinte anos de poder autonómico galego.

Por tanto, xa non é sequera un problema de eficiencia do Goberno, aínda que o actual sexa ineficiente. É que, coa mutilación de facto que padecen os poderes atribuídos polo Estatuto, nin este Parlamento nin a Xunta de Galiza poden exercer o autogoberno autónomo do xeito deseñado na Constitución do Estado das Autonomías para esta nacionalidade histórica que é Galiza. E isto cómpre remediármolo entre todos, porque un só de nós, mesmo que posúa formalmente o poder nestas institucións maltreitas, coido que non pode lograrlo.

Por iso falei ao comezo do patriotismo constitucional galego que está a practicar o BNG e que require moita coraxe, moito siso, moita xenerosidade, e moito sentido de Estado, de Galiza e dende Galiza, no actual escenario do Estado español.

E o BNG, señor presidente da Xunta, xa sabe vostede que, perante o asedio que están a padecer non xa o noso ideario e proxecto político nacionalista senón as actuais institucións constitucionais e estatutarias de autogoberno dos galegos, decidiu esta mesma primavera non repregarse e refuxiarse nas súas cidadelas senón saír cara adiante e ensaiar unha operación envolvente do adversario empregando precisamente as armas xurídicas, políticas e institucionais que están no Estatuto de Galiza e na Constitución do Estado español. Son as armas dos demócratas que pro-

fesamos un ideario que transcende ese marco institucional, mais que somos conscientes de que, mesmo para transcendelo no futuro, cómpre comezar por defendelo rexamente no presente.

Ese é o sentido que ten a nosa aposta pola interlocución institucional, sen mingua ningunha do exercicio da nosa capacidade de crítica, como oposición que somos, á acción de goberno da Xunta que vostede preside. Como acabo de facer aquí mesmo, tentando –iso si– ir ao núcleo da razón política da nosa crítica como alternativa de goberno que somos.

Este é tamén o sentido que teñen as nosas propostas para avanzarmos decididamente, en contraofensiva, en dous temas nucleares para o efectivo exercicio do poder autónomo conferido polo Estatuto. Refirome, evidentemente, ao noso documento sobre a participación da Autonomía galega nos órganos de decisión da Unión Europea en termos análogos a como o fan hoxe os diversos estados federados da República Alemana, ou o flamenco e o valón do Estado belga, ou a propia Escocia no Reino Unido da Gran Bretaña (United Kingdom). Aínda non está rota, non parece que haxa riscos de que crebe, como non sexa financeiramente.

Pois que estamos en Europa, exerzamos como europeos o mesmo que calquera das realidades políticas que acabo de mencionar. Se non, podería ocorrer aquilo de que volvesen poñer sen querer en vigor aquel dito de hai tantos anos de que *África empieza en los Pirineos*. Eu non estou de acordo; polo menos aquí non.

E refirome, así mesmo, ao noso documento –vou rematando, señor presidente–...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... que contén a proposta do BNG para o incremento da capacidade de decisión política de Galiza, que rotulamos “Galiza merece máis”, é dicir, máis poder de decisión, máis autogoberno e unha nova posición perante o Estado e Europa que se pode formular, de entrada, dentro do estricto marco constitucional vixente. E refirome, en fin, se vostedes queren, ao noso impulso decidido ao documento aprobado por todos nós nesta Cámara que fixa a posición institucional de Galiza en defensa do sector pes-

queiro e do complexo mar-industrial fronte á agresiva reforma da política pesqueira comunitaria que pretende consumir o comisario Fischler e á que o BNG foi pioneiro en plantarlle cara no Parlamento Europeo. Saiban que foi un eurodeputado do BNG quen redactou o primeiro relatorio do Parlamento Europeo sobre as “orientacións políticas da reforma da política común da pesca” –como sabe moi ben o señor López Veiga–, que se está a debater hoxe –precisamente estes días, neste momento– na Cámara de representantes da Unión Europea. Cómpre que esa posición do Parlamento de Galiza sobre a reforma da política común da pesca sexa utilizada con enerxía, habelencia e firmeza, señor presidente. E cumprirá que fagamos outro tanto en defensa do sector do viño, do agrogandeiro e do agroindustrial, lácteo e cárnico, denantes de que sexa tarde por demais.

Non somos ilusos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Por tanto, resulta evidente que, se tencionamos acometer a devandita operación en defensa de Galiza e dos poderes de autonomía galega, somos conscientes de que só teremos éxito se o facemos conxuntamente entre todos nós. E nisto, vostede é o presidente, señor Fraga. A vostede incúmbelle a responsabilidade institucional, mais tamén o privilexio de posicionarse e actuar, primordialmente e por riba de todo, da banda dos dereitos e necesidades da sociedade e da cidadanía galega neste transo.

Ben sei que non é doado. Mais é –concordará comigo– en transos difíceis e en certa medida dilemáticos, como o actual, nos que os dirixentes políticos de cerne teñen a ocasión de daren a medida da súa talla de homes, ou mulleres, de Estado.

Dixen. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señoras e señores deputados, estamos nun día especial, no debate do esta-

do da Autonomía, e de verdade, ás veces, escoitando os intervinientes, os voceiros dos distintos grupos, dá a sensación de que vivimos en terras e en países totalmente diferentes.

Eu quero subliñar, en primeiro lugar, de verdade, que Galicia viviu ó longo dos doce últimos anos unha expansión sen precedentes. Hoxe penso que tódolos galegos –se hai algúns que se exclúen, pois alá eles– podemos afirmar con orgullo que a nosa Comunidade Autónoma, en contra do estereotipo de atraso, é unha sociedade moi desenvolvida.

A Galicia do presente, do ano 2002, a pesar da negativa visión que algúns teñen e pretenden difundir, é unha Galicia irrecoñecible gracias a un profundo cambio e a unha reestructuración socioeconómica e mesmo cultural. Un éxito que tamén é atribuíble sen ningunha dúbida á continuidade dunha política, a do Goberno do Partido Popular de Galicia, que da man do noso presidente, do presidente Fraga, obtivo por cuarta vez consecutiva o referendo maioritario do pobo galego vai facer, dentro de moi pouco tempo, un ano. Un éxito político sen precedentes que nos enche de orgullo e que nos esixe, se cabe, unha maior responsabilidade de cara a levar adiante o noso proxecto de país. Por descontado, contando coa oposición de quen non opina coma nós, pero por iso son a oposición.

Este feito, a confianza maioritaria dos galegos e das galegas, confirma que seguimos avanzando nas nosas metas políticas e que o remate do ciclo do Goberno popular en Galicia, como pretendían os nosos opoñentes, aínda está moi lonxe. É máis, trátase dun ciclo que define un futuro máis prometedor, fundamentado no gran proxecto que o Partido Popular de Galicia, cimentado na credibilidade, ten elaborado para a primeira década deste novo século.

Logo da prolífica e detallada intervención que sobre o estado da nosa Comunidade Autónoma e sobre os obxectivos previstos realizou o noso presidente, o de tódolos galegos, quero subliñar que Galicia non ten nada que envexarlle a ninguén. Porque, señoras e señores deputados, ó longo das tres últimas lexislaturas logramos reforza-lo noso sentimento de país e que todo o mundo se sinta orgulloso de ser galego. Acadamos unha verdadeira autoidentificación como pobo disposto á defensa do seu, pero sen renunciar a nada, e, sobre todo, sen actitudes insolidarias.

Ten lugar este debate principiando a segunda parte do curso político deste primeiro ano da sexta lexislatura, un período que estivo marcado dende a sesión de investidura polo clima de diálogo instituído polo presidente do Goberno galego entre as forzas políticas representadas nesta Cámara. Aínda que eu lamento que daba a sensación de que, escoitando o señor Touriño, este feito non se producía. Por iso digo se estamos situados en lugares totalmente diferentes, tanto na Cámara como fóra dela. Un espírito de consenso que rematou no primeiro período de sesión cun balance moi positivo, constructivo e excepcional en canto a resultados.

Quero subliñar, en primeiro lugar, a xenerosidade e o compromiso do presidente do Executivo a someterse ó control parlamentario dos grupos da oposición, respondendo ás súas preguntas unha vez ó mes, e, en segundo lugar, o feito histórico –aínda que non lle gustou tampouco a algún grupo da oposición– da comparecencia de tódolos membros do Goberno galego para dar conta dos plans dos seus respectivos departamentos para a presente lexislatura. Un Executivo que contestou máis iniciativas parlamentarias da oposición que as contestadas na media de ningún período similar anterior, e moi superior ó de calquera parlamento do Estado. Demos cumprida resposta a 936 preguntas; substanciáronse 101 comparecencias: 34 en Pleno e 67 en Comisión; intervimos en 35 interpelacións; en definitiva, nun total de 402 ocasións interveu algún membro do Goberno ou alto cargo do Goberno galego no Parlamento.

Á vista de todo isto, e como portavoz do grupo maioritario, coido que esta circunstancia redundou en beneficio de tódolos galegos. É evidente que dende o Goberno galego e dende o Grupo Parlamentario Popular predicamos co exemplo, e nesta liña seguiremos para o ben de Galicia.

Nós, fronte a quen se situou dun tempo a esta parte na confrontación e no non por sistema, fronte a quen non soubo sacudi-lo seu complexo de inferioridade, estamos dispostos a construír país. Fronte á negativa visión que de Galicia escoitamos hoxe aquí, contrapóñense os importantes cambios experimentados pola nosa comunidade nestes anos de Goberno popular. Uns cambios que están á vista de todos, tamén incluso daqueles que non o queren admitir, e que teñen reflexo en múltiples aspectos e indicadores, que van dende a notable mellora das nosas infraestruturas ata o coitado do noso medio ambiente, pasando polas políticas

sociais, sanidade, educación, atención ós nosos maiores, ós nosos emigrantes, sen descoida-las medidas de promoción do emprego nin a nosa adecuación ás esixencias actuais nos sectores productivos industriais e de servizos. Loxicamente, non todo vai saír perfecto, ¡faltaría máis! Pero si estamos plenamente satisfeitos do camiño percorrido.

Estarán de acordo comigo en que o benestar –supoño que niso non terán dúbida ningunha– empeza por un mesmo. Por isto ¿que mellor indicador de que Galicia vai ben, en contra do que se acaba de dicir aquí por ámbolos dous representantes dos grupos da oposición, que a ratificación por máis da metade dos galegos –un 55%– que se mostran satisfeitos coa súa situación económica, persoal e familiar? Van ter que facer moita campaña, señores da oposición, para convencer a gran maioría dos galegos do que vostedes dixeron aquí, porque unha cousa é dicilo aquí e outra cousa é que despois llelo crean e que na rúa iso poida florecer, cousa que non lles acontece.

Non o digo eu. O que acabo de citar é un estudio elaborado para a Generalitat de Cataluña. Un estudio no que tamén se revela o alto índice de identidade propia entre os galegos, o máis alto grao de identidade autonómica do Estado. E por se a alguén lle cabe algunha dúbida, saiban que Galicia mellorou o seu nivel de renda 1,3 puntos durante o pasado ano, pasando do 72% ó 73,34% da media europea. Rexistramos durante o 2001 unha das maiores taxas de actividade de España e menores taxas de desemprego, subindo catro postos en renda per cápita entre as rexións da Unión Europea. Se nos referimos á situación económica, a inflación acumulada entre xaneiro –digo o da inflación xa que o señor Touriño apela en moitas ocasións a este tema– e agosto foi en Galicia dúas décimas menor ca no resto de España. E ademais, segundo reflicte o estudio do Consello Económico e Social na súa Memoria 2001 sobre España, a actividade económica creceu na nosa comunidade, en termos de crecemento do valor engadido bruto no pasado ano, un 2,8%, a mesma taxa cá media española e superior á de Europa. E en canto á produtividade das nosas empresas, rexistrouse un crecemento no 2001 do 2,7%, o que nos sitúa no sexto posto do Estado, no que a media nin sequera chegou a un punto, que foi do 0,8%. E aínda máis. Segundo o informe das cámaras de comercio europeas, as empresas galegas sitúanse nos dez primeiros postos do ránking da Unión Europea sobre expectativas de negocio para o presente ano. Sómo-la sexta

autonomía da Unión Europea con mellores expectativas, feito recoñecido nun informe da propia Comunidade Europea, tan só superados polo País Vasco, Asturias, Madrid e Helsinki.

E voules dar máis datos. Galicia pechará o exercicio de 2002 como o primeiro da súa historia –xa o citou o noso presidente esta mañá, pero é un dato moi importante– cunha balanza comercial positiva. A nivelación da nosa balanza comercial prodúcese como consecuencia do crecemento das nosas exportacións. No primeiro semestre deste ano a nosa balanza rexistra xa un superávit de 428 millóns de euros, as nosas vendas ó exterior aumentaron un 5%. Eu como sei que, a pesar de estar na oposición, vostedes se alegran das boas noticias para o noso país e para os nosos cidadáns, por iso llelo recalco.

Como poden comprobar, señoras e señores deputados, o noso optimismo está solidamente fundamentado. É un optimismo que se fai extensivo ó presente exercicio 2002 cunhas previsións de crecemento do PIB galego do 2,6% e do 2% no crecemento ocupacional; datos que nos sitúan catro décimas por riba de España e que foron corroborados –por se teñen algunha dúbida, consúlteno– polo Informe Hispalink, elaborado por dezaioito universidades españolas.

Señoras e señores deputados, está claro que Galicia hoxe é un lugar de referencia, unha autonomía de primeira, que conseguiu ter voz e prestixio en Europa e no resto do mundo. Pero nós non nos detemos aquí. Galicia está a consolidarse dende o continuo proceso de asunción de competencias, un feito relevante que supón achegarnos ó teito competencial do autogoberno pleno.

A nosa autonomía é, cada ano que pasa, maior. Ás máis de 150 competencias asumidas dende o ano 1981 engadírase proximamente un novo paquete en materia de meteoroloxía, profesorado de relixión e Real Academia Galega. Nós non precisamos, como argumentan algúns, a reforma do Estatuto para aumenta-las nosas cotas de autogoberno. Por certo, é curioso, con respecto a se este discurso, este debate, se dese hai uns anos, aquí tornáronse os papeis. Desde logo non os nosos, que seguen sendo os mesmos. Exercemos no mesmo posto que tiñamos, mentres que outros trocaron, uns para ben, polo que os felicitamos, fixémoslo nalgúns ocasións (*Risos.*); e outros andan –teñen que perdoar, señores do

Partido Socialista– desconcertados. Digo aquí en Galicia (*Interrupcións do señor Rego González.*), porque, de verdade, o seu presidente, o seu secretario xeral no Estado, non está de acordo con vostedes no cambio que plantexan da reforma do Estatuto, que é o que vostede, señor Touriño, dixo. Pero é que, é máis, moitos dos líderes compañeiros seus na nosa comunidade din o mesmo, porque o señor alcalde da cidade de Santiago cuestiona que a reforma do Estatuto sexa prioritaria para Galicia. Eu non sei se vostedes falan entre vostedes ou se é que non se entenden e non se aclaran.

Dixen o alcalde de Santiago por poñer un referente do alcalde da capital de Galicia, que é ademais do Partido Socialista. Claro que vostede, como se aliñou en varias ocasións con aquela cousa que aínda temos que descubrir, que era o federalismo asimétrico do señor Maragall (*Risos do señor Trigo Durán.*) Pero en cambio si entendemos algo do señor Maragall, e iso si que é grave, señor Touriño, por iso era importante que vostede saíra aquí e nolo dixera; o señor Maragall aplaude a coherencia institucional do *lehendakari* Ibarretxe. Se é que vostede coincide co señor Maragall nas súas teses, saia aquí para corroboralo que di o señor Maragall con respecto á problemática que se está plantexando no País Vasco. Sexa vostede valente e saia aquí a dicilo, porque, se non, é facer piruetas que de pouco lle poden servir.

Estamos falando de temas moi serios, de razóns de Estado, e vostede está facendo un xogo. Ademais quérollo recordar a vostede, a tódolos que nos estean escoitando e a tódolos galegos, loxicamente. Que ninguén esqueza que o señor Touriño –que veu aquí a acusarnos, a acusa-lo Goberno do presidente Fraga e ó grupo maioritario de moitas carencias, e sobre todo en relación co Estado, que xa hai que, xa hai que... (*Risos.*) que veu facer iso aquí– foi un membro dun goberno centralista, non do goberno da actualidade, do Goberno do Partido Popular, non, senón dun goberno que nos negou non só a nós, a moitas autonomías, o dereito a exercer-la autonomía. (*O señor Rego González:* ¡Que barbaridade!) Vostedes impedírono e vostede, que veu aquí hai un pouco a falar das peaxes, que ninguén esqueza que vostede, non o Partido Socialista, o Partido Socialista e vostede coparticipando, foron os que puxeron a peaxe de Rande, ¡que non se lle esqueza a ninguén, señor Touriño! Porque é que, se non, aquí xogamos ós despropósitos. E aquí cando un sae ten que ser responsable do que fixo, do que fala e do que podería facer, pero, sobre todo, do que fixo cando tivo opor-

tunidade. (*O señor Rego González: ¡Que barbaridade!*) O valente Touriño agora, era un señor que cando estaba en Madrid formando parte do goberno, coparticipando, negounos –como vostede ben sabe–... (*O señor Rego González: Negounos as autovías.*)

O señor PRESIDENTE: Non interrompan.

O señor PITA VARELA: Si, negóuno-las autovías. (*Murmurios.*)

Este é o seu mapa. Este é o do goberno actual, de solidariedade, do tren de alta velocidade, que vostede tamén nos deixou fóra del, señor Touriño. Por sorte, nin vostede nin os seus compañeiros seguiron en Madrid, porque, se non, nin a primeira nin a segunda nin a décimo cuarta travesía estaría posta, non habería ningunha, porque vostedes, insolidariamente, nos deixaron fóra do Plan director de infraestructuras, cando ademais vostede era secretario de Estado precisamente para esas infraestructuras.

Seguindo, señor Touriño, co discurso –pero para que saiba vostede que aquí hai que ser coherentes, que non se pode vir aquí facer un discurso esquecéndose de que vostede tivo a responsabilidade e que a desaproveitou, ¡foi unha pena que non o fixera!–, dicía que estamos coas transferencias de novas competencias para a nosa comunidade, hai outras que van vir. Están practicamente pechadas para o segundo grupo despois das que dixen hai un momento, as que fan referencia á transferencia da formación continua, á xestión do Instituto Social da Mariña, á cesión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Xustiza e, ó longo desta lexislatura, como dicía hai poucos días tamén o Goberno de España, o Goberno do Partido Popular, que quere pecha-las transferencias ás comunidades nesta lexislatura, reclamamos do Goberno do Estado o traspaso dunha serie de competencias que o Partido Popular de Galicia xa inclúe nas súas propostas programáticas das últimas eleccións autonómicas e que eu quero recordar que nas lexislaturas anteriores cumprimos ó cento por cento. De aí a resposta dos nosos cidadáns. Non coma outros, que fixeron promesas que nunca foron capaces de cumprir ou, o que foi peor, en sentido vectorial, totalmente contrario.

Témo-la delegación da sanidade exterior, da ordenación do sector pesqueiro, xunto coa inspección e a vixilancia pes-

queira, salvamento marítimo e investigación oceanográfica; o traspaso dos servizos de meteoroloxía, autorización de concesións nas concas intercomunitarias, funcións do Instituto Xeomineiro, a xestión de expedientes de explosivos, a transferencia do 0,52% do IRPF para promoción social e a ampliación para a reeducación de menores. Pero non me negarán, non poden negalo –e, se non, díganos aquí, eu sempre os reto a que o digan aquí–, que Galicia conta con máis autonomía gracias tamén a que incrementámo-la nosa capacidade de financiamento e a nosa corresponsabilidade fiscal ó lograr dunha parte a cesión do 35% do IVE, do 33% do IRPF, do 40% dos impostos especiais sobre alcohol, tabaco e hidrocarburos, e do 100% do imposto de matriculación, da electricidade e do novo imposto minorista sobre hidrocarburos. Deste xeito, a nosa comunidade pasou a ter –que se di moi pronto, señorías– o 50% dos recursos a través de fontes tributarias propias. Cando entre 1996 e o 2001 esta porcentaxe era do 15%. Tamén nos beneficiamos, señorías, das variables de reparto dos recursos e, debido á dispersión da nosa poboación, recibimos máis do 50% do que se distribúe entre tódalas comunidades autónomas do Estado español no que é ese concepto.

Señorías, Galicia segue mantendo a súa especificidade agraria e pesqueira, pero teñen que recoñecer que demos un xiro radical na modernización do noso sistema productivo, de tal xeito que a riqueza xerada pola nosa economía bascula no sector servizos como corresponde a unha sociedade desenvolvida.

Galicia hoxe é unha comunidade capaz de crear emprego neto e de calidade; unha Galicia mellor comunicada, máis accesible ó turismo, cun gran dinamismo no seu comercio exterior, plenamente integrada no concerto europeo –algo fundamental polo que vimos loitando– e cun número grande de grandes firmas e empresas de prestixio internacional que están a actuar como motores dos seus respectivos sectores. Estes días, por exemplo, en México, que é onde se atopa unha representación moi importante dun dos grandes sectores productivos do noso país.

O noso futuro é optimista. A política do presidente Fraga, dende que asumiu as responsabilidades de goberno de Galicia, tivo como referente final a modernización da nosa comunidade para situala no espazo das rexións máis desenvolvidas e de cara a ser das máis progresistas de toda Europa.

Este obxectivo final é o que nos move en tódolos ámbitos: económico, social e cultural. Unha meta que queremos conseguir dende a aplicación dun proxecto iniciado hai doce anos e que agora mira con ilusión cara a un prometedor futuro.

Eu quixera, con respecto ó discurso do noso presidente, dicir que foi realista tanto respecto do tempo e das circunstancias que nos toca vivir, como respecto do seu amplo contido. Fixo un retrato da nova Galicia que entre tódolos galegos estamos a construír día a día, unha Galicia que é froito do desenvolvemento e da aplicación dun ambicioso programa político, o do Partido Popular de Galicia, ó longo das tres últimas lexislaturas.

Quero destacar esa nova oferta de diálogo e de consenso, señor Touriño, a vostede especialmente, realizada polo presidente da Xunta de Galicia. Non llo digo ó líder do Bloque Nacionalista Galego, que –ten que perdoarme– entendeu a mensaxe moito mellor que vostede (*Risos.*), na liña que tan bos resultados está a dar no que levamos desta sexta lexislatura. Un diálogo extensivo no momento político actual a tódolos niveis entre os grupos parlamentarios, cos axentes sociais, e mesmo de lealdade constitucional e institucional entre as comunidades autónomas e a Administración do Estado. Foi tamén, señor presidente, unha intervención apaixonante e chea de esperanza cara ó futuro. Un futuro cimentado nunha autonomía puxante e moderna na que Galicia mira a Europa, estimando a nosa participación colexiada nos órganos comunitarios e que se presenta chea de posibilidades no marco do desenvolvemento pleno do Estatuto de autonomía e no reforzamento do Senado como verdadeira cámara de representación territorial.

Foi un discurso claro e ambicioso a respecto do protagonismo que agarda Galicia en tódolos eidos, por riba das lóxicas diferencias ideolóxicas e partidarias. Eu espero que as palabras no nome do Grupo Parlamentario Popular ditas polo noso presidente non caian en saco roto.

Eu quería ó final enviarlle unha mensaxe ó señor Beiras.

Señor Beiras, falou vostede e dixo aquí unha palabra que a nós –penso que a todos, pero a nós especialmente– nos sensibiliza. Falou de moita coraxe. Eu recoñezo que en calquera campo hai que ter coraxe para saír cara adiante, pero penso que quen lle bota moita coraxe, sobre todo na vida

política, na vida deste país, non é o Bloque Nacionalista Galego, son quen sexan, aqueles que para poder face-lo que estamos facendo hoxe aquí están tódolos días xogándose a súa vida, e iso non o fan vostedes. Eses son os que lle están botando coraxe neste momento, e a eses témolos permanentemente no recordo e dándolle-lo apoio, porque se están xogando a vida nun sitio hostil, no que non poden exercer nun estado de dereito o que lles corresponde nunha sociedade libre e democrática.

E vostede, señor Beiras, falou de depreciación en canto ó que nós facemos aquí e ó que representa a nosa comunidade no conxunto do Estado como comunidade histórica, e quero subliñar aquí unha vez máis que a xenerosidade dunha Constitución ou dun Estatuto como o que temos en Galicia determina que chegamos –sempre mellorable e aspirando a máis– a unha capacidade de autogoberno que en poucos anos acadamos, que xa quixeran democracias históricas como poden ser, por poñerlle un exemplo, Francia ou o Reino Unido, que non acadaron, nin con moito, a capacidade que temos hoxe nós aquí –a maioría, a minoría e o Goberno– de estar discutindo, falando, lexislando, impulsando, controlando, etc., o que se fai nesta Cámara e o que se fai nesta terra galega. Consecuentemente, todo é mellorable, pero non se pode esaxerar como fixo vostede.

Falou dos penitentes e eu quero dicirlle algo deses penitentes. Son moitos menos que os que había hai uns anos. Precisamente dende que goberna o presidente Fraga en Galicia hai moitos menos penitentes; veñen de antes, si, señor Beiras, pero nestes momentos hai moitos menos que os que había hai uns anos. ¿Por que? Porque imos polo bo camiño.

Nós non levámo-lo paso cambiado, nós marcámo-lo paso. Agora, a nós gústanos marca-lo paso que marcan os españois, a nós gústanos marca-lo paso que marca a Europa democrática, e a nós, señor Beiras, de verdade, non só nos gustaría, encantaríanos, que vostedes levaran tamén o paso que levamos nós. Con tódalas diferencias, máis curto ou máis longo, pero, de verdade, o mesmo paso, porque iso si que sería o máis positivo e o que teríamos que defender a prol de tódolos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pita.

Suspendémo-la sesión ata as sete e media.

Suspéndese a sesión as sete e dez minutos da tarde e continúaase ás sete e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Continuámo-la sesión coa rolda de resposta por parte do señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, comezo, naturalmente, por darlle as grazas ó voceiro do Grupo Popular polas súas xenerosas palabras, e nel dou as grazas a este grupo –penso que exemplar– que representa a maioría deste Parlamento polo seu traballo constante, pola súa discreción e pola súa capacidade de traballo.

Despois de dicir isto referíreme brevemente ós discursos dos dous voceiros dos dous grupos da oposición. Teño que empezar por dicir, respecto do voceiro do Grupo Socialista, que non deixou de ser para min algo sorprendente. Onte algúns, despois dunha reunión do seu Comité, dixéronme o que non debía falar, o que debía evitar e, en definitiva, dalgunha maneira, como é natural, aludíuse demasiadas veces á miña modesta persoa. Creo que é unha boa tradición a do Parlamento británico de non dirixirse ás persoas senón ó Parlamento no seu conxunto na persoa do seu presidente. “Señor Fraga, señor Fraga, señor Fraga...”, empecei a pensar que era máis do que son, un deputado máis, iso si, investido polo desexo da maioría dos votantes galegos, e deste Parlamento hoxe, con funcións determinadas.

Veu despois unha longa serie de críticas, e realmente isto era o conto de Alicia non no País das Marabillas senón no das desgracias, pero, evidentemente, a min non me parece que sexa convincente o que se dixo aquí.

Falouse, por exemplo, mesmo dos andares por Lugo de Xulio Iglesias que, como é natural, é un tema para tratalo con senso do humor, e ten perfecto dereito, como un cidadán máis, a expresa-las súas opinións. Pero iso de que as cousas só van ben para os poderosos, non o cren os galegos, que saben que en conxunto melloraron. Porque a comparanza non é co que sería perfecto, a comparanza non é co que pode facer un país que ten os recursos, por exemplo, dos Estados

Unidos –para o que non faltaron, desde logo, as críticas–, pero é o certo que a comparanza do que era Galicia hai doce anos e do que é agora evidentemente non é desfavorable.

Pero, por exemplo, escolléronse mal os temas das críticas. Fálase da política de emigración da Consellería de Emigración, en relación coa situación dramática dos nosos emigrantes, ós que me honro en pertencer, porque son fillo de emigrantes que se coñeceron en Cuba. Pois en pouco tempo a nova consellería foi quen de facer prestacións sanitarias de urxencia, de entregar medicamentos para enfermos crónicos de gravidade, de facer chegar axudas extraordinarias para gastos e atencións urxentes, de entrega-los alimentos máis carenciados, de servir vivendas compartidas e axuda a domicilio a persoas con limitacións graves, de crear centros de día, e, en definitiva, de crear unha fundación que está recolectando fondos e que nos permiten, sen necesidade de intervencionismos estériles, facer traballar a toda a sociedade.

Falouse da familia e deuse a entender que neste momento, por exemplo, había problemas coa vivenda. Dende 1990 Galicia ten o prezo máis baixo de España. No primeiro semestre do ano o prezo medrou en España, no seu conxunto, un 15%, en Galicia un 3%. Non era así, por certo, no tempo do tripartito.

Falouse das amas de casa. Pois, efectivamente, nós creamos para elas –fomos punteiros e outras comunidades están imitando– un sistema voluntario de pensións.

O Plan Labora para a xente nova está a funcionar perfectamente, de acordo co que estaba previsto. Neste momento hai adheridos ou pendentes de contratación máis de sete mil mozos. Penso que neste momento ese é un resultado importante.

En canto ó consumo, quero dicir que hoxe mesmo publicaba a prensa que nos consumos esenciais, nos que afectan realmente á vida mesma, non ás distraccións, etc., Galicia é unha das comunidades que máis están consumindo en España.

De modo que, en definitiva, me parece a min que se esaxera notablemente, como cando se fala, por exemplo, do Plan de persoas maiores. Hoxe, a través dos distintos programas, atendemos a 17.512. Só o programa de residencias

se incrementou este ano con 625 novas prazas. No 2006 achegáramonos a máis de 38.000 persoas atendidas –compárese co que había antes–.

Falouse de sinistralidade laboral. É certo que se pode e que se debe mellora-la situación. Entre xaneiro e xuño deste ano Galicia rexistrou o cuarto índice máis baixo de incidenciados por accidentes de traballo con respecto á poboación afiliada. Só Aragón, Estremadura e Melilla melloran esta situación. E non penso que se queira dicir que están mellor en Andalucía ou en Estremadura en ningún destes parámetros.

Por outra parte, naturalmente, un antigo experto nestas cuestións referiuse ó tema dos camiños de ferro. Pois ben, é absolutamente evidente que neste momento estamos en marcha. E é igualmente certo que o tramo Pobra de Sanabria-Lubián-Ourense está aínda en estudio e que nel caben algunhas melloras. Pero que se poida falar neste momento dun ferrocarril de segunda división paréceme pouco serio para unha persoa que coñece os problemas xeográficos especiais que ten Galicia, que os vai superar totalmente.

Tampouco é certo que haxa hoxe unha Galicia de dúas velocidades. Esta foi a teima, precisamente, cando se fixo aquela obra primeira –importante infraestrutura–, a Autopista norte-sur. Hai áreas urbanas, creadas precisamente polo Decreto do 20 de febreiro de 1997, do mapa comarcal de Galicia; regúlanse as áreas funcionais, e neste momento están en marcha o Estatuto especial de capitalidade de Santiago e a zona metropolitana de Vigo. En definitiva, estamos cumprindo con tódolos requisitos para ocuparnos dos concellos. É absolutamente falsa a preponderancia duns sobre outros; iso foi nos tempos do chamado “tripartito”, pero, certamente, non é certo neste caso.

Cando se fala de investimento e se bromea sobre o traballo magnífico do señor ministro de Fomento, señor Álvarez Cascos –que eu unha vez máis teño que dicilo: é o home axeitado no posto axeitado, e está a traballar polo noroeste en xeral, e por Galicia en particular, dunha maneira exemplar–, quero... Hoxe afortunadamente non se chegou a certos detalles que estes días se mencionaron –segundo se podían ler nos medios de información–. Propoñíase que chegara neste momento, xa presentado o orzamento do Estado, a pedir –tiña que ser quitándollo a outros– determinados

aumentos dos investimentos en Galicia. Pois ben, o investimento per cápita do Estado en Galicia para o próximo exercicio será de 238 euros por persoa. Neste exercicio do 2002 o investimento per capita situábase en 225 por persoa, o que quere dicir que no 2003 o Estado investirá en Galicia 52,98 euros máis por cada habitante. Pero hai que ter en conta que Galicia –como xa recordei hoxe– ten un presuposto multiplicado por catro practicamente nos últimos anos, consecuencia do gran número de transferencias. Isto quere dicir que se a Comunidade inviste –falo do exercicio do 2002– 611 euros por persoa, unidos ós 225 que inviste o Estado, fan un total de investimento por cada habitante de 837,28 euros, que nos sitúa nun lugar moi destacado respecto doutras comunidades.

Da radio e da televisión non quero falar, porque despois de trece anos de Goberno socialista moitas desas reformas xa se puideron facer, pero pasará á historia a frase dun director xeral nomeado naquela época, o señor Calviño –e infelizmente paisano noso–, cando dixo en exercicio do seu cargo e publicamente que mentres el fora director xeral da Radio-Televisión o señor Fraga non sería presidente do Goberno. O asunto deu lugar a un debate parlamentario no que o ministro de Cultura encargado do asunto dixo que era unha frase desafortunada, pero que non era para poñerse así. Despois disto quedou relevado de calquera tipo de cargo.

Falouse da privatización de ENA. O Goberno socialista prorrogoulle xa unha concesión a cambio de nada. O PP abaratou a peaxe de Rande-Pontevedra e fixo libre de peaxe Rande-Puxeiros e Fene-Ferrol, o que leva consigo, naturalmente, para o equilibrio de empresa –aínda pública–, unhas compensacións dalgunha natureza.

En fin, quero dicir que a poboación –á cal se aludiu igualmente– se está recuperando –como xa o expliquei esta mañá– e que, desde logo, Galicia non perde peso, influencia nin capacidade. Xa lle mencionei que os últimos datos da nosa balanza comercial reflicten o esforzo da nosa industria, cunha taxa de cobertura dun 110%, que, evidentemente, non indica falta de competitividade.

¿Din que Galicia perde peso e influencia? Pois será para algúns en Galicia, porque eu teño a impresión de que nunca fomos tan coñecidos dentro e fóra de España nin tivemos tantas posibilidades de diálogo.

Respecto de máis Galicia, máis España e máis Europa, todos o firmamos e todos o aplaudimos, o caso é chegar a iso. E podo asegurarlle que na reforma da PAC e da política pesqueira estamos traballando seriamente e con boas e importantes esperanzas de conseguila defensa dos intereses de Galicia. Polo tanto, nin inmovilismo conservador –por certo, os progresistas de grupos doutras obediencias do socialismo..., pero, en fin, xa vimos como deixaron os países que os gozaron– nin autocompracencia resignada, simplemente afán de traballo por Galicia, cheos de humildade, pero convencidos de que podemos facer algo por ela.

En canto á intervención do voceiro do Bloque Nacionalista Galego, teño que dicir que tivo a ben referirse a unha nova situación, a un novo método de traballo baseado no diálogo. É evidente que a experimentación disto é polo de agora un comezo. Deu os resultados nunha declaración deste Parlamento sobre a política de pesca e espero que os dea sobre a política de educación. Desde logo, pola nosa parte haberá sempre diálogo sen fronteiras.

Respecto do patriotismo constitucional galego, eu subscribo iso, pero prefiro quedar coa expresión xeral de patriotismo constitucional galego, español e europeo. Esa frase –por certo, é dun marxista; dun marxista moderado e filósofo, como é Habermas– quere dicir que hoxe xa non se pode basealo patriotismo exclusivamente en razóns étnicas, en razóns de crenzas e en razóns de tradicións. Consiste en poñernos de acordo nas bases de convivencia e en aceptalas no que nos gusta e no que non nos gusta. Iso é o verdadeiro patriotismo constitucional. Eu así o entendo, e por iso o creo; ese é o terreo básico para todo o diálogo eficaz. Non vou entrar nos debates entre o BNG e o PSOE. Tódolos partidos témo-los nosos problemas, aínda que algúns estean máis á vista que os dos demais.

O que non podo é acepta-la afirmación de que hoxe os órganos centrais nos están deixando vacantes de contido. Ben ó contrario, neste momento están en marcha importantes operacións de novas transferencias. E dicir que non aprendemos nada da historia tampouco me parece que corresponda á realidade deste momento. Non hai –nin haberá mentres eu poida evitalo; certamente non en Galicia– ningunha inquisición contra os nacionalismos democráticos e constitucionais. Como foi recordado na intervención do voceiro do Partido Socialista, é evidente que, infelizmente,

hai sitios onde os contactos do terrorismo con algúns sectores nacionalistas non sempre están claros, para dicilo dun modo máis suave.

Eu agradezo, en todo caso, que se me dean ánimos e apoios para vir exercer-la función que, polo momento, teño en nome da maioría do pobo galego e quero dicir que o Goberno autónomo de Galicia está a funcionar e que é o menos malo que tivemos, porque o funcionamento do famoso Reino de Galicia do tempo de don García – aquel pobre home que viviu e morreu cos ferros postos– e o da idade moderna non teñen comparanza coa situación actual.

Fixose unha alusión –entendo que humorística– ó feito das candidaturas. As candidaturas fanse con persoas reais de carne e óso, ás que xeralmente se lles piden sacrificios. ¿Quen de nós pode dicir que chama a un avogado ou a un médico e inmediatamente lle pode dicir que deixe de recibir clientes ou de ver enfermos? ¿Quen de nós se atrevería a dicirlles ós alcaldes –que, desde os seus postos, poden ter algún tipo de influencia– que deixen o seu cargo antes da elección? Desde logo, se hai algo que a min me parece que non é axeitado ó caso é a referencia á famosa frase shakespeariana: “O meu reino por un cabalo”. Porque o rei en cuestión era un rei, non só tirano, senón asasino, que quitara do medio a tódolos que lle podían pecha-lo paso á súa ambición do poder absoluto. E cando o perdeu nunha batalla, entón daba o reino e o pobo por nada, por un cabalo para escapar.

En resumo: eu entendo que neste momento as referencias que despois se fixeron sobre certos aspectos da política do Goberno nacional e do Goberno galego non necesariamente son convincentes.

Falouse de política ultraliberal. Nós non falamos dunha política ultraliberal, falamos dunha política non pechada, aberta á intervención –cando sexa necesaria– e nos termos que expliquei esta mañá.

Respecto da estabilidade presupostaria, o que é evidente é que a inflación –como xa se explicou no *Fausto*, de Goethe– é o peor inimigo de calquera solución económica. En todo caso, pode ter por certo o señor voceiro que as súas propostas –que as teño enriba da miña mesa– seguirán sendo estudadas a fondo e moitas delas poderán ser tidas en conta ou debatidas no próximo debate presupostario.

Falouse máis unha vez de incendios forestais –tamén o fixera o voceiro do Partido Socialista–. Hai unha cousa evidente: despois de ser este ano o máis seco do último medio século, a superficie queimada total do primeiro de xaneiro ó 18 de setembro foi de 25.000 hectáreas; no ano 1989 –último ano do tripartito– foi de 137.954 hectáreas. E a superficie arborizada no ano 2002 foi de 7.479 hectáreas e no 1989 de 62.988 hectáreas. ¿Que quere dicir isto? Que a superficie total por lume –este é o índice de eficacia– en cada un dos incendios sinalados foi de 2,4 hectáreas no 2002 e de 22,6 hectáreas no 1989. Séguese falando de que sería mellor unha política de prevención. Ben, dígasenos cál, porque nós facemos todo o posible por facer educación e propaganda a este respecto. En todo caso, as cifras tampouco deberían ser esaxeradas, posto que se falou de 100.000 millóns de pesetas gastados nos últimos doce anos. Á extinción de incendios destináronse, entre 1990 e 2002, algo así como 40.000 millóns de pesetas; en prevención gastáronse 147 millóns de euros, ós que hai que engadir outros 312 millóns máis en accións forestais, repoboación e tratamentos agrícolas. No presente ano adicáronse máis de 25 millóns de euros a medidas preventivas. Pero o que é certo é que desde que nós estamos aí –estes son datos oficiais de ámbito nacional, de Madrid– as masas arborizadas de Galicia aumentaron en 400.000 hectáreas.

Falouse tamén, por exemplo, seguindo nos temas medioambientais, do problema dos residuos urbanos e do custo de Sogama, que, por certo, vostede afirmou aquí –baseándose nun titular dun xornal– que o Consello de Contas dicía que non era viable. Iso é absolutamente inexacto. O que sinala é que é necesaria unha revisión dos custos e dos canons. Pero se comparámo-los custos de tratamento de residuos urbanos e incineradoras noutras partes de Europa veremos que en Bélxica –se tomamos como base de 30 a 100– son 94 euros por tonelada de residuo, incluído o IVE; en Alemaña, 82; en Inglaterra, 78; en Mallorca, 59; en Biscaia, 54; en Girona, 48; en Barcelona, 48; en Madrid, 46; e en Tarragona, 45. O que se propón para Galicia é 41,80, que non parece nada esaxerado.

En canto ó ensino público, é certo que son fillo do ensino público, porque, ó se-lo máis vello de once irmáns, non nos podíamos permitir outros luxos. Pero sosteño que, sendo necesario un sistema de ensinanza pública previamente aberta e con posibilidades para todos, teño que dicir que nos paí-

ses que teñen os mellores sistemas educativos, como son os anglosaxóns, e en particular un que coñezo bastante ben, que é Inglaterra, a competencia é un principio fundamental. Tampouco é certo que esteamos en desvantaxe en canto á porcentaxe de gasto destinada á educación. fálase do 4% do PIB, fronte a outros que destinan o 5%. Desde o curso 1996-1997 ata o 2001-2002 descendéron os alumnos de ensinanza non universitaria en 100.000 pola crise demográfica, mellor dito, polo cambio da pirámide demográfica. Nembargantes, os recursos asignados pasaron de 893 millóns de euros a 1.268 millóns, o que supón un incremento do 42%. A porcentaxe destinada a educación no presente exercicio é do 32% do total da Administración xeral das comunidades autónomas e o 22% do orzamento da Comunidade Autónoma e do orzamento consolidado.

Falouse da sanidade. Temos que dicir que a espera media cirúrxica é de arredor de 70 días, e en consultas externas moi por debaixo. Non coñecemos ningunha comunidade autónoma e poucos países en Europa que o teñan mellor. O peche de camas no verán e a falta de substitucións é normal por vacacións, obras, etc. Pois ben, a actividade foi maior ca no mesmo período do 2001, ó redor dun 4%.

Respecto da lingua galega, que foi onde culminou a intervención o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, dígolle: “signo de identidade”. Esa foi a expresión que eu usei esta mañá. Fala de “involución”. Non hai tal. Este é un tema certamente aberto ó diálogo, como tódolos demais. Pero, en definitiva, eu quero rematar onde debía comezar.

Nós –como dixen esta mañá– somos rexionalistas, que, desde o punto de vista aristotélico, é o punto medio entre o centralismo e o nacionalismo. Nós somos rexionalistas, queremos ser nós mesmos: o que fomos, o que somos e o que imos seguir sendo, pero unidos con outros; queremos formar un conxunto. Se hai unha expresión que a min me teña chamado a atención e me teña interesado, e non só por vela nos billetes de máis prestixio do mundo –nos verdes dos dólares americanos–, é o símbolo da unión americana, *E pluribus unum* (dos que son diferentes, un só), para que sexa máis forte, e, naturalmente, dentro do estado de dereito. Porque iso de que non sabemos qué está vixente ou qué non está vixente, neste momento, coa actividade que ten o Tribunal Constitucional, paréceme algo esaxerado.

Moitas gracias, señor presidente.

Moitas gracias, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

¿Grupos parlamentarios? (Pausa.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señorías, vanme permitir que empece cun certo sentido do humor. A verdade é que a tarde préstase a iso, ó bo humor, que sempre se debe ter. Aquí, segundo recoñecen uns e outros, esta é a lexislatura do redescubrimento do diálogo. Ben, tardaron tempo, tardaron ben anos uns e outros en descubri-lo camiño, en descubri-lo diálogo. Paréceme moi ben, paréceme estupendo; pero, certamente, se todo iso é por amor a Galicia, tardaron. Tardaron ben no do amor a Galicia e no descubrimento da senda e do camiño do diálogo. Dende logo, para o Partido Socialista sempre en política –e para min moi en particular–, o camiño do diálogo é esencial, é unha forma de facer política e é inherente ó sentido da política. Dende que teño uso de razón política practiquei o diálogo; estou nesa posición.

Certamente, non fagámo-lo debate sobre o debate, non fagámo-lo diálogo sobre o diálogo; fagámo-lo debate –non o furtemos– sobre os problemas dos cidadáns, sobre os problemas do país. Ese foi o meu compromiso, esa foi a miña intervención. O diálogo non pode anula-la oposición, o diálogo non pode ser ó prezo dunha oposición submisa. Polo menos ese prezo non o vai pagar polo país, pola democracia, polos cidadáns, o Partido Socialista. Iso non llo poden pedir ó Partido Socialista.

Dixeron aquí –e non o dixen eu, pero, con razón, coincide plenamente– que hai Goberno, que hai quen apoia o Goberno e que hai quen está na oposición. Dende logo, o Partido Socialista está na oposición, está na alternativa; sómo-la oposición e sómo-la alternativa do Goberno. Miren, hai unha estraña coincidencia no debate ó longo de hoxe que me preocupa, que é a coincidencia autoexculpatoria. De repente renúnciase á crenza de fondo do autogoberno, á crenza das posibilidades do país, ás competencias que temos

e á capacidade de exercicio de autogoberno que temos, coa tendencia autoexculpatoria de que agora tódolos males veñen de fóra, todo pasa en función do mundo, da globalización, de Europa e de España. Pero é que estamos no debate da autonomía de Galicia, señores do PP, señor Fraga, señorías, estamos no debate da autonomía de Galicia, e hai que falar dos problemas deste país e dos problemas da xente. E falamos do país e dos problemas da xente na miña intervención da primeira hora da tarde. Faleille da deterioración profunda que están a te-los servicios públicos coa súa política, coa política do Partido Popular, desa deterioración dos servicios públicos do Partido Popular e do Goberno, e de vostede, señor Fraga, á cabeza deste. Porque realmente vostede aínda non deu as cifras sobre as listas de espera sanitarias nas consultas externas e nas probas diagnósticas. Falta o día en que as dera neste debate e falta o momento en que lles conteste ós deputados da oposición entregando no Parlamento cáles son de verdade as listas de espera no sistema sanitario público deste país.

Señor Fraga, están moi ben os discursos a favor do ensino público. Vostede matizao, foi ó ensino público porque, en fin, é un mal menor, porque non se pode ir á ensinanza privada. Claro, a sociedade cambiou. Hoxe hai familias que teñen recursos e, entón, claro, de aí vén de verdade a súa ideoloxía e a súa política de fondo. E, ademais, proclama vostede que é boa a competencia tamén no sistema educativo. Miren, o que é bo no sistema educativo, señores do PP, é que haxa un ensino público que permita de verdade igualdade, liberdade, educación e cultura para tódolos cidadáns neste país. Iso é o que se necesita, señor Fraga, e non historias de competencias no sistema educativo, ¡por favor!, que están vostedes a desmontar e a dinamita-la escola pública neste país. Esa é a crúa realidade do que está a acontecer aquí.

Hai que falar tamén da crise demográfica que padece Galicia. Nunca na historia de Galicia, señorías, tivemos un fracaso en termos dun país que renuncia a ser capaz de crecer en poboación. Nunca na historia deste país tivemos un fracaso demográfico, señor Fraga, do tamaño do que tivo vostede ó longo destes dez anos. Trinta e cinco mil galegos menos, son moitos galegos; é un auténtico fiasco que pon de manifesto o fracaso das políticas de conciliación da vida laboral e familiar, que pon de manifesto que neste país temos altas taxas de paro –máis ca en España e moito máis ca en Europa–, que pon de relevo que neste país non hai un autén-

tico sistema de servicios sociais que posibilite a conciliación da vida laboral e da vida familiar.

Non deu vostede ningunha contestación a por qué en Galicia témo-la precariedade no emprego maior de toda España, 20 puntos máis ca na Unión Europea. Pero, señores do PP, señores da maioría, señor Fraga, ¿como imos poder avanzar realmente, sen que haxa un proxecto emancipatorio, sen que as mulleres e a xente nova poidan pretender e formar unha parella e ter fillos cos prezos da vivenda tal e como están, sen unha política de aluguer, sen vivendas de protección oficial, sen que haxa de verdade unha situación mínima de seguridade e de certeza? Cos tempos que corren de incerteza, o que responden vostedes coa súa política vai polo camiño contrario: non dan seguridade, non dan confianza á cidadanía deste país. E iso é o que está detrás do desastre demográfico, máis alá das proclamas e das moralinas; é o que está detrás da incapacidade e da imposibilidade real dun proxecto de emancipación persoal e familiar; é o que está detrás das dúas galicias, da alarma vermella que está encendida na Galicia interior case na súa totalidade. A maior parte dos concellos de Lugo e Ourense están perdendo máis do 40% ou do 50% da súa poboación, están entrando realmente nunha auténtica zona de alarma e de desastre. ¿Onde está a política do Goberno do Partido Popular de reequilibrio territorial? ¿Onde está a política rexional que faga posible, realmente, parar todo iso?

Recoñeceu, señor Fraga, problemas con Ourense-Lubián, con Ourense-A Meseta, no tren de alta velocidade. Claro que hai problemas, como que non hai compromiso nin garantía ningunha de que teñamos tren de alta velocidade en función de cómo se está plantexando ese investimento e de por qué non se quere afrontar. Señor Fraga, dígolle unha vez máis: ¿por que non hai un convenio co Goberno central que garanta prazos trazados e características do tren?

E non puido vostede negar que a Comunidade Autónoma de Galicia é a comunidade autónoma de España que, non antes nin agora, pero neste momento, nos presupostos xerais do Estado ten o menor investimento por habitante de toda España. É inadmisíble, inxusto, discriminatorio e realmente lamentable, señor Fraga. Somos unha rexión obxectivo número 1. Non é só que nos deban 300 millóns de euros –50.000 millóns de pesetas–, que ten vostede que sacar adiante en Madrid co señor Aznar –vólvollo repetir, co pre-

sidente do Goberno de España, co que se ve vostede pouco, señor Fraga, ultimamente–, non é soamente iso; é que, ademais, sendo un país débil, periférico, con atraso e con déficit, é hora de que realmente haxa unha prioridade e un maior esforzo de reequilibrio na dirección de Galicia.

A verdade é que non quero entrar –por respecto á súa persoa– nalgunhas afirmacións contundentes que fixo hoxe aquí pola mañá. Plantexou –a verdade é que con pouco éxito, creo que non era oportuno que o fixera– unha reinterpretación falseada da historia, falando do papel de Alianza Popular –*¡ten tela!*– no Estatuto, na Constitución e na Autonomía deste país. *¡Ten tela!*, señor Fraga, que plantexara vostede iso. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*) É unha apropiación indebida.

Fixo vostede, señor Fraga, unha cita do ano 1974. Por respecto a vostede non vou entrar no terreo das citas do ano 1974 e de por aí. Toda Galicia sabe e tódolos cidadáns saben onde estabamos cada un –uns traballando pola democracia, do lado da liberdade– e onde estaban outros. Pero non quero entrar nese terreo, entrou vostede, desgraciadamente, de modo infeliz, esta mañá. Pero miren, eu sintome moi orgulloso, extraordinariamente orgulloso, de ter pertencido a un goberno dun partido, que é o Partido Socialista Obrero Español, que foi o partido que trouxo a España o sistema público de pensións e as pensións non contributivas. Sintome moi orgulloso de formar parte dun goberno... (*Protestas nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*) (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*) –*¡Calma, señorías, calma!*– Sintome moi orgulloso de ter formado parte, señor Pita e señor Fraga, dun goberno que fixo posible en España, co esforzo de tódolos españois, que houbera un sistema sanitario público universal para todos e de ter formado parte dun goberno... (*Interrupcións.*) (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*)

O señor PRESIDENTE: Por favor, non interrompan.

O señor PÉREZ TOURIÑO:... socialista que trouxo a España o sistema público de ensino ata os 16 anos, o que vostedes agora se van cargar, señor Fraga. Pero, mire, a historia, señor Pita, señor Fraga, para os historiadores; para os galegos hoxe, o presente e o futuro.

E quero remata-la miña exposición cunha cita presente, non cunha cita de historia. Quero rematar cunha cita de 1990; unha cita de cando foi vostede investido por primeira vez presidente de Galicia neste Parlamento. Voulle rele-la cita porque creo que a ocasión o merece: “Levarémo-lo desenvolvemento dos principios constitucionais e das normas estatutarias ata as súas definitivas consecuencias” –diciá vostede–, “sen prexuízo de contemplar, cando se demostre a súa necesidade, para o desenvolvemento máis completo de Galicia e da súa autonomía, a ampliación do teito estatutario, e aínda a aplicación das posibilidades do artigo 152 da Constitución”. Este era o Fraga que tomou posesión da Presidencia do Goberno de Galicia e que se comprometeu a sacar isto adiante. O Fraga de hoxe, o Fraga da actualidade, dá toda a impresión, presidente, de que é un presidente en retirada, para o cal non é o momento de facer nada neste país, nin a reforma do Senado nin a participación na Unión Europea nin o impulso do autogoberno, que reclamamos e volvemos reitera-lo Partido Socialista de Galicia. Os retos e os desafíos máis importantes deste país, señor Fraga, para vostede, quedan na lista de espera, igual que quedan na lista de espera miles e miles de cidadáns deste país, esperando a resposta ós seus problemas, para un horizonte de futuro, de modernidade e de xustiza.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Réplica por parte do señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, vou ser moi breve porque o interviniente acaba de dicir que ía poñer humor no seu discurso. Teño gañas de saber onde estaba, ó mellor foi naquela frase de: “Sómo-la alternativa”. *(Risos.)*

Pero, en definitiva: ¿diálogo? Por suposto: ¿Desde a oposición? Desde logo, renunciando a nada; esa frase segue vixente. E fixemos uso de todas esas facultades. Polo demais, teño que dicir que, canto se dixo, foi xa respondido.

Por certo, en internet, a través da páxina da Xunta, publícanse puntualmente as listas de espera por hospitais...*(O señor Cerviño González: No Parlamento.)*

O señor PRESIDENTE: Non interrompa, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):... e patoloxias. No Parlamento existe, naturalmente, internet, e pódese consultar. Pero, como é natural... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, enviármolas certificadas. Moitas gracias, señor Cerviño, é unha suxestión moi súa.

Despois de dicir isto, teño que dicir que, efectivamente, existe un convenio sobre o ferrocarril que se está cumprindo ó pé da letra, e para humor, desde logo, están as cousas que temos que escoitar.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor presidente da Xunta, descúlpeme, pero en primeiro lugar, dado que houbo unha referencia explícita ao BNG, e polo tanto a min, que son o portavoz, a respecto do diálogo por parte do señor portavoz do Grupo Socialista, só quero dicirlle cun pouco de sosoque que eu non son o Goberno aquí; tampouco son a oposición a vostedes. *(O señor Rego González: Parecer, parece que non.)* Pois logo, ¡a ver se nos aclaramos! *(Risos.)* Non vaia ser que haxa xente que pense que vostedes simulan facerlle a oposición ao Goberno do PP para opoñerse a nós *(Risos.)* Ben, porque a esa indicación de que se os nacionalistas en descubrir o diálogo tardamos tanto sobre todo por amor a Galiza, eu dígolle que levo dende 1964 dialogando co Partido Socialista Obrero Español, e, dende logo, o balance non é perfectamente claro; ¡dende 1964!, coa dirección executiva no exilio, de Rodolfo Llopis, en París, ¿de acordo?, logo na Conferencia Socialista Ibérica, e así sucesivamente. E co diálogo sobre a temática da convocatoria das eleccións de 1997 e do 2001 entre vostedes e nós puxemos todo. *(O señor Pita Varela: ¡Oi, oi, oi!)* Non sei se vostedes contribuíron pola súa parte a que o diálogo fructificase ou a que don Manuel Fraga Iribarne renovase maioría absoluta por cuarta vez. Falemos claro. É a miña maneira de entender o debate político. Non

veña vostede dicirlle ao Bloque Nacionalista Galego que tarda moito en descubrir que, por amor a Galiza, hai que dialogar, porque unha cousa é dialogar e outra é facer que se dialoga. Eu o que quero saber é se vostedes están dispostos a dialogar ou só a facer que se dialoga en temas cruciais para este país, nos que nos xogamos todos moitas cousas, porque este país se xoga moitas cousas, e nos que o BNG se xoga riscos e custos políticos, sobre todo se hai quen pretenda montar unha cerimonia de confusión ante a cidadanía. (*A señora Soneira Tajés: O presidente da Xunta é aquel.*) Estou contestando a algo que non estou disposto a que se siga difundindo por aí con voces moi fortes fóra desta Cámara.

Pero retomemos o humor porque me parece que xa é de bastante humor falar de que vostedes nos increpan agora, parece ser, precisamente, caendo no que eu xa me adiantei a dicir que era un sofisma moi simplote, e, naturalmente, falso, niso de que se se dialoga, non se fai oposición. E, polo tanto, eu pregunto qué oposición lle fai o señor Zapatero ao señor Aznar (*Risos.*) en temas tan serios como a reforma –insisto– antidemocrática da lexislación sobre os partidos políticos, na que o Bloque votou en contra nas Cortes, case *solito* –uns pouquiños–, por exemplo. ¿Por que alí vale e aquí resulta que iso sería facer unha oposición submisa? Aclárense, porque eu non son un colonizado nin un acomplezado, e isto é o Parlamento de Galiza, da miña nación. Son galego de nación, como dicían os ilustrados Lucas Labrada, etc., e quero ser cidadán do Estado español, pero cidadán, non pola porta de atrás, e non a custa de renunciar á miña identidade nacional. Vostedes, como sei que non a teñen clara, porque non saben se son galegos, españois ou europeos –por iso de “Galiza, máis España e máis Europa”, que non sei cómo se come–, aclárense, que estamos nun debate para aclarar as cousas, non para confundilas.

Polo tanto, eu volvo repetir e reitero... (*O señor Orza Fernández: ¡Rífalle!*) Non, non, tamén lles rifo a vostedes, ¡non crean! (*Risos.*) Eu dixen taxativamente aquí que o Goberno da Xunta estaba baixo mínimos. ¿Non o dixen? Eu dixen aquí que, dende logo, non era eficiente, senón que era ineficiente, pero que o problema político era outro. O problema era de se pode funcionar e é capaz de funcionar como órgano colexiado do poder executivo, que é un goberno, non unha deputación uniprovincial, está claro.

E dixen aquí tamén –fixen un recordatorio– que a única forza política europarlamentaria que dende 1979 –cando o actual presidente da Xunta gañou as primeiras eleccións por un escano, e, dende logo, ademais cunha inapreciábel, inestimábel, contribución, non precisamente nosa, e nun escano moi concreto– exerceu como oposición ata o límite de chegar a plantexar a moción de censura foi o BNG. Vostedes non o consideraron pertinente, díxoo aquí. Entón, claro, tamén dixen que fixemos un exercicio de modestia democrática. ¡Se a iso lle chama vostede autoxustificarse...! Eu non ando xustificándome pola vida, nunca, dende hai moitísimos anos, dende que me descristianicei, e nunca estiven nas JEC. Non son cristián, láméntoo moito. Estou descristianizado dende hai moitísimo tempo, non teño eses problemas de *mea culpa* e complexos dese tipo. Si dixen que fixemos un exercicio de modestia democrática de asumir que, se se fai unha moción de censura aquí, naturalmente non prospera, porque como a maioría é absoluta non pode prosperar aritmeticamente, a non ser que haxa “liberdade de voto en conciencia”. (*Risos.*) De feito, debería habela porque non hai mandato imperativo, segundo o réxime constitucional e parlamentario español. E se ao cabo duns meses os cidadáns renovan a maioría absoluta a favor do Goberno censurado, ¡oia...! E dixen máis: ¡Oxalá fixeran iso o PP e o PSOE despois das eleccións vascas de maio do ano 2001! ¡Os dous! Porque a ver se aclaramos dunha vez a miña concepción, a miña humilídsima concepción do que está a ocorrer. Por iso centrei boa parte da miña intervención na análise das causas políticas do que está acontecendo, alén da capacidade máis ou menos grande dun colectivo de responsábeis dun labor executivo que funcionen ben ou mal. O problema xa o expuxen. Creo que o centro, o núcleo da cuestión, está en que eu realmente hoxe –dígolles a verdade– leo o texto do Estatuto e da Constitución, leo as decisións lexislativas das Cortes en moitos casos, leo as decisións do Goberno central e leo ou vexo cómo responde este Parlamento ás iniciativas lexislativas determinadas que, en principio, están no uso das plenas competencias, á vez que no uso das competencias exclusivas. No posicionamento, nas reaccións políticas, ou nas non políticas, do Goberno da Xunta ante fenómenos como o do comercio –saben vostedes tantas cousas ¿verdade?–, eu non sei se a norma que rexe hoxe é o que di o Estatuto de Galiza ou se a norma é a práctica que de interpretación da norma en feitos consumados lexislativos, cunha maioría absoluta –ás veces, incluso, maioría absoluta con apoios innecesarios–, se está estable-

cendo fundamentalmente dende o poder central e que se lle impón a un goberno autónomo.

Dixen máis, en Galiza non hai ETA, non hai violencia. Nós non temos aquí ningún problema que dea lugar a que haxa que reaccionar, acertada ou desacertadamente, como reacciona o *lehendakari* Ibarretxe. Non vou entrar no asunto, porque non existe ese escenario. Pois non o transplante-mos aquí, non empecemos dende aquí facendo invocacións sobre ese tema no Parlamento de Galiza, se queremos centrar o debate en Galiza; a non ser que se queira sementar algunha posíbel hipótese de suspicacia de que, como o BNG ten relacións de afinidade ideolóxica e política, e incluso de colaboración no nivel do Estado, co PNV no que se chama a Declaración de Barcelona –que foi couceada por todos os lados–, pois, entón, pode resultar interesante que agora esa relación co PNV funcione neste contexto de maneira análoga a como funcionaba a relación do Bloque de antes de 1982 con HB naquel momento ¿verdade? *¡Que bien!* Iso chámase abusar da falta de información da cidadanía e da falta de nivel de cultura política, moitas veces, que se adquire, porque tamén os poderes mediáticos fan o que fan, e sabémolo todos.

A min non me gusta xogar a debates trucados, e punto. ¿Está claro? Entón, a min o que me interesa é que neste país hai un novo escenario político-institucional que non ten nada que ver co de antes, que non ten por que levar correlativamente a que desapareceran as posicións taxativas ideolóxicas, políticas e programáticas de cada unha das forzas políticas. Hai temas cruciais, e eu o que quero dicir é que cando se trata, por exemplo, da iniciativa sobre a pesca, calquera grupo político parlamentario aquí o que ten que saber é se está a favor diso ou facendo os cálculos de qué beneficios/custo lle pode producir no curto prazo.

¡Claro!, e quen di iso fala tamén do tema das universidades. Aquí fálase moito do tema das universidades. Eu coñezo a posición de máis dun equipo rectoral na universidade que está no proceso de diálogo e, curiosamente, resulta que din que quen realmente puxo a carne no asador porque arriscaba foi o Bloque, sen demérito do Goberno da Xunta e do seu presidente –e xa o dixeran antes–. ¿Por que? Moi simple: porque se vimos aquí dicir que facer diálogo institucional é converterse en oposición submisiva –¡manda truco, o Bloque

oposición submisiva!–, a historia enteira... ¡O Bloque, que non di que a globalización ten os seus máis e os seus menos –foi o que dixemos claramente–! A globalización non é só un fenómeno económico, un fenómeno ideolóxico...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ... político, etc., e ademais está encarnada por unha maneira de exercer o poder do imperio que se chama George Bush. ¡Xa me gustaría a min que o Partido Socialista Obrero Español se posicionase así de rotundamente nas Cortes do Estado ante esa política, ou, por exemplo, sobre a ameaza de guerra con Iraq! ¡Xa me gustaría a min! Así estamos claros. ¡Claro!, ¡falemos claro, perfectamente claro! (*Protestas nos escanos do Grupo Parlamentarios dos Socialistas de Galicia.*)

Ben, señor Fraga, vou rematar.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor BEIRAS TORRADO: Evidentemente que estamos ao remate do primeiro ano dunha lexislatura que dura catro anos. Estamos a tempo de que este Goberno, que ten a responsabilidade de gobernar durante catro anos, teña en conta que nese debate de interlocución entre contrarios a dialéctica de tese, antítese e síntese pode dar lugar a que sexan asumidas determinadas cousas que permitan abordar sobre todo temas urxentes que non poden agardar a que dentro de catro anos outros gañemos as eleccións e gobernemos. ¡Está claro! É a “ruda adversidade urxente” da que falaba Eduardo Pondal nun poema e que eu puxen diante, na cabeceira, no meu libro *O atraso económico da Galiza* hai vintecinco anos. Esa é a cuestión.

Por iso falo de patriotismo, porque nós non andamos a ver se nadamos e gardamos a roupa, ou a ver se determinada interpelación, se determinadas posicións e determinadas palabras poden dar lugar a que nos resten non sei cántos votos. Eu nunca loitei en política para coller votos como tales, sempre traballei en política para un proxecto político; e, naturalmente, democraticamente ese proxecto só pode avanzar nas institucións se ten os votos. ¡Naturalmente! Impórtame tanto como a calquera...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Non estou disposto de ningunha maneira a que, por cuestións de pitoñez na visión de cáil é a situación deste país, en lugar de facermos o que se fai nos estados civilizados –que tanto nos mostran por aí, sexa o Estado alemán, sexa o Estado español, cando o é, sexa o Estado francés, sexa o Estado británico– cando hai cuestións que son de Estado, non sexamos aquí capaces de facer o que realmente o BNG pensa: que Galiza necesita institucións políticas propias. Isto ten que ser o xérmolo dun aparato de Estado galaico, naturalmente sen romper nada. E dáme igual que se lle chame a iso rexionalismo ou nacionalismo; dáme igual. Eu non vou entrar nunca nunha política nominalista. Está claro que nós o que queremos é que Galiza se autogoberne, que exercite a súa cidadanía, e os dereitos non só individuais, senón tamén colectivos, que a exercite en lexitima defensa, para empezar, e que iso, polo tanto, estea por riba de calquera outra cousa cando se trata deses temas. E non, naturalmente, que nos deamos aquí dialecticamente labazadas –ou todo o que faga falta– en todas aquelas cuestións que non poñen en perigo a credibilidade das institucións políticas galegas ante a propia cidadanía, que pode moitas veces chegar a pensar, como escoitamos tantas veces: “Todos os políticos sodes iguais ¿verdade?” ¿Por que? “Porque a ver se vos poñedes de acordo para resolver este problema”. Os mariñeiros diciannolo a nós cando foron os problemas en Marrocos co banco sahariano, os labregos dínnolo, e así sucesivamente. Nisto é no que me parece en qué consiste a posición que eu estou a manter aquí. Naturalmente que para iso...

Señor presidente –e remato–, eu, de vostede, remudaría polo forro a composición actual da Xunta, pero non llo vou pedir porque non estou nunha moción de censura.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Réplica do señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, non é o meu propósito, naturalmente, entrar nas complexas cuestións plantexadas brillantemente polo voceiro do Bloque Nacionalista Galego, pero si quero dicir con toda claridade –porque dalgunha maneira hai que rematar– que: primeiro, o diálogo é conveniente en toda situación política, pluralista e democrática. Segundo, non implica ningunha clase de submisión nin de prepotencia. É unha forma de face-las cousas máis civilizada ca outras. Terceiro, para que os resultados democráticos sexan considerados como tales –e digo isto porque se fixo unha comparación coas eleccións vascas– é necesario que se produzan nun ambiente adecuado, no cal ningún tema pola súa vida, segundo o que diga, o que vote ou o que faga; circunstancia que alí, infelizmente, polo de agora non se dá.

Quero dicir que estes días houbo nunhas marabillosas terras de España, o País Vasco –chámome Iribarne–, Cataluña –que non hai que dici-la importancia que ten no ámbito europeo e universal, ademais de español– e Galicia... Eu penso que sería bo que do noso debate todo o mundo saíse tan tranquilo como nós entramos, e penso que saímos. Non estou seguro de que do discurso do señor Ibarretxe e, mesmo dalgúns parágrafos do do señor Pujol, a consecuencia sexa a mesma.

Moitas gracias, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor presidente.

Os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de resolución ata as doce da mañá, que é día 9, no Rexistro Xeral da Cámara. Unha vez esgotado o prazo, a Mesa procederá á cualificación e á distribución ós grupos de tódalas propostas admitidas para o seu estudio antes de que se retome a sesión.

Agora suspéndese a sesión ata mañá ás catro e media da tarde.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta minutos da tarde.

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN**

PROVINCIA DA CORUÑA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Jaime Alberto Pita Varela
- 3.- Fernando Rodríguez Corcoba
- 4.- Marta Álvarez Montes
- 5.- Elisa Madarro González
- 6.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 7.- Miguel Ángel Reviejo Ares
- 8.- Manuel Santos Ruíz Rivas
- 9.- Fernando Amarelo de Castro
- 10.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 11.- Jesús María Fernández Rosende
- 12.- Manuel López Outeiral

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Xesús Manuel Veiga Buxán
- 4.- Xosé Díaz Díaz
- 5.- Domingos Merino Mejuto
- 6.- María Tereixa Novo Arrojo

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- José Luis Méndez Romeu
- 2.- Miguel Cortizo Nieto
- 3.- Natividad González Laso
- 4.- Francisco Cerviño González
- 5.- María Soledad Soneira Tajés
- 6.- Francisco Sineiro García

PROVINCIA DE LUGO

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- José María García Leira
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- Sergio López García
- 5.- María Jesús Tapia Fernández
- 6.- Susana López Abella
- 7.- Victoria Eugenia López Díaz
- 8.- Manuel Díaz Vázquez
- 9.- Remedios Castedo Carballo

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Ricardo Varela Sánchez
- 2.- Ismael Rego González
- 3.- Margarita Pérez Herraiz

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Inmaculada Rodríguez Cuervo
- 2.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 3.- Roberto Castro García
- 4.- José Manuel Baltar Blanco
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Maximino Rodríguez Fernández
- 7.- Cástor Gago Álvarez
- 8.- María Josefa Caldelas Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Laura Seara Sobrado
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Manuel Luis Rodríguez González

POVINCIA DE PONTEVEDRA**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Xosé Cuiña Crespo
- 2.- Enrique César López Veiga
- 3.- Marisol Bueno Berrio-Atehortua
- 4.- Xesús Palmou Lorenzo
- 5.- Beatriz González Loroño
- 6.- María Corina Porro Martínez
- 7.- Ramón Sestelo Fernández
- 8.- Juan Pedrosa Vicente
- 9.- Pilar Rojo Noguera
- 10.- Juan Manuel Casares González
- 11.- María Pilar Ramallo Vázquez
- 12.- Paula Janza Muñiz

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Emilio Pérez Touriño
- 2.- Dolores Villarino Santiago
- 3.- Antón Louro Goyanes
- 4.- Modesto Pose Mesura
- 5.- Carmen Gallego Calvar



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727